

PLAN DE ACTUACIÓN 2026

ISSGA



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



INTRODUCCIÓN.....	5
NATUREZA, OBXECTIVOS, VIXENCIA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	6
RECURSOS HUMANOS, ECONÓMICOS E AVALIACIÓN DO PLAN.....	8
ACTUACIÓNS A REALIZAR: EIXES E FICHAS DE ACTIVIDADE.....	10
EIXE 1: ÓRGANO TÉCNICO EN PRL E PST E PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS.....	11
OP 1. 1 Consolidar o papel do ISSGA como órgano técnico de referencia en PRL e PST.....	12
1.1.1. ÓRGANO TÉCNICO: ESTADO DA CIENCIA, ASESORAMENTO NA NORMATIVA, PARTICIPACIÓN NOUTRAS ESTRATEGIAS, EXECUCIÓN EN GALICIA DO PLAN DE ACCIÓN 2025-2027 DA EESST E CONSECUCIÓN DOS ODS.....	12
1.1.2. TRANSPARENCIA, XESTIÓN ADMINISTRATIVA, ECONÓMICO-ORZAMENTARIA E DE PERSOAL.....	16
1.1.3. INSTRUCCIÓN INTERNAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN. SISTEMA INTEGRAL DAS ACTUACIÓNS TÉCNICAS (SESAL). IDENTIDADE CORPORATIVA.....	17
1.1.4. FORMACIÓN INTERNA PARA ACTUALIZACIÓN TÉCNICA E NORMATIVA.....	19
1.1.5. LABORATORIO DE REFERENCIA DE HIXIENE ANALÍTICA.....	21
OP. 1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo.....	23
1.2.1. OBRIGAS RELACIONADAS CO CONSELLO REITOR.....	23
1.2.2. PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS E RESPOSTA ÁS SÚAS DEMANDAS TÉCNICAS.....	24
1.2.3. COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NAS POLÍTICAS DE PRL.....	25
1.2.4. COMISIÓN TÉCNICA DE PRL NO SECTOR NAVAL.....	27
EIXE 2: OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABALLO, INVESTIGACIÓN E ACTUACIÓNS DE COLABORACIÓN.....	29
OP 2.1 Observatorio.....	31
2.1.1. OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABALLO.....	31
2.1.2. OGCT: TRAMITACIÓN DOS PARTES DE AT E SEGUIMENTO DAS COMUNICACIÓNS DE EP E DAS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO.....	32
2.1.3. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE OS ACCIDENTES DE TRABALLO	34
2.1.4. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE AS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E AS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO.....	36
OP 2.2 Investigación da sinistralidade laboral.....	38
2.2.1. INVESTIGACIÓN DE AT.....	38
2.2.2. INVESTIGACIÓN DE ATNT POR CAUSA CARDIOVASCULAR OU CEREBROVASCULAR.....	40
2.2.3. INVESTIGACIÓN DE EP E DE ENFERMIDADES CAUSADAS OU AGRAVADAS POLO TRABALLO.....	42
OP 2.3 Actuacións comprobatorias e de asistencia técnica.....	44
2.3.1. ACTUACIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO HABILITADO.....	44
2.3.2. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE LABORAL E Á ORGANISMOS DE SEGURIDADE SOCIAL.....	46
2.3.3. ASISTENCIA TÉCNICA Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL (ITSS).....	48
2.3.4. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE SANITARIA.....	49
2.3.5. ACTUACIÓNS PARA A AUTORIDADE XUDICIAL E FISCALÍA.....	51
2.3.6. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (SPRL).....	52
EIXE 3: PROGRAMAS POR RISCOS ESPECÍFICOS E NOVOS ESCENARIOS.....	54
OP 3.1 Protección eficaz fronte a riscos específicos.....	56
3.1.1. PROTECCIÓN EFICAZ NO CAMIÑO CARA A UN FUTURO SEN AMIANTO. IDENTIFICACIÓN E XESTIÓN DOS MCA NOS LUGARES DE TRABALLO. ASESORAMENTO A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.....	56
3.1.2. XESTIÓN E COMPROBACIÓN DOS TRABALLOS CON RISCO POR AMIANTO.....	59
3.1.3. ASESORAMENTO PARA MELLORAR A IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN ESPECÍFICA DO RISCO QUÍMICO NAS EMPRESAS.....	61
3.1.4. MAPA DE RISCO QUÍMICO.....	63



3.1.5. MANIPULACIÓN SEGURA DE PRODUTOS COSMÉTICOS.....	65
3.1.6. PORTAL DO ISSGA: TRABALLO SEGURO CON NANOMATERIAIS.....	67
3.1.7. PARTICIPACIÓN NA AXENDA NACIONAL PARA A PREVENCIÓN DO CÁNCER DE ORIXE PROFESIONAL E DE MAIS ACTUACIÓNS FRONTE A AXENTES CANCERÍXENOS, MUTÁXENOS E REPRODUTÓXICOS.....	69
3.1.8. ANÁLISE DA XESTIÓN E CARACTERIZACIÓN DO RISCO DE EXPOSICIÓN Á SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE.....	71
3.1.9. RADON NO ÁMBITO LABORAL.....	73
3.1.10. SEGURIDADE VIARIA LABORAL.....	76
OP 3.2 Riscos derivados da nova realidade laboral.....	77
3.2.1. LABORATORIO DE RISCOS PSICOSOCIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS DO ISSGA NO CUIDADO DA SAÚDE MENTAL.....	77
3.2.2. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS.....	79
3.2.3. RISCOS ERGONÓMICOS E PREVENCIÓN DOS TME.....	81
3.2.4. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS ERGONÓMICOS.....	83
3.2.5. IGUALDADE LABORAL.....	84
3.2.6. XESTIÓN DA IDADE E DA DIVERSIDADE XERACIONAL.....	86
3.2.7. TRABALLOS SEGUROS E SAUDABLES NA ERA DIXITAL.....	87
3.2.8. RISCOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN ECOLÓXICA E CLIMÁTICA. PANEIS SOLARES. TEMPERATURAS EXTREMAS E TRABALLO.....	88
3.2.9. UNIDADES DE REFERENCIA EN PRL: NOVAS FORMAS DE TRABALLO E DE RESPONSA ANTE POSIBLES CRISES DE SAÚDE FUTURAS.....	90
3.2.10. REDE INTERTERRITORIAL DE SST: GRUPOS DE TRABALLO.....	91
EIXE 4: PROGRAMAS POR SECTORES E POR COLECTIVOS.....	93
OP 4.1 Actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade.....	94
4.1.1. PLAN DE CHOQUE ANTE OS ACCIDENTES RECORRENTES E AS SITUACIÓNS DE RISCO QUE SE MANTENEN NO TEMPO	94
4.1.2. CONSTRUCCIÓN E AFÍNS.....	96
4.1.3. PLAN DE GRANDES OBRAS E OBRA CIVIL.....	98
4.1.4. SECTOR FORESTAL, ACTIVIDADE DE SILVICULTURA. INDUSTRIA MADEIREIRA.....	100
4.1.5. SECTOR AGRARIO E GANDEIRO.....	102
4.1.6. PESCA E AFÍNS.....	103
4.1.7. INDUSTRIA.....	105
4.1.8. PRL NA ACTIVIDADE DE XESTIÓN DE RESIDUOS.....	107
4.1.9. SERVIZOS.....	108
4.1.10. MONTAXE E DESMONTAXE DE EVENTOS E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES.....	109
OP 4.2 Reforzo da protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensíbles, dos colectivos vulnerables e do emprego autónomo.....	110
4.2.1. PERSOAS TRABALLADORAS ESPECIALMENTE SENSÍBLES.....	110
4.2.2. SECTORES E ACTIVIDADES ECONÓMICAS FEMINIZADOS OU CON ALTA PRESENZA DE MULLERES.....	112
4.2.3. ASESORAMENTO TÉCNICO E COLABORACIÓN CON COLECTIVOS DE MARISCADORAS E REDEIRAS PARA A PRL E PST	114
4.2.4. PROTECCIÓN DA MATERNIDADE NO ÁMBITO LABORAL.....	115
4.2.5. PERSOAL CUIDADOR DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR.....	116
4.2.6. PROMOCIÓN DA PRL NAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS.....	117
EIXE 5: FORMACIÓN, INFORMACIÓN TÉCNICA E SENSIBILIZACIÓN EN PRL.....	119
OP 5.1 Campañas para a difusión do coñecemento técnico.....	120
5.1.1. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN E DE REDUCCIÓN DA SINISTRALIDADE.....	120
OP 5.2 Fortalecer a información, a formación e o asesoramento técnico.....	130
5.2.1. OFERTA FORMATIVA.....	130
5.2.2. CURSOS POR CONCELLOS CON VISIÓN EMINENTEMENTE PRÁCTICA EN ACTIVIDADES.....	132
5.2.3. CURSOS ESPECÍFICOS PARA A PREVENCIÓN DAS EP: CUIDADO DA VOZ E OUTROS A DEMANDA.....	133
5.2.4. ALERTAS ISSGA, ESTUDOS E PUBLICACIÓNS.....	134



5.2.5. RESPONSTA TÉCNICA ÁS DEMANDAS QUE SE FORMULEN EN PRL E PST.....	135
OP 5.3 Concienciación e sensibilización da sociedade galega en SST. Creación de rede de alianzas.....	136
5.3.1. ESCOLA GALEGA DE PREVENCIÓN E ESPAZO DAS DISCIPLINAS PREVENTIVAS.....	136
5.3.2. AULA DE PREVENCIÓN DE RISCO ELÉCTRICO.....	137
5.3.3. SENSIBILIZACIÓN E APRENDIZAXE NA FORMACIÓN PROFESIONAL.....	138
5.3.4. COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES. ROTACIÓN MIR E EIR E PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS MESTRADOS DE PRL.....	140
5.3.5. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN EN PRL NOS OBRADOIROS DE EMPREGO.....	142
5.3.6. XERACIÓN DE CONCIENCIA PREVENTIVA. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL.....	143
EIXE 6: PST E BENESTAR LABORAL.....	145
OP 6.1. Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde integral das persoas nos lugares de traballo.....	146
6.1.1. PROXECTOS DE PST: GUÍA CLAVES ISSGA SAÚDE INTEGRAL E BENESTAR LABORAL NA PEME.....	146
6.1.2. PARTICIPACIÓN NO COMITÉ NACIONAL DE VERIFICACIÓN DE EMPRESAS SAUDABLES.....	148
6.1.3. ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA REDE ESPAÑOLA DE EMPRESAS SAUDABLES.....	150
6.1.4. BENESTAR EMOCIONAL.....	152
6.1.5. PARTICIPACIÓN NAS ESTRATEXIAS DE SANIDADE: PLAN INSPIRA SAÚDE E PLAN OBESIDADE ZERO E OUTRAS ACCÍONS EN COLABORACIÓN.....	154
ANEXO I: PREVISIÓN DE RECURSOS MATERIAIS, HUMANOS E ECONÓMICOS QUE SE EMPREGARÁN NAS DISTINTAS ACTIVIDADES.....	156



INTRODUCCIÓN

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. De acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, configúrase como un órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo (en adiante SST).

Consonte a dita normativa, o ISSGA desenvolve a súa actuación mediante un plan anual, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos seus fins e desenvolver as funcións que lle son propias, no marco da estratexia que nesta materia adoptan os poderes públicos de Galicia.

O 2026 será o terceiro ano completo de execución da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 (ESSTG27) que, co consenso dos axentes sociais, configúrase no instrumento a medio prazo das políticas de PRL e PST na procura da redución da sinistralidade laboral nun momento de profunda transformación do mundo do traballo. Neste mesmo ano hai que unir tamén a parte de execución que corresponda do Plan de acción 2025-2027 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 (EESST). Por outra banda, por mor do 30 aniversario da LPRL no Consello de Ministros, do pasado 11 de novembro, apróbase a declaración do ano 2026 como “Ano da seguridade e saúde no traballo”.

Así, é **obxecto** do plan anual o deseño e a priorización de accións e medidas que se dirixen á promoción, asesoramento técnico, formación, información e seguimento e control en materia de SST, na execución da vixente estratexia galega para o 2026.

Para a consecución dese obxectivo, este documento de planificación ten unha dobre finalidade:

- Por unha banda, servir de guión para a execución das funcións e desenvolvemento das actividades técnicas.
- Pola outra, dar a coñecer coa máxima transparencia a todas as persoas e entidades interesadas a planificación das actividades e mesmo a busca de actores que se sumen a estas actuacións.

No plan de actuación e neste documento de fichas de actividade distínguense iniciativas novas que teñen unha duración limitada no tempo, que pode ser anual ou, nalgúns casos plurianual; outras que supoñen a continuación de actividades iniciadas en anos anteriores, e outras que constitúen actuacións de carácter permanente do ISSGA de acordo coas funcións que ten encomendadas segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos e, a medio prazo, no marco da estratexia galega.

Son **elementos** do Plan de actuación disgregado por estas fichas de actividade:

- A definición dos obxectivos e resultados que se deben acadar.
- A asignación ás distintas unidades de desenvolvemento dos programas previstos.
- A vinculación coa ESSTG27.
- Os recursos persoais, materiais e orzamentarios para a súa execución.



Esta planificación deuse a coñecer na reunión do órgano colexiado superior de goberno do ISSGA que tivo lugar o día 4 de decembro de 2025, segundo consta na acta da devandita xuntanza. Ao abeiro do artigo 36 dos estatutos, **o Plan de actuación será aprobado, por proposta do Consello Reitor, por orde da consellería competente en materia de traballo, dentro do marco da súa estratexia plurianual, contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda, consonte ao establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.** O plan publicarase e estará accesible para a súa consulta na web do ISSGA e no portal de transparencia da Xunta de Galicia.

NATUREZA, OBXECTIVOS, VIXENCIA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Natureza xurídica: o ISSGA é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, que se configura como un órgano técnico-científico en materia de SST e PST, adscrito á consellería competente en materia de traballo, que é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A misión do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nestas materias establezan os poderes públicos de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo. Todo isto de xeito coordinado coas autoridades laboral, sanitaria e mineira, así como con outras unidades directivas da Xunta de Galicia, e maila participación activa no seu deseño e execución dos interlocutores sociais de Galicia.

Respecto á **diagnose actual da entidade** neste momento é moi importante sinalar a vixencia da ESSTG27 que recolle as liñas de actuación e medidas a medio prazo das que o ISSGA será o principal executor. Tamén é relevante o cumprimento que corresponde a Galicia durante o 2026 do Plan de acción 2025-2027 da estratexia española nesta materia e todo o marco europeo que se está a desenvolver na actualidade, especialmente ao referente aos danos para a saúde da poboación traballadora que poidan derivarse das transicións ecolóxica, social e dixital. Tamén sinalar, a efectos internos, que no 2026 e unha vez resoltos nos anos anteriores os procesos selectivos que deron lugar á ocupación de todas as prazas por funcionarios de carreira das escalas superior e técnica de saúde laboral e nas escalas superior e técnica de seguridade e saúde no traballo, procederase e modificar a relación de postos de traballo co obxectivo da súa adaptación aos cambios no mercado no traballo e a poder ofertar as prazas vacantes, especialmente por xubilacións. Finalizada a renovación de todo o parque móbil do ISSGA acometeranse, ademais das reformas e obras que sexan necesarias nos centros territoriais, actuacións dirixidas ao impulso da dixitalización, tanto na formación interna como para dispoñer desas ferramentas no Instituto e facilitar a súa integración na xestión da PRL. E, por último, deseñar un plan de formación interno e de oferta formativa ao ecosistema de SST e PST dirixido a xerar e impartir coñecemento técnico e especializado nas distintas disciplinas preventivas. As transformacións e os cambios que se recollen na nova estratexia galega, aínda que difíciles, deben verse como unha fortaleza para prestar un servizo público especializado e adecuado ás demandas no ámbito laboral por este instituto técnico-científico. Destacar tamén a importante coordinación a nivel



nacional, a través da Rede Interterritorial de SST (RISST) e a participación en grupos de traballo para afrontar os novos escenarios e os riscos derivados das transicións.

OE 1 Reforzar o compromiso, a especialización técnica e a participación en materia de SST

- OP 1.1 Consolidar o papel do ISSGA como órgano técnico de referencia en PRL e promoción da saúde no traballo (nivel medio)
- OP. 1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo (nivel alto)

OE 2 Mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade laboral

- OP 2.1 Observatorio (nivel alto)
- OP 2.2 Investigación da sinistralidade laboral (nivel alto)
- OP 2.3 Actuacións comprobatorias e de asistencia técnica (nivel medio)

OE 2 Mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade laboral/ OE 3 Afrontar os riscos laborais derivados dos novos escenarios no traballo

- OP 3.1 Protección eficaz fronte a riscos específicos (nivel medio)
- OP 3.2 Riscos derivados da nova realidade laboral (nivel medio)

OE 4 Atender as necesidades dos colectivos que precisan dunha especial protección pola súa vulnerabilidade, os seus riscos ou a súa sinistralidade

- OP 4.1 Actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade (nivel alto)
- OP 4.2 Reforzo da protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles e dos colectivos vulnerables (nivel alto)

OE 5 Xerar e compartir coñecemento especializado en PRL a través da sensibilización, o asesoramento técnico e a formación

- OP 5.1 Campañas para a difusión do coñecemento técnico (nivel medio)
- OP 5.2 Fortalecer a información, a formación e o asesoramento técnico (nivel alto)
- OP 5.3 Concienciación e sensibilización da sociedade galega en SST. Creación de rede de alianzas (nivel medio)

OE 6 Potenciar accións para a promoción da saúde no traballo e a consecución do benestar laboral

- OP 6.1. Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde integral das persoas nos lugares de traballo (nivel medio)

Ao abeiro do disposto nos artigos 4, 5 e 6 dos estatutos do ISSGA, os obxectivos para o 2026 correspóndense cos **obxectivos estratéxicos (OE)** e os seus **obxectivos operativos (OP)** clasificados en tres niveis (alto, medio e baixo) en función do seu grado de importancia ou o seu impacto para a organización na consecución dos obxectivos estratéxicos.

Son **principios informadores** para a consecución destes obxectivos os seguintes: os principios da acción preventiva, a perspectiva de xénero e igualdade laboral, a prioridade de actuacións destinadas a pemes, a promoción da seguridade e saúde no traballo autónomo, a participación dos interlocutores sociais e a rede de alianzas.



A **vixencia** deste Plan de actuación e das súas fichas de actividade prolongarase durante todo o ano 2026. De ser o caso, prorrogándose de forma tácita ata a aprobación e entrada en vigor do seguinte plan.

O ámbito de actuación do Instituto abrangue a todas as empresas e á totalidade de traballadores e traballadoras respecto dos centros de traballo radicados en Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo, así como á sociedade galega en xeral. Así mesmo, actividades de promoción no emprego autónomo, e unha especial atención ás pequenas e medianas empresas.

RECURSOS HUMANOS, ECONÓMICOS E AVALIACIÓN DO PLAN

Recursos humanos: para o desenvolvemento deste plan o ISSGA conta cos seguintes:

CENTRO DE TRABALLO	Nº POSTOS RPT	Nº POSTOS OCUPADOS
Santiago de Compostela (sede central)	20	16
Centro territorial da Coruña	34	26
Centro territorial de Lugo	18	13
Centro territorial de Ourense	16	13
Centro territorial de Pontevedra	37	28
Total	125	99

No ano 2026 xa se conta coa totalidade do persoal técnico nas distintas disciplinas preventivas como funcionario de carreira, xa que tomaron posesión nas 54 prazas ofertadas as persoas que superaron o proceso selectivo por concurso-oposición que rematou no 2024 e na escala de saúde no 2023.

O Instituto dispón de **12 prazas de persoal técnico habilitado**, segundo o regulado no Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.

Así mesmo, o persoal técnico do Instituto realiza **gardas de presenza localizada durante as 24 horas**, ao abeiro do Protocolo de coordinación asinado coa Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

Recursos económicos: para o **ano 2026** son os consignados no estado de gastos do proxecto da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para este ano e que ascende a 7.922.515 €. A súa disgregación por capítulos é a seguinte:



Capítulo	Orzamento ISSGA 2026
Capítulo I	6.417.011 €
Capítulo II	1.023.603 €
Capítulo VI	481.901 €
Total	7.922.515 €

Súmanse os ingresos derivados dos servizos prestados polo laboratorio de hixiene analítica de conformidade co establecido na ORDE do 24 de febreiro de 2012 pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas no laboratorio de hixiene analítica do ISSGA.

Todo o anterior de conformidade co artigo 48 Recursos económicos do Decreto 165/2014, de 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA.

No anexo I recóllese a previsión de recursos materiais, humanos e económicos que se empregarán nas distintas actividade deste plan.

Procedemento para a cobertura de hipotéticos déficits: de producirse un déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este será corrixido, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento, mediante a minoración dos créditos orzamentarios dos gastos da entidade que esta considere máis axeitados, de acordo coas súas necesidades de execución orzamentaria polo importe correspondente, e que garantan o equilibrio económico-financeiro.

Réxime de control: a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece no seu artigo 73 un control de eficacia dispoñendo no seu parágrafo primeiro que os organismos autónomos están sometidos a un control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación, que será exercido pola consellería de adscrición e pola unidade administrativa con competencias en avaliación e reforma administrativa.

No parágrafo segundo do mesmo artigo sinálase que o control de eficacia ten por obxecto comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados aos organismos autónomos e a adecuada utilización dos recursos que lles fosen asignados para a consecución destes obxectivos, así como unha continua avaliación do cumprimento dos fins previstos na creación da citada entidade pública instrumental.

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación do plan: ademais do control de eficacia establecido no artigo 73 da LOFAXGA, elaboraranse informes parciais de resultado e un informe final da avaliación de cumprimento de actuacións, das que se dará conta ao Consello Reitor. Anualmente elabórase pola Xerencia, de conformidade co artigo 22.1.h dos Estatutos, o informe anual de actividades para a súa aprobación polo Consello Reitor e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para o exercicio do control parlamentario.



ACTUACIÓNS A REALIZAR: EIXES E FICHAS DE ACTIVIDADE

Os seguintes eixes agrupan unha serie homoxénea de actividades dos distintos ámbitos de actuación do ISSGA. As fichas de actividade son a identificación práctica da execución das funcións do ISSGA, onde se explica a descrición da actividade, as actuacións que a compoñen, o órgano ou órganos responsables da súa execución, a área técnica do Instituto na que se integra, e a relación da actividade coas medidas da estratexia galega neste ámbito. Todas as actuacións recollidas vincúlanse co obxectivo, liña de actuación e medida que corresponde na Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027.

Así, as principais actuacións a desenvolver polo ISSGA durante o ano 2026 intégranse nos 6 seguintes eixes, cun total de 75 fichas de actividade:

EIXE	Nº FICHAS ACTIVIDADE
1. ÓRGANO TÉCNICO EN PRL E PST E PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS	9
2. OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABALLO, INVESTIGACIÓN E ACTUACIÓNS DE COLABORACIÓN	13
3. PROGRAMAS POR RISCOS ESPECÍFICOS E NOVOS ESCENARIOS	20
4. PROGRAMAS POR SECTORES E POR COLECTIVOS	16
5. FORMACIÓN, INFORMACIÓN TÉCNICA E SENSIBILIZACIÓN EN PRL	12
6. PST E BENESTAR LABORAL	5
Total	75



EIXE 1: ÓRGANO TÉCNICO EN PRL E PST E PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS

O ISSGA configúrase como o órgano técnico-científico encargado de executar e coordinar as políticas públicas en SST e PST contempladas na ESSTG27 e tamén no Plan de acción 2025-2027 da estratexia española, así como noutros programas autonómicos da Xunta de Galicia.

Unha nota característica do Instituto é a participación activa das organizacións sindicais e empresarial galega, destacando a interlocución cos seus gabinetes técnicos de PRL.

Neste eixe contémpanse tamén actuacións de carácter interno do Instituto, dirixidas á obtención da máxima eficacia e eficiencia funcional e de resultado para unha adecuada prestación dos servizos, co fin de acadar unha mellora continua no seu funcionamento.

Este eixe, que principalmente acada o cumprimento do **OE 1 Reforzar o compromiso, a especialización técnica e a participación en materia de SST**, divídese en **2 obxectivos operativos e 9 fichas de actividade**:

OP 1.1 Consolidar o papel do ISSGA como órgano técnico de referencia en PRL e PST

- 1.1.1. Órgano técnico: estado da ciencia, asesoramento na normativa, participación noutras estratexias, execución en Galicia do Plan de acción 2025-2027 da EESST e consecución dos ODS
- 1.1.2. Transparencia, xestión administrativa, económico-orzamentaria e de persoal
- 1.1.3. Instrucións internas e protocolos de actuación. Sistema integral das actuacións técnicas (Sesal). Identidade corporativa
- 1.1.4. Formación interna para actualización técnica e normativa
- 1.1.5. Laboratorio de referencia de hixiene analítica

OP. 1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo

- 1.2.1. Obrigas relacionadas co Consello Reitor
- 1.2.2. Participación activa dos Interlocutores sociais e resposta ás súas demandas técnicas
- 1.2.3. Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL
- 1.2.4. Comisión Técnica de PRL no sector naval



OP 1. 1 Consolidar o papel do ISSGA como órgano técnico de referencia en PRL e PST

1.1.1. ÓRGANO TÉCNICO: ESTADO DA CIENCIA, ASESORAMENTO NA NORMATIVA, PARTICIPACIÓN NOUTRAS ESTRATEXIAS, EXECUCIÓN EN GALICIA DO PLAN DE ACCIÓN 2025-2027 DA EESST E CONSECUCIÓN DOS ODS

DESCRICIÓN

Como órgano técnico-científico o ISSGA executa e coordina as políticas de SST da Xunta de Galicia, sendo o principal executor da ESSTG27. Participa noutras estratexias galegas e no plan de acción da vixente estratexia española. Presta asesoramento técnico na elaboración e reforma da normativa nesta materia. Participa activamente en grupos de traballo que pretenden dar respostas técnicas a problemáticas de riscos concretas, promover novas dinámicas e propiciar as necesarias reformas técnicas e/ou normativas e, en xeral, xerar, transmitir e compartir coñecemento técnico nos distintos aspectos da PRL e a PST.

ACTUACIÓNS

1. Órgano técnico transversal da Xunta de Galicia en materia de SST e PST:

- A.** Execución da ESSTG27 a través do plan de actuación 2026: obxectivos estratéxicos, liñas de actuación e medidas, tendo en conta os seus principios informadores, así como as fontes que constitúen tanto a EESST como o marco europeo.
- B.** Participación na execución do Plan de acción 2025-2027 da EESST.
- C.** Participación na Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST) e nos grupos de traballo desta rede.
- D.** Elaboración do informe final de actividades do ISSGA do ano 2025.
- E.** Participación noutros plan e estratexias da Xunta de Galicia: Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, Axenda de impulso da minaría sustentable 2030, Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27, Estratexia Galega de RSE 2023-2025, Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2023-2027, Plan Inspira Saúde. Plan galego de actuación multidisciplinar en tabaquismo 2023-2027, Plan Obesidade Zero en Galicia, Estratexia galega reduce radon, Plans directores 2025-2027 de automoción e construción naval, Borradores dos Plans directores de alimentación, loxística, TIC e forestal, e outros.

2. Asesoramento técnico para a elaboración e a reforma da normativa en materia de SST:

- A.** Emitir os informes que se soliciten ao ISSGA nos procedementos de elaboración ou reforma da normativa en materia de SST, así como dar resposta a posibles alegacións e suxestións en propostas de normativa que se trasladen ao ISSGA para tal fin, función propia do ISSGA segundo o indicado no artigo 4 e) da Lei 14/2007.



- B.** Participar nos grupos de traballo existentes no seo da CNSST, así como nos restantes grupos de traballo, coas funcións que teñan atribuídas relacionadas coa proposta de elaboración ou de reforma da normativa a nivel estatal de PRL, segundo o previsto na normativa de aplicación.

3. Grupos de traballo técnicos e estado da ciencia:

Identificar estudos e actuacións innovadoras e relevantes no eido da SST e priorizar a actuación sobre as temáticas identificadas.

Formar parte, mediante a designación de persoal técnico do ISSGA, dos seguintes grupos de traballo que se estruturan a nivel galego, interautonómico e estatal:

A. Propios do ISSGA

- Planificación e seguimento da oferta formativa do ISSGA
- Seguimento do sistema informático de xestión integral das actuacións técnicas do ISSGA (Sesal)
- Investigación de accidentes de traballo
- Investigación de enfermidades profesionais e de sospeitas de EEPP
- Persoal técnico habilitado
- Coordinación nos procedementos e comprobacións nos traballos con exposición a amianto
- Sector forestal
- Nanomateriais
- Mapa de risco químico
- Risco de caída en altura por superficies fráxiles, paneis solares, etc.
- Análise dos novos riscos para dar resposta preventiva e desenvolvemento das estratexias
- Planificación anual e seguimento periódico da actividade do ISSGA
- Proposta para Laboratorio por parte do Issga en materia de riscos psicosociais e PST

B. Consello Galego de Seguridade e Saúde no traballo, e diante CGSSL

- Amianto
- Sílice cristalina respirable
- Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral por detectarse posibles demandas ou para a priorización de campañas.

C. Autonómicos

- Enfermidades profesionais, sospeita de enfermidades profesionais e estudos epidemiolóxicos, coa autoridade sanitaria.
- Equipo de valoración de Vítimas de Amianto
- Consello Minería Galicia
- Consello Galego de Seguridade Industrial
- Mesa da FEGAMP para a elaboración do protocolo para a prevención e actuación ante situacións de violencia externa no servizo de axuda no fogar (SAF)

D. Entre órganos técnicos en SST en distintas CCAA



- Continuar coa colaboración en distintas materias de investigación, estudos e asesoramento preventivo en actividades, riscos ou colectivos comúns para un traballo conxunto cos institutos de Asturias (IAPRL), Cantabria (ICASST) e País Vasco (Osalan) e de ser o caso, con outros institutos autonómicos, entre outros, recurso preventivo, no sector da pesca e no encontro de redeiras, mariscadoras e outros colectivos afíns.

E. Estatais

1. CNSST

Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (subgrupo da Axenda nacional para a prevención do cancro de orixe profesional), amianto, traballadores autónomos, construción, valores límite, sector agrario (subgrupos forestal, EP e de seguimento e propostas), seguridade viaria laboral, educación e formación e sector marítimo pesqueiro (subgrupo EP), notificación e rexistro de AT, sílice cristalina respirable, riscos psicosociais e saúde mental, TME e transicións dixital, ecolóxica e demográfica (subgrupos transición dixital e transición demográfica).

2. RISST

A Rede Interterritorial de SST (RISST) foi creada no 2024 entre INSST e órganos técnicos das CCAA e están constituídos os seguintes grupos técnicos:

- Integración da perspectiva de xénero en PRL (subgrupo criterios técnicos homoxéneos para a xestión preventiva con perspectiva de xénero)
- Xestión de riscos psicosociais
- Amianto (subgrupos formación e Guía para o seguimento e control da execución do plan de traballo "checklist")
- Coordinación de actividades formativas e divulgativas
- Criterios de calidade dos servizos de prevención (subgrupo calidade técnica)
- Información sobre accidentes laborais mortais
- Situacións de exposición a axentes químicos (BASEQUIM)
- Sistema de asesoramento público PREVENCIÓN10.es
- Desenvolvemento dunha ferramenta informática de xestión RERA e outros datos relacionados co amianto
- Límites de exposición profesional
- Análise da mortalidade por accidente de traballo en España
- Enfermidades profesionais
- Axentes canceríxenos

3. Outros grupos a nivel nacional:

- Rede Española de SST
- Rede Española de Empresas Saudables

3. CSN

- Reunións técnicas sobre o papel do CSN e das CCAA no cumprimento das exposicións a radiación natural (radon).



4. UNE

- Grupo de amianto do comité técnico de normalización AEN/CTN 171, calidade ambiental en interiores
- CTN 81 de Seguridade e saúde no traballo

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e persoal técnico representante en cada grupo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.1.8, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.7, 1.3.2, 2.3.9, 2.3.11, 2.4.9, 3.1.1, 3.1.9, 3.2.2, 3.2.5, 4.3.8, 5.3.6 e 6.1.5.

DURACIÓN

A ESSTG ten como horizonte o ano 2027, sen prexuízo de establecer a súa vixencia ata que se aprobe a seguinte.

Os grupos de traballo teñen a duración determinada que se estableza na súa creación.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS, QUE PERMITIRÁN VALORAR O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS E DAS ACTIVIDADES

- Número de grupos de traballo.
- Número de accións incluídas noutras estratexias da Xunta de Galicia.



1.1.2. TRANSPARENCIA, XESTIÓN ADMINISTRATIVA, ECONÓMICO-ORZAMENTARIA E DE PERSOAL

DESCRICIÓN

Para dar soporte ao funcionamento do ISSGA e á execución do Plan anual de actuación precísase unha estrutura que dea resposta a todas as cuestións de xestión económica, orzamentaria, de contratación e de persoal, todo para garantir que os medios humanos e materiais adscritos ao Instituto respondan ao fin que persegue o ISSGA.

Asemade, recóllense nesta ficha as actuacións para a máxima transparencia do Instituto, de xeito que as persoas e entidades interesadas poidan coñecer de primeira man as actividades que realiza este organismo.

ACTUACIÓNS

- A. Xestión e execución económico-orzamentaria: elaboración do proxecto de orzamentos do Instituto, xestión económica e contratación.
- B. Xestión de persoal, no 2026 elaborárase unha proposta de modificación da RPT, funcións de habilitación, nómina e pagamentos.
- C. Xestión dos asuntos de réxime interior, rexistro, documentación administrativa, arquivo e inventario.
- D. Xestión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Instituto, e cumprimento das obrigas do ISSGA nesta materia.
- E. Asesoramento e supervisión das materias de administración e persoal desenvolvidas nos centros do ISSGA, así como a asunción das súas necesidades económicas.
- F. Coordinación da tramitación administrativa para a publicación dos acordos e convenios de colaboración que subscriba o Instituto, e coordinación da publicación no Diario Oficial de Galicia e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polo Instituto.
- G. Desenvolvemento de todas aquelas funcións propias da Xerencia e da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, segundo figura nos estatutos do Instituto.
- H. Dar cumprimento ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, dirixida á información pública en materia de xestión económica, persoal, contratación, convenios de colaboración, procesos de consulta e, en xeral, á información á cidadanía sobre a información institucional, organizativa e de planificación e, de xeito moi especial, á execución do plan anual de actuación que se vincula á estratexia de SST, así como a outros marcos de actuación polo carácter que ten o Instituto de órgano transversal na materia.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4 e 1.3.1.



1.1.3. INSTRUCCIÓNS INTERNAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN. SISTEMA INTEGRAL DAS ACTUACIÓNS TÉCNICAS (SESAL). IDENTIDADE CORPORATIVA

DESCRIPCIÓN

Elaborar novas instrucións internas e protocolos de actuación co fin de unificar criterios de actuación para a súa aplicación homoxénea nas accións que realiza o persoal do Instituto, acadando unha mellor eficacia, eficiencia e uniformidade no seu funcionamento; revisión e actualización dos protocolos existentes, cando sexa preciso, para a adaptación á nova estrutura orgánica do Instituto ou para incrementar a mellora continua nas súas actuacións.

Optimización da aplicación informática denominada Sistema de Xestión Integral do ISSGA_Sesal, que abrangue todos os procesos e procedementos de actuación, para adaptala as actuacións técnicas ao abeiro dos plans anuais de actuación e mellorar a xestión interna do instituto.

ACTUACIÓNS

- A. Elaboración de novas instrucións internas e protocolos de actuación e revisión dos existentes. En concreto, realizarase unha proposta de introdución de indicadores para a perspectiva de xénero na investigación de accidentes de traballo, así como para a mellora na investigación de enfermidades profesionais.
- B. Coidar o bo uso da imaxe corporativa na páxina web, redes sociais, campañas, publicacións e actuacións en colaboración con outras unidades ou entidades.
- C. Facilitar o obrigado uso do Manual de identidade corporativa por todo o persoal do ISSGA e en todos os documentos internos e externos.
- D. Utilización e mellora continua da aplicación informática web de xestión integral das actuacións técnicas do Instituto_Sesal.
- E. Optimización do Sesal para incorporar datos doutros aplicativos como as bases de datos do sistema de patoloxías non traumáticas da Seguridade Social (PANOTRATSS) que contén datos de enfermidades causadas e agravadas polo traballo.
- F. Desenvolvemento de novas prestacións no Sesal na investigación das enfermidades profesionais para afondar na súa xestión preventiva e mellorar o coñecemento sobre as súas causas a través dun procedemento harmonizado de variables e códigos de causas. Actualización dos modelos de investigación de EP.
- G. Incorporación de novas funcionalidades e integración da sede electrónica no Sesal de amianto.
- H. Mellorar a funcionalidade do Sesal para a obtención automática de informes, a recompilación na exportación dos datos para a realización de informes, estatísticas, etc.
- I. Realizar formación interna do persoal técnico sobre Sesal para un mellor coñecemento das funcionalidades da aplicación e homoxeneizar a entrada de datos. En concreto, no 2026 realizarase a formación nas novas funcionalidades na investigación de EP.
- J. Dar continuidade ás actuacións de mellora da calidade de información do Delt@, e das principais anomalías detectadas nas comunicacións de CEPROSS e PANOTRATSS.
- K. Incorporación ao plan de dixitalización da Xunta de Galicia.



- L. Participación no grupo de traballo que se cree para o sector público do Nodo Conectivi.gal.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4 e 5.3.2.



1.1.4. FORMACIÓN INTERNA PARA ACTUALIZACIÓN TÉCNICA E NORMATIVA

DESCRIPCIÓN

Debido aos numerosos avances e ao dinamismo da SST e PST, considérase preciso elaborar unha oferta formativa para o persoal do Instituto que inclúa unha continua e actualizada formación para afondar nos seus coñecementos relacionados coas actividades que desenvolven. Parte desta formación intégrase na formación da EGAP.

ACTUACIÓNS

- A. Analizar as áreas de coñecemento onde cómpre afondar na formación do persoal do Instituto, en colaboración cos centros territoriais e previa consulta das demandas do propio persoal.
- B. Aprobar a oferta de formación interna do Instituto para o ano 2026.
- C. Organizar e impartir cursos de formación interna nas distintas áreas preventivas.
- D. Deseño e execución de actividades formativas para o persoal técnico.
- E. Formar ao persoal técnico do ISSGA entre outras nas seguintes temáticas: exposición a amianto, radon nos lugares de traballo, nanomateriais, axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos, prevención na pesca, traballos en altura, manexo de escaleiras, equipos de elevación de carga, riscos ergonómicos e psicosociais, igualdade no ámbito laboral, xestión do tempo, aplicacións da intelixencia artificial no ámbito da PRL, iniciación á investigación e redacción de artigos científicos e curso de instrutor Soporte Vital Básico (SVB) e no uso do Desfibrilador Externo Automático (DEA).
- F. Abrir, cando sexa posible, a formación indicada ao persoal técnico de PRL das organizacións sindicais e empresarial.
- G. Administración electrónica da Xunta de Galicia interna e en relación co cidadán.
- H. Seguimento da formación continua do persoal do Instituto na aplicación informática Sesal e noutras ferramentas da Xunta de Galicia.

A proposta concreta de actuacións formativas está en proceso de concreción. En todo caso irán ligadas ás actuacións que se desenvolverán e terán carácter interdisciplinar, así como as recollidas das demandas do persoal técnico.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.3.2 e 5.1.7.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.



INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de persoal técnico asistente.



1.1.5. LABORATORIO DE REFERENCIA DE HIXIENE ANALÍTICA

DESCRIPCIÓN

O ISSGA pon a disposición no seu centro de Pontevedra este servizo no que se realizan determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos, así mesmo destaca o labor investigador e de xeración de coñecemento. Pola Orde do 24 de febreiro de 2012 (DOG nº 51, do 13 de marzo) se establecen os prezos privados esixibles polos servizos prestados no laboratorio. Realízanse as seguintes determinacións analíticas:

A. Análises de mostras ambientais

Tipo de análise	Técnica analítica
Determinación de vapores orgánicos	Cromatografía de gases con detector FID ou masas
Determinación de metais	Espectrofotometría de absorción atómica / Llama
Determinación de materia particulada	Gravimetría
Reconto multifebra	Microscopía de contraste de fases
Determinación de formaldehído	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)

B. Análises de mostras biolóxicas

Analito	Técnica analítica
Chumbo en sangue	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Cadmio en sangue	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Cromo en ouriños	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Mercurio en ouriños	Espectrofotometría de absorción atómica / Xerador de hidruros
Ácido hipúrico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido metil hipúrico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido mandélico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido fenilgloxílico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)

Pódese acceder á información relativa ao Laboratorio de referencia de hixiene analítica a través do seguinte enlace: <https://issga.xunta.gal/gl/campanas/laboratorio-de-referencia-de-hixiene-analitica>.

ACTUACIÓNS

- A. Realización das determinacións analíticas demandadas por entidades ou as precisas no desenvolvemento das actividades de investigación e control propias do Instituto.
- B. Realización de determinacións analíticas para os servizos de prevención do Servizo Galego de Saúde (Sergas).
- C. Posta a punto de procedementos de ensaio para ampliar a oferta analítica do Laboratorio de Referencia de Hixiene Analítica.
- D. Campaña de visualización do laboratorio para dar a coñecer a súa existencia e os seus servizos ás entidades e empresas galegas.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e laboratorio de hixiene analítica.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de análises de mostras do laboratorio.



OP. 1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo

1.2.1. OBRIGAS RELACIONADAS CO CONSELLO REITOR

DESCRIPCIÓN

O ISSGA é un organismo autónomo que conta cun órgano superior colexiado de goberno no que se integran a Administración autonómica e os interlocutores sociais e do que se derivan diferentes obrigas previstas nos estatutos do Instituto.

ACTUACIÓNS

- A.** Desenvolver as vogalías que corresponden ao persoal do Instituto e as funcións de secretaría do órgano colexiado de goberno.
- B.** Propoñer á Presidencia a convocatoria das reunións e a súa orde do día.
- C.** Dar conta da execución do plan anual.
- D.** Dar conta da vinculación do plan de actuación anual coa estratexia galega ou outros plans que afecten á seguridade e saúde laboral, como órgano transversal que xestiona e coordina as políticas preventivas da Xunta de Galicia.
- E.** Cumprimento das demais obrigas que pola normativa de aplicación ao Instituto débense acordar ou, de ser o caso, dar conta a este órgano de goberno.
- F.** Executar o necesario para as reunións do Consello Reitor.
- G.** Elaborar o informe anual de actividades do ano 2025.
- H.** Elaborar e difundir o plan para o ano 2026.
- I.** Elaboración periódica de informes: sobre execución do plan anual, sobre programas específicos; dando resposta a demandas de actuacións técnicas do ISSGA a maiores das planificadas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.2.4.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Informes preparatorios, convocatoria e actas.



1.2.2. PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS E RESPOSTA ÁS SÚAS DEMANDAS TÉCNICAS

DESCRIPCIÓN

Unha das principais funcións do ISSGA é a de prestarlles ás organizacións sindicais e empresariais, e aos demais axentes económicos e sociais, asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de PRL e tamén atender ás cuestións que se demanden relacionadas con PRL e PST.

ACTUACIÓNS

- A. Colaboración cos interlocutores sociais, co fin de promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, canalizando a través dos membros do Consello Reitor do ISSGA as colaboracións.
- B. Asesoramento técnico e/ou consultas a solicitude de representantes das persoas traballadoras e do empresariado en materia de SST para acadar un mellor cumprimento da normativa de PRL.
- C. Fomentar a formación en PRL dos delegados de prevención e membros dos comités de seguridade e saúde laboral, incorporando nos cursos básicos en liña que organiza o ISSGA a súa preferencia na selección xunto cos traballadores designados e empresarios que asuman as funcións de PRL na súa empresa.
- D. Facilitar, cando sexa posible, que na formación interna que desenvolve o ISSGA para o seu persoal técnico participe o persoal técnico de PRL das organizacións sindicais e empresarial.
- E. Atender as consultas técnicas no ámbito competencial.
- F. Contacto permanente co INSST e os institutos de SST das CCAA, para detectar preguntas e problemáticas, así como actualizar na web as ligazóns a estas entidades e, en concreto, aos portais temáticos e as guías técnicas do INSST, así como aos protocolos de actuación da ITSS.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.2.5, 1.3.2 e 2.1.5.



1.2.3. COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NAS POLÍTICAS DE PRL

DESCRICIÓN

A lei de creación e os estatutos do ISSGA crean e definen como órgano propio a Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de PRL coa participación dos interlocutores sociais. Preténdese superar as obrigas normativas de PRL e promover empresas saudables, tendo en conta a perspectiva de xénero en todas as vertentes do traballo e a igualdade laboral.

ACTUACIÓNS

- A. Asesoramento e orientación nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de PRL, como poden ser as actuacións en sectores laborais feminizados. Elaboración de fichas ou folletos con medidas en actividades feminizadas e tendo en conta os riscos emerxentes con maior impacto nas mulleres.
- B. Impulsar nos sectores feminizados o desenvolvemento de programas de promoción da saúde no traballo e plans de igualdade e de conciliación familiar.
- C. Sinerxias entre PRL e igualdade: os plans de igualdade como instrumento para a integración da perspectiva de xénero na xestión preventiva, considerando especialmente os factores de risco psicosociais vinculados á non efectiva igualdade.
- D. Informar da campaña para a prevención dos riscos ergonómicos e psicosociais na industria conserveira.
- E. Elaborar un documento para o agro en Galicia no se que incorporen as conclusións do documento de perspectiva de xénero no agro da CNSST.
- F. Inclusión da perspectiva de xénero en todos os estudos que se elaboren polo ISSGA.
- G. Dar continuidade á execución das actuacións dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral, nos aspectos relacionados coa PRL, co desenvolvemento dun programa específico sobre a comprobación nas avaliacións de riscos das obrigas dos artigos 25 e 26 da LPRL. En concreto, promover en todas as actuacións, incluídas as das mutuas, a aplicación das Directrices para a avaliación dos riscos e protección da maternidade no traballo do INSST.
- H. Dar conta do traballo do ISSGA a prol da mellora da xestión preventiva na axuda a domicilio e das persoas adicadas á atención á dependencia relativas a riscos ergonómicos, biolóxicos e psicosociais. Elaboración do protocolo para a prevención e actuación ante situacións de violencia externa no servizo de axuda no fogar (SAF) no marco da mesa da FEGAMP.
- I. Canle de comunicación prioritaria co ISSGA cando nos gabinetes técnicos de PRL das organizacións sindicais e empresarial se detecte un risco importante para a traballadora embarazada ou o feto, como consecuencia dunha falta de protección da maternidade no ámbito laboral, no que respecta ás funcións e competencias do Instituto.
- J. Na liña de colaboración cos gabinetes técnicos mencionada no punto anterior, elaborárase un protocolo que recolla como as traballadoras deben actuar e defender os seus dereitos, tanto no ámbito da PRL como no que atinxe á información das prestacións que lles poidan corresponder, como a de risco por embarazo. Este protocolo difundirase a modo de campaña



con todos os axentes sociais que están representados na Comisión. Así mesmo reforzaranse as actuacións técnicas nos centros de traballo.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Presidencia, vicepresidencia e vogalías da Comisión.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.2.6.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de campañas consensuadas destinadas a sectores feminizados e de protección da maternidade.



1.2.4. COMISIÓN TÉCNICA DE PRL NO SECTOR NAVAL

DESCRIPCIÓN

A solicitude dos axentes sociais do sector naval de Vigo e dentro da mesa para o apoio ao sector naval, liderada polas autoridades laboral e industrial e con presenza do ISSGA e da ITSS, constitúese a Comisión técnica de PRL. Nesa Comisión adóptanse os seguintes acordos:

- Programar visitas conxuntas ITSS e ISSGA de asesoramento en grandes estaleiros.
- Incrementar o número de visitas dos técnicos habilitados do ISSGA a pequenos estaleiros, talleres de construción naval e reparacións a flote.
- Investigación conxunta ITSS e ISSGA de accidentes leves de especial significación.
- Difundir o documento Lembra de coordinación de actividades empresariais no sector naval, procurando que as empresas concorrentes dean resposta ás súas responsabilidades en materia CAE. Realizar unha xornada sobre coordinación de actividades empresariais e recurso preventivo.
- Levar a cabo unha xornada técnica que trate sobre os riscos de exposición por inhalación.

As actuacións desenvolvidas no período 2024-2025 foron as seguintes:

- Un total de 15 actuacións, xunto coa ITSS, nas que se visitaron grandes estaleiros para comprobar o sistema da xestión preventiva implantado na empresa, en particular, nas relacións de coordinación de actividades entre os estaleiros e as súas subcontratas (auxiliares do naval) e tamén na designación dos recursos preventivos.
- Dentro destas actuacións conxuntas coa ITSS tamén se investigaron os accidentes graves e aqueles leves de especial significación ocorridos nos estaleiros. A información recollida servirá para establecer as accións a realizar nos vindeiros períodos, como poden ser xornadas dirixidas ao uso correcto dos EPI en oficios de especial incidencia ou visitas de asesoramento.
- Preto de 50 actuacións comprobatorias mediante visitas do persoal técnico habilitado do ISSGA en pequenos estaleiros, talleres e reparacións a flote.
- Organizouse unha xornada na que se presentou o documento CAE e se falou da figura do recurso preventivo. Nesta xornada participaron todos os axentes sociais constituíntes da Mesa do Naval.

ACTUACIÓNS

- A. Continuar coa campaña de comprobación, tanto de forma conxunta ITSS e ISSGA, como de forma individualizada a través dos técnicos habilitados do ISSGA. Nas visitas analizarase o sistema de xestión da empresa e en particular a CAE e a designación do recurso preventivo, comprobando que sexa o adecuado e que dispoña dos medios e recursos necesarios para realizar as súas funcións como tal. Igualmente analizaranse as condicións materiais.
- B. Seguir colaborando coa Inspección na investigación dos accidentes que se vaian producindo nos estaleiros, non só os graves e mortais, senón tamén aqueles leves de especial significación. Saliéntase que a dita investigación realizarase conxuntamente polo equipo ISSGA e ITSS.
- C. Difundir o documento Lembra acerca do procedemento CAE no sector naval.



- D.** Realizar unha xornada técnica que trate sobre os riscos de exposición por inhalación, especificando aquelas medidas de prevención e de protección dispoñibles para o sector.
- E.** Velar para que os estaleiros elaboren a avaliación de riscos específicos para cada buque, ás que se deberían adherir e integrar cada unha das subcontratas.
- F.** Outras actuacións que se deriven das xuntanzas da comisión.
- G.** Impulso polo ISSGA de estender as actuacións realizadas na ría de Vigo relativas ao documento de CAE no naval e as boas prácticas preventivas no sector á zona de Ferrol.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e xefatura do centro de Pontevedra.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.2, 1.1.3, 4.2.1 e 4.2.2.



EIXE 2: OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABAJO, INVESTIGACIÓN E ACTUACIÓN DE COLABORACIÓN

O **Observatorio** (OGCT) configúrase como un espazo de xestión da información e análise das condicións de traballo en Galicia e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral na poboación traballadora. Nel recóllense e analízanse os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, de xeito que apoie a toma de decisións en materia de PRL, tanto no eido técnico-científico como no social, para orientar as políticas públicas nesta materia e o seu consenso cos interlocutores sociais. Para este fin e para acadar unha mellor información en termos de identificación de actividades, causas, sectores, etc, progresivamente afondarase en metodoloxías de análise cualitativo e cuantitativo na información da sinistralidade laboral.

Un dos seus obxectivos é obter, procesar e difundir datos e información, razón pola que este eixe interactúa practicamente con todas as demais actuacións do ISSGA, se ben, ten unha actividade propia consistente en tratar e publicar os datos estatísticos, así como servir de espazo para dar a coñecer todos os estudos e informes que elabora e publica o ISSGA.

A **investigación** inclúe os procesos reactivos, isto é, os derivados de danos xa producidos tras un sinistro cuxa investigación é necesaria con diversos fins, para preferentemente establecer accións preventivas e para dar traslado dos informes técnicos a outros órganos administrativos ou xudiciais cando o soliciten, para a depuración de posibles responsabilidades nos distintos ámbitos no eido da PRL. Non corresponde ao ISSGA esta función de investigación cando está expresamente atribuída a outras unidades directivas ou administracións como son a investigación de accidentes en aplicación da técnica mineira, accidentes ferroviarios, accidentes aéreos e accidentes marítimos, cando a investigación corresponde a outros organismos especializados. Todo isto sen prexuízo das competencias da ITSS, e no exercicio da función do ISSGA de prestar colaboración pericial e asesoramento técnico á devandita inspección. O resultado da investigación que se plasma nos informes recolle a análise das causas que motivan os accidentes e as enfermidades co fin último de que non volvan a ocorrer; e serven para adquirir, e posteriormente transmitir, coñecemento preventivo.

Neste eixe inclúense tamén as **actuacións de coordinación** administrativa, colaboración e de asesoramento técnico, actividades fundamentais do Instituto que figuran entre os seus fins recollidos no artigo 3 súa lei de creación e nos seus estatutos.

Este eixe dá cumprimento principalmente ao **OE 2 Mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade laboral**.

Intégranse neste eixe **3 obxectivos operativos** e **13 fichas de actividade**:

OP 2.1 Observatorio

2.1.1. Observatorio Galego de Condicións de Traballo



- 2.1.2. OGCT: Tramitación dos partes de accidente de traballo e seguimento das comunicacións de enfermidade profesional (EP) e das enfermidades relacionadas co traballo
- 2.1.3. OGCT: Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo (AT)
- 2.1.4. OGCT: Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre as EP e das enfermidades relacionadas co traballo

OP 2.2 Investigación da sinistralidade laboral

- 2.2.1. Investigación de AT
- 2.1.2. Investigación de ATNT por causa cardiovascular ou cerebrovascular
- 2.2.3. Investigación de EP e de enfermidades causadas ou agravadas polo traballo

OP 2.3 Actuacións comprobatorias e de asistencia técnica

- 2.3.1. Actuacións do persoal técnico habilitado
- 2.3.2. Asistencia técnica á autoridade laboral e á organismos de Seguridade Social
- 2.3.3. Asistencia técnica á Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)
- 2.3.4. Asistencia técnica á autoridade sanitaria
- 2.3.5. Actuacións para a autoridade xudicial e fiscalía
- 2.3.6. Actuacións para a mellora da calidade dos servizos de prevención de riscos laborais (SPRL)



OP 2.1 Observatorio

2.1.1. OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN S DE TRABALLO

DESCRIPCIÓN

O Observatorio é un espazo, preferentemente vía web, para transmitir o coñecemento e actividades do ISSGA sobre a análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora, co obxecto de:

- a) Procesar e difundir esa información, con propostas de mellora respecto á PRL e condicións de traballo.
- b) Elaboración de documentación estatística derivada do tratamento dos datos que atinxen á sinistralidade laboral, entendendo tanto accidentes de traballo como enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo.
- c) Elaboración de informes, documentos técnicos e estudos das distintas disciplinas preventivas en PRL, que a súa vez son o resultado do traballo do persoal técnico do ISSGA a través de programas executados polo propio Instituto. Isto tendo en conta os sucesivos mandatos tanto das estratexias galegas en materia de SST, como dos plans anuais de actividades do ISSGA.
- d) Realización de campañas, alertas e difusión de documentación técnica para a promoción da PRL e o mellor cumprimento da normativa.

ACTUACIÓNS

- A. Reforzar o ámbito de elaboración estatística e de informes dirixido a abarcar análises cualitativos e explorar ferramentas e colaboracións que den un salto cualitativo respecto á información actual.
- B. Elaboración e publicación periódica de datos de sinistralidade laboral derivados de accidentes de traballo, enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo.
- C. Elaboración de estatísticas de sinistralidade laboral para a execución de programas específicos.
- D. Elaboración e publicación de estudos nas distintas disciplinas preventivas sobre as condicións de traballo en Galicia, tanto xerais como sectoriais, por riscos específicos ou por colectivos concretos.
- E. Difusión de estudos sobre a análise de AT e EP nos que se incorporen indicadores que atendan á perspectiva de xénero e idade.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais. Área técnica: todas as disciplinas preventivas.

VINCULACIÓN COA ESSTG

Medidas 2.2.1, 2.3.1, 3.1.7 e 5.1.6.



2.1.2. OGCT: TRAMITACIÓN DOS PARTES DE AT E SEGUIMENTO DAS COMUNICACIÓNS DE EP E DAS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO

DESCRICIÓN

O ISSGA tramita os partes de accidentes de traballo recibidos en Galicia (notificados a través do sistema Delt@), e realiza o seguimento dos partes de enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo (comunicadas a través do sistema CEPROSS e PANOTRATSS, respectivamente).

ACTUACIÓNS

- A. Tramitación telemática dos partes de accidente de traballo recibidos a través da aplicación electrónica Delt@. As distintas fases da tramitación son: recepción do parte, comprobación da súa idoneidade, devolución do parte para a súa emenda, de ser o caso, e unha vez estea correcto, a súa validación.
- B. Seguimento e análise das enfermidades profesionais comunicadas polo ministerio competente en materia de traballo a través do sistema CEPROSS. A comunicación límitase á información sobre a comunicación de enfermidades profesionais en Galicia.
- C. Análise das enfermidades causadas ou agravadas polo traballo a través do sistema PANOTRATSS, das que se está a implantar de forma progresiva o seu seguimento.
- D. Dar continuidade ás actuacións para a mellora da calidade da información dos partes de accidente de traballo por parte de todos os axentes implicados: empresas, xestorías, asesorías, mutuas e administración. Incorporar o coñecemento e as conclusións que se deriven da participación técnica do grupo de traballo sobre notificación e rexistro de AT da CNSST.
- E. Insistir na mellora da tramitación Delt@ con actividades informativas e campañas de asesoramento técnico ás xestorías, por evidenciarse que son elas as que realizan o traballo do empresario de xestión de partes de AT.
- F. Dar continuidade ás intervencións coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social para acadar a mellora da calidade da información dos partes de accidentes de traballo, tendo en conta a perspectiva do accidente de traballo como risco laboral que se prevén, e polo tanto a necesidade de que o parte conteña datos reais que permitan realizar un seguimento e control das actividades preventivas desenvolvidas polas empresas, analizando as causas e factores determinantes dos sinistros.
- G. Establecer comunicación co INSS para que todas as determinacións que realice o EVI como continxencia laboral, tanto EP como as relacionadas co traballo non traumáticas, se comuniquen ao sistemas CEPROSS e PANOTRATSS, respectivamente, para promover a utilización dos sistemas de notificación por parte de todas as entidades facultadas para determinar continxencia profesional.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, persoal xestor e validador do sistema Delt@.

Área técnica: seguridade no traballo e medicina no traballo.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.2.1, 2.3.1 e 5.1.6

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, persoal xestor e validador do sistema Delt@.

Área técnica: seguridade no traballo e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.2.1, 2.3.1 e 5.1.6.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de partes tramitados no Delt@.
- Número de comunicacións de CEPROSS.
- Número de comunicacións de PANOTRATSS.



2.1.3. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE OS ACCIDENTES DE TRABAJO

DESCRIPCIÓN

Realizar a análise e o tratamento estatístico, e elaborar estudos sobre a o índice de accidentes laborais laboral en Galicia. A tendencia da análise de sinistralidade buscará ser cada vez máis cualitativa para poder ir ás causas da sinistralidade e poder ser un instrumento eficaz para facer prevención nos centros de traballo.

Incluirase a perspectiva de xénero en todos os estudos que se realicen.

ACTUACIÓNS

- A. Publicación trimestral dun boletín de accidentes de traballo en Galicia, informando dos accidentes producidos no acumulado anual.
- B. Publicación na segunda quincena do mes de marzo dun avance de datos de accidentes de traballo en Galicia 2025.
- C. Publicación, na segunda quincena do mes de xullo, dun anuario de accidentes de traballo en Galicia 2025, realizándose un tratamento estatístico no que se contemplen as distintas variables que se comunican nos partes de accidentes de traballo a través do sistema Delt@.
- D. Infografías sobre os accidentes de traballo ocorridos en Galicia.
- E. Actualización do “Cuadro de Mando” dos accidentes mortais investigados.
- F. Manter continuamente actualizados os datos dos accidentes que teñen a súa orixe no manexo do tractor para que sirva de apoio ás campañas de prevención, abrangendo tamén os accidentes dos que se teña coñecemento aínda que non teñan a cualificación de accidente laboral pola súa importante incidencia nas persoas de idade avanzada no medio rural.
- G. Publicación de estudos sectoriais, de colectivos específicos, por determinadas variables ou períodos de tempo, sobre os accidentes laborais en Galicia que sexan precisos para os distintos programas de actuación neste Plan, ou que se demanden pola autoridade laboral.
- H. Dar continuidade ao estudo do período 2012-2016 sobre a análise de AT no colectivo de persoas traballadoras de máis de 55 anos. Realizar a análise da sinistralidade laboral tendo en conta o factor idade.
- I. Analizar, coa información dispoñible e en sectores ou actividades de especial sinistralidade ou risco, factores como persoal traballador novo, primeiros empregos, cambios de actividade respecto á formación recibida e pouca experiencia, para orientar liñas de actuación dirixidas ás distintas familias de formación profesional e que se pode vincular coas actuacións da ficha 5.3.3.
- J. Actualización do estudo Análise da sinistralidade laboral en sectores feminizados.
- K. Análise estatístico da accidentabilidade no sector forestal no período 2019-2023.
- L. Completar o estudo sobre a evolución da sinistralidade no período que abrangue dende o contemplado para a elaboración da estratexia galega ata a data da súa finalización.
- M. Difusión do estudo sobre patoloxías non traumáticas e danos psicolóxicos nos anos 2013-2022.



- N. Elaborar un novo estudo sobre sinistralidade laboral por TME.
- O. Informe sobre seguridade viaria laboral.
- P. Informes para a realización das campañas sobre PRL na industria conserveira, na xestión de residuos e nos talleres de reparación de vehículos.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

Área técnica: seguridade no traballo e medicina do traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.2.1, 2.4.3, 3.1.7, 4.3.2, 5.1.5 e 5.1.6.



2.1.4. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE AS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E AS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO

DESCRICIÓN

Analizar, realizar o tratamento estatístico e elaborar estudos sobre as enfermidades profesionais en Galicia e as enfermidades relacionadas co traballo .

Incluirase a perspectiva de xénero en todos os estudos que se realicen.

ACTUACIÓNS

- A. Publicación, con periodicidade trimestral, dun boletín de enfermidades profesionais en Galicia, informado das enfermidades comunicadas nese trimestre e no acumulado anual.
- B. Publicación, na segunda quincena do mes de xullo, dun anuario de enfermidades profesionais e de enfermidades relacionadas co traballo en Galicia 2025 realizándose un tratamento estatístico no que se contemplan as distintas variables que se comunican a través dos sistemas CEPROSS e PANOTRATSS.
- C. Coñecer e analizar os datos das enfermidades relacionadas co traballo, comunicadas a través da aplicación PANOTRATSS. Comprobación de que as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo son notificadas, ademais de no sistema Delt@, no sistema PANOTRATSS.
- D. Publicación de estudos sectoriais, de colectivos específicos, por determinadas variables ou períodos de tempo, sobre as enfermidades profesionais en Galicia.
- E. Colaboración coa Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública) e coa autoridade mineira sobre as enfermidades profesionais causadas pola exposición ao po de sílice en determinadas actividades empresariais.
- F. Estudar a incidencia do circuíto de comunicación de sospeita de enfermidade profesional desenvolvido pola Consellería de Sanidade, en especial as solicitudes de informe ao ISSGA e o seguimento do termo final das resolucións. Analizar coa Inspección Sanitaria a posibilidade dun informe de incidencia periódico.
- G. Guía de axuda para o colectivo de mariscadoras e redeiras para que se promova a correcta valoración polo seu persoal médico das posibles enfermidades profesionais.
- H. Guía de boas prácticas para profesionais que utilicen de xeito prolongado e continuo a voz no seu traballo.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.3.1, 2.3.12, 2.4.3, 3.1.7, 4.3.2, 5.1.5 e 5.1.6.



OP 2.2 Investigación da sinistralidade laboral

2.2.1. INVESTIGACIÓN DE AT

DESCRIPCIÓN

Investigar os AT co fin de coñecer as causas que os provocan, e dende a perspectiva do sinistro como risco laboral que se pode previr. Elaboración dun informe técnico que servirá de apoio á autoridade laboral ou sanitaria, ou na orde xudicial no exercicio das súas respectivas competencias.

De xeito continuo, préstase polo persoal técnico do ISSGA colaboración pericial e asesoramento técnico á ITSS no desenvolvemento das súas funcións.

ACTUACIÓNS

- A.** Investigación de AT graves e mortais ocorridos durante a xornada de traballo e con relación directa co traballo, exceptuados os de tráfico e os non traumáticos. Respecto destas dúas excepcións e para afondar no ámbito preventivo estarase ao que se dispón nos dous puntos seguintes.
- B.** Respecto aos AT graves e mortais por causa cardiovascular e cerebrovascular a investigación que se levará a cabo será non periódica e baixo un enfoque epidemiolóxico e de colaboración. Deberase avanzar na colaboración cos organismos que teñan coñecemento das causas destes accidentes laborais para obter coñecemento e facer proposta de medidas preventivas.
- C.** Abrir canles de colaboración coa DGT para coñecer as causas que resulten da súa investigación dos accidentes de tráfico de persoal traballador para obter coñecemento e facer proposta de medidas preventivas, continuando coa colaboración actualizada dos AT por manexo do tractor.
- D.** Investigación de AT leves que presenten características peculiares como poden ser, entre outros, os accidentes leves nos que se constate a existencia de datos que denoten a infradeclaración da lesión e, de ser o caso, para traslado do devandito extremo á ITSS para os efectos que procedan. Asemade, outros accidentes leves polo número de persoas accidentadas ou o sector no que se producen.
- E.** Investigación de AT a petición da ITSS ou da autoridade xudicial.
- F.** Investigación doutros AT que polas súas características, incidencia, forma ou evolución sexa preciso investigar.
- G.** Desenvolvemento das accións ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a consellería de adscrición e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias. Planificación das quendas de garda do persoal técnico, coordinación coas forzas e corpos de seguridade e coa ITSS, e elaboración dos preinformes e dos informes técnicos, e a súa remisión ao órgano correspondente. Co obxectivo de harmonizar as actuacións, elaboraranse as pautas a seguir con motivo das gardas para a Fiscalía.
- H.** Actualización e difusión da colección de "Fichas de investigación de accidentes de traballo", no sector primario e na actividade da construción e afíns.
- I.** Funcionamento do grupo de traballo interno no que participan técnicos que realizan investigacións de AT, para intercambio de coñecementos, unificación de criterios, etc.



Exposición de casos e elaboración de fichas de investigación de accidentes de traballo para a xeración e transmisión de coñecemento para outros casos nos que se poden evitar.

- J. Colaboración coa Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM), dependente do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, para o intercambio de información sobre os sinistros marítimos ocorridos en Galicia.
- K. Favorecer o traballo técnico para que se adopten criterios para unha gradación da gravidade dos AT a nivel nacional.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo e ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.2.4, 2.2.6 e 2.2.7 e 3.1.8.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de investigacións de AT.



2.2.2. INVESTIGACIÓN DE ATNT POR CAUSA CARDIOVASCULAR OU CEREBROVASCULAR

DESCRICIÓN

En Galicia os accidentes de traballo non traumáticos (ATNT) nos últimos anos representan aproximadamente o 10% dos AT graves e máis do 40% das mortes por accidente de traballo en xornada. Debido ao seu alto peso na sinistralidade laboral, as estratexias de seguridade e saúde no traballo española e galega recollen actuacións de investigación e estudo para mellorar a prevención e afondar no coñecemento das condicións de traballo que puideran estar ligadas ao suceso (organización do traballo e factores de risco psicosocial, actividade física que requiren as tarefas, sedentarismo, traballo nocturno ou a exposición a calor, axentes químicos ou ruído), así como outras actuacións relacionadas coa promoción da saúde no traballo e a adopción de estilos de vida saudables.

Para iniciar este traballo realizouse no 2024 un ensaio piloto na provincia de Lugo, que no 2025 se estendeu a todas as provincias. Ademais, a actuación do persoal técnico que realiza dita investigación foi harmonizada mediante a elaboración dun procedemento interno do ISSGA e un modelo de informe no seo dun grupo de traballo interno.

Debido á complexidade que ten establecer a relación causal co traballo por influír tamén outros factores externos, a investigación será non periódica e baixo un enfoque epidemiolóxico e de colaboración.

ACTUACIÓNS

- A.** Investigar os ATNT mortais dos sectores de transporte e almacenamento, agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, e industria manufacturera ou outros que se consideren que poidan ser obxecto desta investigación, ocorridos durante a xornada de traballo e comunicados a través do sistema Delt@ coa codificación de Forma de contacto 90 e descrición da lesión 130.
- B.** Participar no grupo de traballo "Protocolo de investigación accidentes non traumáticos" (PIANT) creado no marco da RISST. Cumprimentar o cuestionario de recollida de variables epidemiolóxicas asociadas aos ATNT graves, moi graves ou mortais co obxectivo de investigar a mostra mínima asignada a Galicia. Participar nas reunións de seguimento do traballo de campo, na posterior análise dos resultados acadados e na elaboración do informe definitivo.
- C.** Consolidar o grupo de traballo interno de persoal técnico que realiza investigacións deste tipo de ATNT, para intercambio de coñecementos, unificación de criterios, etc. Exposición de casos para a xeración e transmisión de coñecemento.
- D.** Realizar actividades de formación ao colectivo que ten entre as súas funcións a investigación de ATNT de natureza cardiovascular e cerebrovascular utilizando o material traballado no grupo de traballo a nivel nacional co obxectivo de mellorar a competencia na investigación.
- E.** Elaborar e difundir un informe estatístico actualizado no marco do Observatorio Galego de Condicións de Traballo.
- F.** Identificar as actividades con maior incidencia de patoloxía non traumática de orixe cardiovascular e cerebrovascular que serán destinatarias de intervencións específicas de apoio, información e sensibilización.



- G.** Colaborar co Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública nunha análise estatística retrospectiva sobre os accidentes de traballo non traumáticos. Impulsar a colaboración dunha análise da incidencia de patoloxías cardiovasculares e cerebrovasculares en persoal traballador de máis de 50 anos, coas matizacións que se podan introducir polo Servizo de Epidemioloxía.
- H.** Concienciar as empresas galegas sobre a importancia da promoción da saúde no traballo de cara a diminuír a sinistralidade por patoloxías non traumáticas, como infartos, derrames e outras patoloxías cardiovasculares, para que se impulsen programas consensuados de hábitos saudables.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.2.4, 2.2.7, 3.1.8., 6.1.2 e 6.1.3.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter non periódico.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de investigacións/actuacións de ATNT.



2.2.3 INVESTIGACIÓN DE EP E DE ENFERMIDADES CAUSADAS OU AGRAVADAS POLO TRABALLO

DESCRICIÓN

Investigar as EP co fin de analizar e coñecer as causas que as provocan. Elaboración dun informe técnico que servirá de apoio á autoridade laboral, ou na orde xudicial no exercicio das súas competencias.

De xeito continuo, préstase polo persoal técnico do ISSGA colaboración pericial e asesoramento técnico á ITSS no desenvolvemento das súas funcións.

ACTUACIÓNS

- A. Investigación das EP recollidas no anexo I do Real decreto 1299/2006, comunicadas a través do sistema CEPROSS. A selección realizarase tendo en conta a súa incidencia, as actividades empresariais e o risco. Procurarase a inclusión da perspectiva de xénero e a idade nas investigacións.
- B. Aplicar un procedemento de investigación de EP harmonizado e realizar o informe coa ITSS, que servirá como ferramenta para identificar un conxunto mínimo e harmonizado de datos que permitirá mellorar o coñecemento epidemiolóxico da enfermidade profesional, as súas causas e a súa orixe, e cuxo análise corresponderá ao INSST e aos Institutos ou Órganos Técnicos das Comunidades.
- C. Incorporar no Sesal datos harmonizados relativos á xestión preventiva das EP e as súas causas unha vez que se implemente esta nova prestación.
- D. Investigación de EP a petición da ITSS ou da autoridade xudicial.
- E. Investigación das EP notificadas como profesionais e pechadas como enfermidade común ou AT a criterio técnico.
- F. Investigación de sospeitas de EP, en colaboración coa Autoridade sanitaria. Análise da situación do traballo realizado nas distintas provincias e colaborar coa autoridade sanitaria para impulsar a comunicación dos facultativos de atención especializada e dos do servizo de prevención. Elaboración de infografías co gaio de impulsar a comunicación das sospeitas.
- G. Elaboración dun procedemento e un modelo de informe para a investigación das PANOTRATSS.
- H. Comunicación á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social das desviacións detectadas na tramitación dos partes de enfermidade profesional comunicados a través da aplicación CEPROSS.
- I. Promover a vixilancia da saúde colectiva e a análise das enfermidades laborais con fins epidemiolóxicos que permitan un maior coñecemento sobre o estado de saúde nas empresas e establecer as prioridades de actuación en materia de prevención.
- J. Elaborar novas fichas de investigación de enfermidades profesionais en salóns de peiteado, obradoiros de pan, hostalaría, matadoiros/industria cárnica, charcutería, carnicería e froitería. Difusión da colección de "Fichas de investigación de enfermidades profesionais", elaboradas para o sector agrario e pesqueiro, na conserva, no téxtil, limpeza e coidado de persoas dependentes, exposición a sílice cristalina respirable e TME.



- K.** Continuar coas actuacións nas Escolas de Saúde Laboral para mariscadoras e redeiras ou outros colectivos.
- L.** Realizar actividades de formación ao colectivo que ten entre as súas funcións a investigación de EP utilizando o material traballado no grupo de traballo a nivel nacional co obxectivo de mellorar a competencia na investigación destes danos.
- M.** Difundir o informe de resultados do proxecto de investigación "Rede centinela de tumores ORL de orixe laboral (Cancro de senos paranasais)" realizado en colaboración co INSST, ISCIII, SEOM, CCAA e a ENMT para estimar a infra-notificación deste tipo de tumores e identificar os factores de exposición laboral.
- N.** Difundir os documentos elaborados polos grupos da CNSST sobre enfermidades profesionais do sector agrario e da pesca.
- O.** Promover a utilización da ferramenta de axuda á investigación de casos de enfermidades profesionais elaborada polo INSST.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 2.3.2, 2.3.3, 2.3.4, 2.3.6 e 3.1.8.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADO

- Número de investigacións de EP.



OP 2.3 Actuacións comprobatorias e de asistencia técnica

2.3.1. ACTUACIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO HABILITADO

DESCRIPCIÓN

Realizar as actuacións de verificación polo persoal técnico habilitado do Instituto, ao abeiro do disposto no artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, a través das 12 prazas habilitadas segundo o regulado no Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.

A previsión de actuacións a realizar polo persoal técnico habilitado durante 2026 fíxase na reunión da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.

ACTUACIÓNS

- A. Participación na Comisión Consultiva Tripartita da ITSS de Galicia sobre as actuacións a realizar polo persoal técnico habilitado do Instituto no ano 2026.
- B. Desenvolvemento das actuacións de comprobación do persoal técnico habilitado, segundo a programación proposta polo ISSGA e aprobada pola dita comisión, e realizando as xuntanzas de coordinación precisas. As actuacións prioritarias serán comprobación de traballos con exposición a amianto, actividade forestal, pesca, industria, especificamente en naval, e construción, atendendo especialmente a riscos de caída en altura e utilización de escaleiras, atropelos e atrapamentos. Faranse tamén actuacións de comprobación da adopción de medidas preventivas tras a comunicación dunha enfermidade profesional nas actividades de limpeza e supermercados e en actividades con exposición a sílice cristalina respirable (talleres e obras e laboratorios de próteses dentais), pó de madeira e traballos á intemperie na época estival.
- C. Remisión dos informes realizados polo persoal técnico habilitado á ITSS, segundo o establecido na instrución interna.
- D. Informe de execución das actuacións realizadas no ano 2025.
- E. Grupo de traballo interno de persoal técnico habilitado.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, e persoal técnico habilitado.

Áreas técnicas: segundo a planificación anual.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.5, 1.2.3, 2.2.3, 2.3.8, 2.3.10, 2.5.2, 2.6.3, 3.2.4, 4.2.1 e 4.2.2.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.



INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de actuacións.
- Porcentaxe de cumprimento dos requirimentos.



2.3.2. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE LABORAL E Á ORGANISMOS DE SEGURIDADE SOCIAL

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo a súa normativa, é prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade laboral galega.

No caso de traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación de técnica mineira, os que impliquen fabricación, transporte, almacenamento, manipulación e utilización de explosivos ou o emprego de enerxía nuclear a competencia en materia de PRL correspóndelle á unidade directiva competente da Consellería de Economía e Industria.

Recóllese tamén a elaboración de informes solicitados pola AGE.

ACTUACIÓNS

- A.** Efectuar, a petición da autoridade laboral, os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- B.** Análise do estado de situación dos profesionais da medicina do traballo que prestan servizos nos SPRL para formular propostas de mellora. Análise da actividade dos profesionais da enfermería do traballo integrados nos SPRL e propostas para un máis amplo desenvolvemento da súa intervención.
- C.** Participación na comisión de valoración da orde anual pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da PRL en Galicia (orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), así como elaboración dos informes técnicos que se soliciten ao Instituto ao abeiro desa orde.
- D.** Desenvolver unha das vogalías do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- E.** Participar na Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.
- F.** Asesoramento técnico en PRL que se demande nos obradoiros de emprego e escolas taller.
- G.** Calquera outra demanda de colaboración por parte da autoridade laboral galega no ámbito de competencias e funcións do ISSGA.
- H.** Respecto ás solicitudes formuladas polo INSS e o EVI, dependentes da AGE, realízase:
 - Asesoramento técnico á Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social sobre as solicitudes de establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación.
 - Asesoramento técnico ao INSS participando nas sesións dos Equipos de Valoración de Incapacidades en calidade de asesores de seguridade e saúde laboral, para a valoración de posibles recargos en prestacións por incumprimento o falta de medidas de seguridade e saúde laboral.



- Impulsar as medidas que por parte do ISSGA poidan incidir na mellora do tempo de resposta nas valoracións da determinación de continxencias profesionais no caso de cancro laboral, no traballo conxunto coa inspección sanitaria e o INSS.
- I. Colaboración técnica nas actuacións da autoridade e da inspección mineira no ámbito de PRL e concorrentes da súa competencia, de control e condicións de traballo nas entidades e empresas galegas no sector mineiro, cando se solicite.
- J. Participación nos grupos de traballo existentes no ámbito da PRL no sector mineiro e afíns, cando así se solicite.
- K. Colaboración en accións en PRL e seguridade industrial, como o foro anual sobre PRL e seguridade industrial.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.3.4, 2.4.7 e 4.2.3.



2.3.3. ASISTENCIA TÉCNICA Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL (ITSS)

DESCRIPCIÓN

O artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, establece que as administracións das CCAA adoptarán, nos seus respectivos ámbitos de competencia, as medidas necesarias para garantir a colaboración pericial e o asesoramento técnico precisos á ITSS.

Así, entre as funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos, figura a de prestar á ITSS colaboración e asesoramento técnico nas actuacións técnicas e nas de comprobación e control.

ACTUACIÓNS

- A.** Asesoramento técnico e pericial nas actuacións de control e condicións de traballo nas entidades e empresas galegas, cando se solicite.
- B.** Colaboración e asesoramento técnico coas actuacións do persoal técnico habilitado do ISSGA.
- C.** Participar na Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.
- D.** Colaboración na Campaña de asistencia técnica con ocasión da apertura de novos centros de traballo.
- E.** Aplicar un procedemento de investigación de EP harmonizado e realizar o informe coa ITSS, que servirá como ferramenta para identificar un conxunto mínimo e harmonizado de datos que permitirá mellorar o coñecemento epidemiolóxico da enfermidade profesional, as súas causas e a súa orixe, e cuxo análise corresponderá ao INSST e aos Institutos ou Órganos Técnicos das Comunidades.
- F.** Colaboración para garantir a seguridade e saúde do persoal traballador asegurando o cumprimento da normativa en PRL nas actuacións e medidas nas que se demande asesoramento técnico pola ITSS.
- G.** Establecer unha canle de comunicación coa escala de subinspectores de SST.
- H.** Valorar a incidencia da recente actualización das guías de actuación inspectora en PRL da ITSS para a súa utilización polo persoal técnico do ISSGA e singularmente polo persoal técnico habilitado para funcións comprobatorias nos lugares de traballo.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, subdirección xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.5, 1.2.3, 1.3.4, 2.2.3, 2.2.6, 2.3.2, 2.3.8, 2.5.8, 3.2.4, 4.1.6 e 4.2.3.



2.3.4. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE SANITARIA

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, así como nos seus estatutos, é a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade sanitaria.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaborar nas accións dirixidas á prevención do cancro laboral recollidas na Estratexia de xestión do cancro en Galicia 22-28 da Xunta de Galicia.
- B.** Colaboración para o desenvolvemento da futura Rede de vixilancia epidemiolóxica en saúde laboral en Galicia unha vez sexa publicada a normativa ao respecto.
- C.** Prestar asesoramento técnico á Inspección de servizos sanitarios investigando as comunicacións de sospeita de enfermidade profesional e fomentar o intercambio da información sobre casos comunicados e cambios na determinación da continxencia. Promover accións para unha continua actualización do persoal médico respecto á obriga de comunicación da sospeita de EP, a través de campañas, difusión de infografías, accións de información e formación para medicina de atención primaria e especializada.
- D.** Intercambio de información relacionada coa exposición dos traballadores ao amianto procedente da tramitación e execución dos plans de traballo e do Rexistro de empresas con risco por amianto, tanto para o rexistro galego de exposición laboral ao amianto, da autoridade sanitaria, como para o establecemento de mapas de risco laboral e estudos epidemiolóxicos e a mellora das condicións de traballo e a vixilancia da saúde así como o cumprimento da normativa laboral na materia.
- E.** Participación no Equipo de Valoración de Vítimas de Amianto para dar resposta ás peticións do certificado de patoloxías derivadas desta exposición reguladas no Real decreto 483/2025, do 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto.
- F.** Transmisión de información sobre irregularidades e incumprimentos relativos á etiquetaxe e fichas de datos de seguridade de substancias e mesturas perigosas detectadas no desenvolvemento das actuacións do ISSGA.
- G.** Cando se solicite de xeito individual, colaborar coa inspección sanitaria nos supostos derivados do Sistema Coordinado de Intercambio Rápido de Información da rede de Vixilancia, Inspección e Control de Produtos Químicos, no caso de que haxa persoal traballador afectado.
- H.** Prestar asesoramento técnico e participar nunha actuación conxunta, segundo o previsto no procedemento específico de investigación ambiental e epidemiolóxica da autoridade sanitaria para casos illados de lexionelose, por estar ante un posible ámbito laboral.
- I.** Asesoramento técnico sobre deficiencias nas actividades sanitarias dos servizos de prevención.
- J.** Previsión de formalizar a colaboración para un programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento da asistencia sanitaria dispensada polo Servizo Público de Saúde, a través do intercambio de datos sobre os accidentes laborais, dirixido en concreto á detección da asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento.



- K.** Asesoramento técnico sobre a calidade do aire interior dos centros de traballo que pode influír na saúde laboral dos traballadores.
- L.** Asesoramento técnico á autoridade sanitaria e ao Instituto Nacional de Seguridade Social, participando no grupo de traballo do convenio subscrito por estas entidades para a realización de actuacións conxuntas en relación coas traballadoras e traballadores afectados de patoloxías derivadas da utilización laboral do amianto.
- M.** Participación na formación de persoal sanitario de atención primaria en saúde laboral e, de xeito especial, na comunicación das sospeitas de enfermidades profesionais.
- N.** Colaboración e asesoramento, no tocante ao eido laboral, na implantación da Estratexia galega reduce radon.
- O.** Participar, no eido laboral, nos programas Inspira Saúde e Obesidade Zero en Galicia da Dirección Xeral de Saúde Pública e outros de promoción da saúde no traballo.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no programa de detección a terceiros obrigados ao pagamento ao Sergas . No resto, áreas de medicina do traballo, ergonomía e psicosocioloxía e hixiene industrial.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.2, 1.1.3, 1.1.6, 1.3.4, 2.3.5, 2.3.9, 2.3.13, 2.5.8, 2.6.8 e 6.1.3.



2.3.5. ACTUACIÓNS PARA A AUTORIDADE XUDICIAL E FISCALÍA

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na súa lei e nos seus estatutos, é a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade xudicial.

ACTUACIÓNS

- A. Investigación e informe de accidentes de traballo a petición da autoridade xudicial.
- B. Investigación e informe de enfermidades profesionais a petición da autoridade xudicial.
- C. Desenvolvemento das accións ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de adscrición e a Fiscalía General de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
- D. Redacción dun protocolo interno que recolla as actuacións a realizar polos distintos actores unha vez que se active o Protocolo de Fiscalía polo coñecemento dun accidente e resolver a efectiva coordinación de todos eles, con posterioridade do novo convenio da consellería coa Fiscalía.
- E. Actuacións para facilitar o exercicio das nosas funcións para a investigación inmediata de sinistros laborais ante as Forzas e Corpos de seguridade e todos aqueles actores que estean mencionados no Protocolo e no Convenio de colaboración coa Fiscalía. Como acción concreta, achegar información ás Forzas e Corpos de seguridade sobre a necesaria colaboración e información clave para a rápida e eficaz investigación dos AT polo persoal técnico do ISSGA explicando, entre outras, a normativa da que deriva dita función de investigación.
- F. Asesoramento técnico á autoridade xudicial e á Fiscalía nas materias propias do ISSGA que se lle soliciten.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.4, 2.2.6 e 2.2.7.



2.3.6. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (SPRL)

DESCRICIÓN

Os SPRL son imprescindibles para o desenvolvemento das actividades preventivas na empresa. Aínda cando se adopten as modalidades da asunción persoal por parte do empresario ou a designación de traballadores, a vixilancia da saúde queda fóra das actividades asumibles, polo que a totalidade das empresas han de recorrer, en maior ou menor medida, ao asesoramento e apoio dun servizo de prevención. Ademais, cando na xestión preventiva interveñen servizos de prevención alleos (SPA), a súa función transcende os aspectos puramente técnicos, pois tamén deben de contribuír á efectividade da integración das actividades de prevención no conxunto de actividades da empresa. Dado o seu papel fundamental, a actuación dos servizos de prevención ten unha repercusión directa na xestión da PRL que levan a cabo as empresas. Por iso, o obxectivo 2 da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, en concomitancia co 6 da Estratexia Española, inciden na importancia de mellorar a calidade das actuacións dos servizos de prevención en todas as especialidades preventivas, e o coñecemento e a capacitación especializada dos seus profesionais.

ACTUACIÓNS

- A. Participar no Grupo de traballo para a mellora da calidade dos servizos de prevención da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo, e no seu seo:
 - Establecer criterios obxectivos de calidade das actividades preventivas e crear indicadores que midan a evolución dos devanditos criterios. Elaboración de fichas de traballo por actividades preventivas e deseño e posta en marcha dun plan piloto de probas para verificar a eficacia e eficiencia das fichas.
 - Crear un grupo de traballo cos SP para compartir dificultades e acordar propostas de mellora.
 - Analizar alternativas para sectores e colectivos con maiores dificultades para encaixar a súa xestión preventiva no modelo actual.
 - Fomentar unha continua colaboración e comunicación entre empresa e SPA para unha adecuada prestación do servizo.
 - Mellorar a coordinación entre os órganos da Administración implicados nas acreditacións e autorizacións dos SP e no seguimento das súas actividades.
- B. Organizar seminarios técnicos para impulsar a aclaración e o establecemento de criterios comúns para unha mellora da xestión preventiva. No 2026 impartirase formación teórico-práctica, destinada preferentemente ao persoal dos servizos de PRL, sobre prevención de TME e de riscos psicosociais, tal e como se recolle nas fichas 3.2.2. e 3.2.4.
- C. Organizar cursos de formación para técnicos de PRL, dando entrada aos técnicos dos SPRL. No 2026 realizaranse cursos de saúde laboral e PST, dixitalización e riscos psicosociais, amianto e radon no ámbito laboral, entre outros.



- D.** Organizar xornadas técnicas para profesionais sobre aspectos preventivos específicos como medición de axentes químicos e redacción de informes, elaboración de plans de amianto e solucións técnicas de control de po, entre outras.
- E.** Dar continuidade á campaña para poñer en valor ao persoal técnico de PRL e PST no ámbito público e privado.
- F.** Informar á autoridade laboral sobre o cumprimento dos requisitos esixibles para actuar como servizo de prevención.
- G.** Comunicar á autoridade laboral as desviacións ou irregularidades que se detecten nas actuacións dos servizos de prevención.
- H.** Elaborar un informe para informar no Consello Reitor das actuacións e deficiencias detectadas coa finalidade de que por parte das organizacións se poida colaborar na mellora da xestión preventiva.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 2.1.1, 2.1.2, 2.3.10, 2.6.1, 3.1.4 e 6.1.6.



EIXE 3: PROGRAMAS POR RISCOS ESPECÍFICOS E NOVOS ESCENARIOS

Este eixe aborda tanto os riscos tradicionais como os emerxentes. Deste xeito, inclúense actuacións e medidas específicas ante os novos riscos derivados da evolución demográfica, tecnolóxica e as novas formas de organización do traballo, con especial foco nos riscos psicosociais, así como os derivados do envellecemento da poboación traballadora, a dixitalización, o teletraballo, o emprego verde e a transición xusta.

O deseño e execución das actuacións recollidas nestes programas farase coa participación e colaboración dos interlocutores sociais con representación no órgano colexiado superior de goberno do ISSGA.

Da resposta aos obxectivos estratéxicos **OE 2 Mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade laboral** e **OE 3 Afrontar os riscos laborais derivados dos novos escenarios no traballo**.

Intégranse, neste eixe, **2 obxectivos operativos e 20 fichas de actividade**:

OP 3.1 Protección eficaz fronte a riscos específicos

- 3.1.1. Protección eficaz no camiño cara a un futuro sen amianto. Identificación e xestión dos MCA nos lugares de traballo. Asesoramento a outras administracións.
- 3.1.2. Xestión e comprobación dos traballos con risco por amianto
- 3.1.3. Asesoramento para mellorar a Identificación e avaliación específica do risco químico nas empresas
- 3.1.4. Mapa de risco químico
- 3.1.5. Manipulación segura de produtos cosméticos
- 3.1.6. Portal do ISSGA: traballo seguro con nanomateriais
- 3.1.7. Participación na Axenda nacional para a prevención do cancro de orixe profesional e demais actuacións fronte a axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos
- 3.1.8. Análise da xestión e caracterización do risco de exposición a sílice cristalina respirable
- 3.1.9. Radon no ámbito laboral
- 3.1.10. Seguridade viaria laboral

OP 3.2 Riscos derivados da nova realidade laboral

- 3.2.1. Laboratorio de riscos psicosociais e outras actuacións do ISSGA no coidado da saúde mental
- 3.2.2. Formación específica para persoal técnico de PRL sobre xestión de riscos psicosociais
- 3.2.3. Riscos ergonómicos e prevención dos TME
- 3.2.4. Formación específica para persoal técnico de PRL sobre xestión de riscos ergonómicos
- 3.2.5. Igualdade laboral
- 3.2.6. Xestión da idade e da diversidade xeracional
- 3.2.7. Traballos seguros e saudables na era dixital
- 3.2.8. Riscos derivados da transición ecolóxica e climática. Paneis solares. Temperaturas extremas e traballo



- 3.2.9. Unidades de referencia en PRL novas formas de traballo e de resposta ante posibles crises de saúde futuras
- 3.2.10. Rede interterritorial de SST: grupos de traballo



OP 3.1 Protección eficaz fronte a riscos específicos

3.1.1. PROTECCIÓN EFICAZ NO CAMIÑO CARA A UN FUTURO SEN AMIANTO. IDENTIFICACIÓN E XESTIÓN DOS MCA NOS LUGARES DE TRABALLO. ASESORAMENTO A OUTRAS ADMINISTRACIÓN

DESCRIPCIÓN

Os numerosos materiais con amianto (MCA) que foron instalados ata a súa prohibición definitiva no ano 2002 van chegando ao final da súa vida útil. Unha cantidade importante destes materiais deben ser xa eliminados e nos vindeiros anos esta cantidade seguirá en aumento. Débense xestionar os MCA instalados, e programar a súa retirada e eliminación de forma segura e ordenada.

A principal ameaza do amianto para a saúde humana prodúcese cando se manipulan MCA, xa que as fibras poden liberarse ao aire e logo inhalarse e polo tanto a poboación traballadora é a máis afectada. Con todo, a deterioración dalgúns produtos de amianto a medida que envellecen tamén pode dar lugar á liberación de fibras ao aire e, dependendo de diferentes factores, poderían supoñer un risco para as persoas que ocupan os edificios ou instalacións.

As directrices en materia de amianto da Unión Europea pretenden a eliminación de todo o amianto que aínda permanece instalado nos países membros ("Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Trabajar en favor de un futuro sin amianto: un enfoque europeo para abordar los riesgos del amianto para la salud" do 29/09/2022). En paralelo, a Estratexia europea "Oleada de Renovación", que busca duplicar a porcentaxe anual de edificios renovados de aquí a 2030, para reducir as emisións, impulsar a recuperación económica e diminuír a pobreza enerxética, tamén contribúe á eliminación dos MCA. A Directiva (UE) 2024/1275, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, é un apoio máis nesta estratexia xa que pretende a eliminación de substancias perigosas, incluíndo expresamente ao amianto, para contribuír a lograr unha contorna interior saudable.

En España, a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, recolle na súa disposición adicional 14ª:

- Que os concellos deberán elaborar no prazo dun ano dende a publicación da lei un censo de emplacements e instalacións con amianto incluíndo un calendario que planifique a súa retirada.
- Que tanto o censo como o calendario, que terán carácter público, serán remitidos ás autoridades sanitarias, medioambientais e laborais competentes das comunidades autónomas, as cales deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se retiraron e enviaron a un xestor autorizado.



- Que a retirada priorizará as instalacións e emprazamentos atendendo ao seu grado de perigosidade e exposición da poboación máis vulnerable, de xeito que as instalacións ou emprazamentos de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes de 2028.

Neste contexto é necesario:

- Aplicar criterios homoxéneos para priorizar as retiradas dos materiais con amianto e para determinar o alcance das instalacións e emprazamentos que, segundo esta nova normativa, deben xestionarse prioritariamente, como os contidos nas "Directrices para a retirada do amianto instalado" publicadas polo Ministerio de Sanidade.
- Un impulso e actuación coordinada das administracións locais e das administracións competentes en materia sanitaria, laboral e medioambiental, e será necesaria a colaboración dos axentes sociais, e colexios e asociacións profesionais das disciplinas implicadas
- Informar e asesorar ás empresas sobre a necesidade de identificar os materiais con amianto presentes nos seus locais ou instalacións e xestionalos correctamente para planificar a súa retirada.

ACTUACIÓNS

- A. Asesoramento técnico para a seguridade nos traballos de retirada de amianto instalado que se deriven dos censos e calendarios de retirada dos concellos.
- B. Campaña de sensibilización e accións formativas dirixidas aos traballadores da construción para abordar o risco de exposición ao amianto asociado con traballos onde pode haber contacto e manipulación de materiais con amianto. Utilizarase a publicación "Alerta ISSGA, pode haber amianto" dirixida a alertar a deste risco moitos deles traballadores autónomos.
- C. Información e sensibilización aos profesionais da construción e edificación, incluíndo persoal técnico dos concellos, servizos de prevención e empresas, e técnicos de asociacións sindicais e empresarial. Xornadas técnicas para a Divulgación dos procedementos para inspección de amianto en instalacións recollidos na norma UNE 171370-2, e das orientacións para a xestión segura dos MCA nos lugares de traballo recollidos na guía técnica de amianto do INSST.
- D. Ofrecer asesoramento e favorecer a creación de canles de colaboración entre as administracións competentes (concellos, autoridades laboral, ambiental e sanitaria) sobre a correcta identificación e xestión do amianto instalado.
- E. Elaborar documentación técnica para prestar información sobre a prevención de exposicións pasivas a amianto nos lugares de traballo. As empresas, cando sexa necesario, teñen a obriga de identificar os MCA e avaliar o seu risco potencial para decidir cales son as actuacións preventivas máis adecuadas.
- F. Colaboración coa Consellería de Educación na progresiva retirada do amianto nos centros educativos galegos. Información e contactos previos e posterior asesoramento técnico e vixilancia e control dos traballos executados ao abeiro do plan de traballo presentado.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial, seguridade no traballo e medicina no traballo.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.7, 2.6.4, 2.6.6 e 2.6.7.



3.1.2. XESTIÓN E COMPROBACIÓN DOS TRABALLOS CON RISCO POR AMIANTO

DESCRIPCIÓN

En virtude da encomenda de xestión existente, desenvólvense as actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ao traballo con risco de exposición ao amianto.

Tamén se levan a cabo as funcións de asesoramento técnico, seguimento e control da correcta execución dos traballos autorizados.

ACTUACIÓNS

1. En relación aos trámites administrativos asociados aos traballos con risco por amianto:

- A. Recepción e tramitación das solicitudes de inscrición e modificación de datos e baixa no RERA, práctica dos asentos neste rexistro e das comunicacións que sexa preciso realizar en relación ás ditas inscricións, modificacións ou baixas.
- B. Recepción de plans de traballo de amianto para a súa aprobación, e xestión dos trámites a seguir ata a súa resolución, incluíndo a solicitude do informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que se deban realizar aos interesados e as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral.
- C. Arquivo de plans de traballo aprobados e das fichas para o rexistro de datos da avaliación da exposición así como o envío a outros órganos das resolucións aprobatorias dos plans e das fichas para o rexistro de datos da avaliación da exposición.
- D. Elevación á autoridade laboral da proposta para que resolva a aprobación ou denegación das inscricións e, se é o caso, os plans de traballo.
- E. Asesoramento sobre os criterios de aplicación do Real decreto 396/2006 tendo en conta as directrices publicadas no noso portal web de amianto derivadas da instrución interna.
- F. Información e asesoramento aos servizos de prevención para a mellora da calidade do plans de traballo e da súa xestión.
- G. Asesoramento ás empresas sobre a tramitación electrónica destes procedementos habilitados na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Respecto das actividades de divulgación, asesoramento e comprobación dos traballos con risco por amianto:

- A. Comprobar "in situ", segundo os criterios recollidos na instrución interna, o cumprimento das medidas preventivas contempladas no plan de traballo aprobado, coa intervención do persoal técnico habilitado cando sexa necesario.
- B. Accións de información e asesoramento dirixidas a comunidades de veciños e persoas interesadas en xeral, en especial no tocante a responsabilidades sobre a xestión dos materiais con amianto, prácticas desaconselladas como a dobraxe de cubertas, a necesidade de xestionar e retirar debidamente todo o amianto instalado e os requisitos para a retirada segura. Consultas varias en materia de amianto.



- C. Prestar a información e o asesoramento técnico necesarios para o cumprimento do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde, etc.).
- D. Dar a coñecer os cambios no R.D. 396/2006 unha vez se produza a transposición da Directiva (UE) 2023/2668 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de novembro de 2023, pola que se modifica a Directiva 2009/148/CE sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto durante o traballo.
- E. Participación no grupo de amianto da RISST para o establecemento de criterios e directrices técnicas harmonizadas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial, seguridade no traballo e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.7, 2.6.1, 2.6.2 e 2.6.3.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de plans aprobados.
- Incremento do número de asesoramentos técnicos.
- Número de visitas a obras realizadas.



3.1.3. ASESORAMENTO PARA MELLORAR A IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN ESPECÍFICA DO RISCO QUÍMICO NAS EMPRESAS

DESCRIPCIÓN

No ámbito laboral, os produtos químicos están presentes na maioría de sectores de actividade, dende o industrial ao de servizos, e a súa perigosidade non só depende das súas propiedades intrínsecas, senón tamén da maneira na que se manipulan nos lugares de traballo.

É obrigación do empresario determinar a existencia do risco químico en cada posto de traballo co obxectivo de eliminalo ou reduci-lo ao mínimo posible. Para iso, é indispensable identificar os produtos químicos presentes e coñecer as súas características de perigo.

A ficha de datos de seguridade (FDS) é a principal fonte de información sobre o perigo das substancias e mesturas químicas que se utilizan na empresa, por iso é moi importante saber interpretalas e levar unha adecuada xestión delas, pero tamén deben ser tidas en conta aquelas substancias e mesturas derivadas de diferentes procesos como é o caso da sílice cristalina. Unha adecuada identificación dos perigos é o primeiro paso para unha adecuada avaliación e implantación das medidas preventivas que sexan necesarias.

O Regulamento Delegado (UE) 2023/707 da Comisión polo que se modifica o Regulamento (CE) núm. 1272/2008 no relativo ás clases de perigo e aos criterios para a clasificación, a etiquetaxe e o envasado de substancias e mesturas, modificou o Regulamento CLP incluíndo nel novas clases de perigo, entre elas a de alteración endócrina. En consecuencia CLP define agora os criterios para clasificar as substancias e mesturas como alteradores endócrinos e a identificación deste perigo é xuridicamente vinculante. Cómpre dar a coñecer como afectan os alteradores endócrinos á saúde e saber como identificar este perigo nas FDS tendo ademais en conta que o Regulamento REACH os inclúe dentro do grupo de substancias denominadas altamente preocupantes.

ACTUACIÓNS

- A. Difusión do folleto e o documento técnico “Os produtos químicos poden ser perigosos” coas pautas para a correcta identificación do risco químico e a adopción das medidas preventivas nas empresas galegas.
- B. Elaboración e difusión dun documento informativo sobre alteradores endócrinos.
- C. Participación técnica nos Plans de Emerxencia Exterior (PEE) de empresas químicas de Galicia, liderado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- D. Elaborar un documento divulgativo co obxectivo de facilitar a interpretación das fichas de datos de seguridade (FDS) das substancias e mesturas químicas que se centre nos principais contidos relacionados coa PRL.
- E. Iniciar as actuacións para poder incorporar un portal temático de risco químico na web do ISSGA e que tamén de cabida ao asesoramento técnico específico, ao material que se elabore a nivel nacional e aos resultados das distintas fases do mapa de risco químico e a outros programas que se desenvolvan.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.5.1, 2.5.2 e 2.5.3.



3.1.4. MAPA DE RISCO QUÍMICO

DESCRIPCIÓN

O obxectivo deste proxecto é recoller datos sobre o uso de produtos químicos perigosos, a avaliación da exposición e as medidas de control e así mellorar a prevención do risco químico nas empresas galegas, prestando desde o ISSGA o asesoramento técnico preciso para a correcta xestión deste risco laboral.

No período 2024-2025 realizáronse as primeiras actuacións para o desenvolvemento do mapa:

- Selección dos sectores ou actividades: sector siderometalúrxico, construción, actividades de limpeza, actividades en talleres de reparación de vehículos, actividades de aproveitamento forestal e industria madeireira e do papel e actividade de xestión de residuos.
- Elaboración dun cuestionario para a recollida da información, tendo en conta a perspectiva de xénero, e deseño na web do ISSGA. Estudo inicial do tratamento de datos.
- Contacto con asociacións e SPM na procura de apoios para chegar ás empresas e obter unha boa participación.

O proxecto continuará no 2026 co envío dos cuestionarios ás empresas participantes, a análise dos datos recopilados e a realización de informes de asesoramento e un documento final. Elaboración dun cuestionario a cumprimentar dentro do marco das súas funcións polos delegados de prevención da empresa.

ACTUACIÓNS

- A. Facilitar a enquisa deseñada nun formato web que permita a recollida de información e a posterior análise e tratamento dos datos.
- B. Colaboración cos distintos sectores para determinar as empresas participantes e realizar o envío dos cuestionarios.
- C. Rexistro da información nunha base de datos que recolla os produtos químicos máis utilizados nos distintos sectores e actividades analizados, as medidas de control, o persoal traballador exposto, entre outros aspectos.
- D. Identificar exposición inadvertidas a produtos do ámbito de aplicación do RD 665/1997.
- E. Asesoramento ás empresas participantes en función dos resultados obtidos da elaboración do mapa, grado de cumprimento e deficiencias detectadas.
- F. Difusión do informe - resumo de resultados do mapa.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.5.1, 2.5.2 e 2.5.3.



DURACIÓN

Esta actividade ten unha duración bienal.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de empresas participantes.



3.1.5. MANIPULACIÓN SEGURA DE PRODUTOS COSMÉTICOS

DESCRIPCIÓN

Nos salóns de peiteado, salóns de beleza, centros de estética e coidado persoal e centros de manicura e pedicura, utilízanse unha gran variedade de produtos cosméticos en diferentes cantidades que poden conter ingredientes perigosos e chegar a provocar importantes danos na saúde ao persoal que os aplica, maioritariamente mulleres. Os produtos cosméticos están sometidos a regulamentación específica e non dispoñen de etiqueta e ficha de datos de seguridade coa información para o usuario profesional que acompaña aos produtos químicos perigosos, por iso a identificación dos ingredientes perigosos dun cosmético, e polo tanto a identificación e avaliación do risco, pode resultar máis complexa.

As actuacións que se levarán a cabo teñen como obxectivo alertar sobre a posible presenza de ingredientes perigosos nos cosméticos e indicar como identificalos, informar sobre os danos para a saúde que poden ocasionar e describir as principais medidas de protección e prevención que deben implantarse para evitar estes danos. Estas actuacións de información e sensibilización específicas lévanse a cabo a través de material técnico e divulgativo elaborado polo ISSGA.

No ano 2025 publicouse a norma UNE-EN ISO 374-6:2025 *Guantes de protección contra los productos químicos y los microorganismos. Parte 6: Guantes de protección para peluqueros*, que establece por primeira vez os requisitos para as luvas de protección específicas para persoal dos salóns de peiteado. Dada a importancia da protección da pel neste colectivo, que manipula unha variedade de produtos químicos con diferentes riscos, cómpre difundir a existencia destas luvas, que permiten unha mellor selección do EPI adecuado, ao sector.

ACTUACIÓNS

- A. Actualización da publicación "Corta o risco químico, peitea con seguridade" incluíndo as luvas que se axustan á norma UNE-EN ISO 374-6:2025. Utilizar a publicación actualizada para difundir no sector a existencia desta norma que permite a posta no mercado de luvas deseñadas para o persoal dos salóns de peiteado.
- B. Formación específica a estudantes que se están a formar para o exercicio da profesión en academias e ciclos formativos de FP de imaxe persoal.
- C. Campaña dirixida a centros de manicura e pedicura profesional: elaboración dunha memoria coa información recollida nas visitas realizadas para a súa divulgación ás empresas que colaboraron na campaña e ao sector en xeral.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.5.5 e 5.1.2.



DURACIÓN

Esta actividade ten unha duración bienal.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de empresas informadas.
- Número de empresas visitadas.



3.1.6. PORTAL DO ISSGA: TRABALLO SEGURO CON NANOMATERIAIS

DESCRICIÓN

O termo “nanomaterial” aplícase a unha ampla variedade de materiais de composición e propiedades moi diferentes, pero coa característica común de que polo menos unha dimensión externa de todas ou parte das partículas que os constitúen sexa inferior a 100 nanómetros.

Debido ao seu tamaño, os nanomateriais poden ter propiedades diferentes ás do material coa mesma composición en tamaño convencional, que son as que os fan especiais para moitas aplicacións. Por poñer algúns exemplos, utilízanse en construción, medicina, enerxía, automóbil, electrónica, cosmética e téxtil. Conforme avanza o uso dos nanomateriales aumenta tamén o número de persoal traballador que está exposto aos mesmos.

A nanotecnoloxía achega grandes vantaxes pero tamén pode ir acompañada de riscos para seguridade e a saúde do persoal traballador, polo que cómpre dar pautas para a identificación destes materiais nos postos de traballo, a avaliación dos riscos e a adopción das medidas de prevención e protección, tendo en conta a evolución dos coñecementos científicos e o progreso técnico.

No 2026 o ISSGA presentará un novo portal temático adicado a transferir coñecemento científico contrastado sobre os riscos derivados da exposición, no que se darán pautas para abordar a PRL no traballo con nanomateriais adaptadas a diferentes perfís de usuarios (persoal traballador, empresariado e profesionais da PRL e da medicina do traballo).

ACTUACIÓNS

- A. Difusión do novo portal temático na web do ISSGA sobre traballo seguro con nanomateriais no que se abordan os fundamentos básicos, aplicacións e riscos, se poñen a disposición fontes de información e ferramentas específicas para a xestión da PRL e se ofrecen guías sectoriais.
- B. Realización dunha campaña de sensibilización sobre nanomateriais no sector da construción con carteis e vídeos.
- C. Elaboración dunha folla de prevención para dar a coñecer os nanomateriais, as súas aplicacións en diferentes sectores produtivos, os riscos e as medidas preventivas a aplicar no traballo con nanomateriais.
- D. Realización dunha xornada técnica para dar a coñecer os riscos da exposición e as ferramentas de PRL no traballo con nanomateriais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4 e 2.5.4.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.



INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de ejemplares da campaña.
- Implantación do portal web con información específica sobre nanomateriais.



3.1.7. PARTICIPACIÓN NA AXENDA NACIONAL PARA A PREVENCIÓN DO CÁNCER DE ORIXE PROFESIONAL E DEMAIS ACTUACIÓNS FRONTE A AXENTES CANCERÍXENOS, MUTÁXENOS E REPROTÓXICOS

DESCRICIÓN

O cancro é a principal causa das mortes relacionadas co traballo na UE. As exposicións laborais, á súa vez, son a cuarta causa do cancro despois do tabaco, a dieta e o sedentarismo. A relación entre cancro e traballo constitúe un asunto central nas estratexias de seguridade e saúde laboral, das axencias internacionais e dos movementos sindicais e sociais.

O Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos durante o traballo atópase en continua actualización para a incorporación de novos axentes na Lista de substancias, mesturas e procedementos e a actualización dos valores límite de exposición profesional, seguindo as liñas estratéxicas ditadas pola UE.

Por outra banda, eliminar o reducir ao mínimo posible a exposición a canceríxenos require aplicar un conxunto de medidas. A actualización da guía técnica do INSST relativa aos axentes canceríxenos e mutáxenos proporciona novos criterios, recomendacións e información técnica para a avaliación e prevención dos riscos derivados da exposición a estes axentes, co fin de facilitar ás empresas e responsables de prevención a interpretación e a aplicación do citado real decreto.

Na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 queda plasmada como prioridade a acción contra o cancro de orixe laboral, outorgándolle un espazo propio en forma Axenda. A Axenda nacional foi deseñada en dúas etapas, unha de consenso científico-técnico e outra de consenso social, e a principios do 2025 foi aprobada no seo da CNSST. Na actualidade continúa a súa execución polos distintos actores implicados.

ACTUACIÓNS

1. Axenda nacional para a prevención do cancro de orixe profesional:

- A. Realizar as medidas que se poñan en marcha polo Plan de acción 2025-2027 da EESST 23-27 asignadas ás CCAA e que sexan competencia do ISSGA.
- B. Participar nas accións que se realicen de forma conxunta coa AGE, principalmente co INSST.
- C. Participar no subgrupo de traballo específico da CNSST para a súa execución e seguimento.

2. Outras actuacións:

- A. Coñecer o grao de aplicación do Real Decreto 665/1997 e identificar as principais dificultades que poidan existir para a aplicación deste real decreto e proporcionar o asesoramento técnico para o seu cumprimento, a través da participación do ISSGA no grupo de traballo sobre axentes canceríxenos e mutáxenos do INSST.



- B.** Xerar coñecemento sobre as enfermidades profesionais do grupo 6 por canceríxenos do RD 1299/2006 a través da participación do ISSGA no grupo de traballo sobre enfermidades profesionais do INSST.
- C.** Difundir o informe de resultados do proxecto de investigación "Rede centinela de tumores ORL de orixe laboral (Cancro de senos paranasais)" en colaboración co INSST, ISCIII, SEOM, CCAA e a ENMT para estimar a infra-notificación deste tipo de tumores e identificar os factores de exposición laboral.
- D.** Participar no subgrupo de valoración de casos posibles cancro laboral de cancro de senos paranasais asesorando ao oncólogo/a na comunicación da sospeita de EP, historia laboral de exposición.
- E.** Investigar todas as enfermidades profesionais por exposición a canceríxenos comunicadas ao sistema CEPROSS.
- F.** Realización dunha campaña sobre PRL e axentes canceríxenos para o que se traducirán ao galego as fichas "Evitemos hoxe o cancro laboral de mañá" do INSST.
- G.** Difusión dunha campaña dirixida aos talleres de reparación de vehículos para alertar sobre a exposición a fumes de motores diésel e aceites usados, en colaboración con asociacións do sector.
- H.** Deseño e difusión dunha campaña dirixida ás estacións de servizo para alertar sobre a exposición a combustibles na subministración a vehículos.
- I.** Elaboración e difusión dun documento informativo sobre reprotóxicos.
- J.** Asesoramento técnico sobre a identificación, avaliación e control dos axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos tendo en conta as directrices tras a actualización da Guía técnica do INSST relativa a estes axentes.
- K.** Participar nas liñas de traballo establecidas polo INSST para o control do risco por exposición a substancias reprotóxicas e medicamentos.
- L.** Difundir e asesorar ao persoal sanitario das directrices derivadas da modificación da directiva de axentes canceríxenos, tanto no relativo á formación, vixilancia e control na manipulación segura dos medicamentos perigosos, como das repercusións da inclusión nela dos axentes reprotóxicos.
- M.** No 2026 o persoal técnico habilitado realizará actuación comprobatorias relativas á exposición a po de madeira na actividade de pulido de pavimentos de madeira e fabricación de mobles de madeira.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.8, 2.5.1, 2.5.2, 2.5.6, 2.5.7 e 4.1.2.



3.1.8. ANÁLISE DA XESTIÓN E CARACTERIZACIÓN DO RISCO DE EXPOSICIÓN Á SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE

DESCRIPCIÓN

A Estratexia de SST de Galicia: Horizonte 2027 inclúe na liña 2.5 o deseño de campañas de prevención e a realización de actuacións de comprobación, información e asesoramento técnico, específicas nos traballos con risco de exposición a substancias e axentes perigosos, incluídos os canceríxenos.

Pola súa banda, a EESST 23-27 recolle na liña 1.3 o desenvolvemento actuacións para impulsar a prevención da exposición das persoas traballadoras a substancias e axentes perigosos, incluídos os canceríxenos, entre eles o pó respirable de sílice cristalina (SCR). Entre ditas actuacións, acordouse a creación dun grupo de traballo da CNSST coa finalidade de mellorar a protección das persoas traballadoras fronte á exposición a po de sílice respirable. Os obxectivos deste grupo son:

- Análise e seguimento da aplicación da normativa de canceríxenos en procesos ou actividades onde haxa presenza de SCR e elaboración de propostas de mellora.
- Definir unha metodoloxía e desenvolver un mapa de exposición a sílice cristalina respirable por actividades prioritarias, que permita ter información sobre a caracterización da exposición nas diferentes actividades.
- Elaboración de recomendacións de boas prácticas/orientacións para a xestión preventiva, así como sensibilizar para mellorar a protección das persoas traballadoras expostas a SCR nas actividades que se identifiquen como prioritarias, como puidesen ser a produción e instalación de conglomerados de cuarzo.

ACTUACIÓNS

- A. Continuar coa da campaña sobre prevención da exposición a SCR en talleres e obras. Difusión do documento elaborado polo ISSGA e realización de visitas de asesoramento técnico ás empresas para comprobar o cumprimento dos requisitos normativos.
- B. No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas de exposición a SCR en talleres e obras e en laboratorios de próteses dentais: medicións da exposición do persoal traballador, medidas de control técnico e organizativo, EPI e medidas de hixiene persoal, formación e información e vixilancia da saúde.
- C. Elaborar un documento de conclusións coa documentación recopilada que reflicta as condicións de traballo observadas nas visitas de asesoramento técnico e de comprobación relativas á exposición a SCR en talleres e obras.
- D. Desenvolver, no seo do grupo de traballo "Sílice cristalina respirable" da CNSST:
 - Un cuestionario para a análise da aplicación do R.D. 665/1997 e para obter a información necesaria desenvolver un mapa de exposición á SCR en España.
 - Unha campaña de visitas a centros de traballo nos que existe exposición á SCR para a cumprimentación do cuestionario elaborado.
 - Recompilación e tratamento dos datos recollidos.
- E. Continuar coas reunións e propostas no grupo de traballo de SCR do CGSSL.



- F. Participar no Consello de Minería de Galicia. O ISSGA forma parte deste Consello e entre os grupos de traballo propostos na reunión do día 21 de outubro de 2025 figura o de seguridade no traballo, con especial atención á Instrución Técnica Complementaria e ao risco por exposición a SCR.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais. Área técnica: hixiene industrial.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.8, 1.3.2, 2.5.1, 2.5.2 e 2.6.7.

DURACIÓN

Esta actividade é de carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de visitas realizadas.



3.1.9. RADON NO ÁMBITO LABORAL

DESCRIPCIÓN

O radon, un gas radioactivo de orixe natural, é considerado un problema de saúde pública e laboral. A especial incidencia deste gas en Galicia debido ás súas características xeolóxicas, fai que se lle deba prestar unha atención especial.

O Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes (Real decreto 1029/2022), norma básica relativa á protección sanitaria da poboación e do persoal traballador contra os perigos que resultan das radiacións ionizantes, implica importantes novidades que afectan ao radon no ámbito laboral. Establece, en relación coa protección fronte ao radon, a obrigação do Goberno de impulsar e aprobar un Plan Nacional contra o Radon, co obxectivo de reducir o risco que a exposición a longo prazo a este gas supón para a saúde da poboación, fixa o nivel de referencia para a concentración de radon en recintos pechados e especifica as obrigas no relativo ao cumprimento deste nivel, así como, no caso das exposicións ocupacionais ao radon, o nivel de dose anual a partir do cal a exposición das persoas traballadoras deberá xestionarse como unha situación de exposición planificada.

En decembro de 2024 publicouse o *Real decreto 1217/2024, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, e outras actividades relacionadas coa exposición ás radiacións ionizantes*. Este R.D. incorpora o réxime administrativo das actividades laborais con especial exposición á radiación natural, entre elas as que se leven a cabo en zonas cunha concentración de radon superior ao nivel de referencia de 300 Bq/m³ establecido no R.D. 1029/2022, para as que se require declaración, así como medidas adicionais de control cando as doses efectivas dos traballadores superen 6 mSv/ano.

En maio de 2025 publicouse a *Instrución IS-47, do 9 de abril de 2025, do Consello de Seguridade Nuclear, pola que se aproba a listaxe de termos municipais de actuación prioritaria contra o radon e se establecen directrices para as medicións de radon no aire interior dos centros de traballo situados neles*. O R.D. 1029/2022 establece que os titulares das actividades laborais que se desenvolvan en lugares de traballo situados nos municipios de actuación deben medir a concentración de radon. A instrución IS-47 define cales son estes termos municipais (en Galicia a práctica totalidade dos municipios), nos que agora é obrigatorio medir. Tamén recolle unha serie de disposicións para facilitar a realización dos estudos de medición e a elaboración dos informes de resultados, clarifica que os estudos deben considerarse de maneira integrada na avaliación de riscos, e especifica a súa periodicidade.

Estas normas, xunto co Plan Nacional contra o Radon, que coordina o Ministerio de Sanidade, aprobado en xaneiro de 2024, reforzan o marco de protección contra este contaminante.

Ademais, na nosa C A a Estratexia galega reduce radon, impulsada pola Consellería de Sanidade e aprobada polo Consello da Xunta o 4 de novembro de 2024, persegue dous obxectivos principais: reducir os niveis deste gas en ambientes interiores para manter os límites de exposición de acordo coa normativa europea e española e previr e controlar as consecuencias para a poboación galega da exposición ao radon en ambientes interiores.



Neste contexto, a Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) asinou o protocolo de colaboración co Consello de Seguridade Nuclear (CSN), órgano competente nesta materia, para vixiar o cumprimento da regulamentación en materia de radon laboral. O ISSGA actuará a demanda prestando asistencia técnica á ITSS cando se solicite.

Segundo o exposto cómpre dar orientacións claras ás empresas e aos seus servizos de prevención sobre como avaliar e controlar este risco con rigor técnico, cumprindo co disposto na normativa e sabendo cando será necesario recorrer a asesoramento especializado.

ACTUACIÓNS

- A. Publicación e difusión un novo portal temático na web do ISSGA dedicado ao radon no ámbito laboral que aborde tanto as obrigas legais, como as directrices do CSN para os estudos de estimación do promedio anual de radon e as medidas a aplicar en función dos resultados dos estudos.
- B. Difusión da publicación “O radon no ámbito laboral. Obrigas preventivas” que recolle dun xeito unificado toda a lexislación do radon no ámbito laboral, identifica as obrigas do titular da actividade e a maneira de actuar en función dos resultados dos informes de medición.
- C. Realizar actividades formativas e xornadas técnicas tendo en conta a nova normativa utilizando como apoio os documentos sobre radon publicados polo CSN e polo ISSGA. Dirixíranse ao persoal técnico do ISSGA e dos órganos técnicos doutras CC AA, ao dos servizos de prevención de empresas e administracións, ao dos gabinetes técnicos das asociacións sindicais e empresarial de Galicia, e tamén ao empresariado en especial ás pemes.
- D. Reforzar a cooperación co CSN no marco do establecemento de canles de colaboración e comunicación eficaces entre o CSN e as CC AA. Asistencia ás reunións convocadas polo CSN, xunto con representantes das consellerías de Economía e industria e de Sanidade.
- E. Colaborar en todas aquelas actividades informativas e formativas, de ser o caso coa USC e co CSN, que aborden o control do radon no ámbito laboral dende o punto de vista técnico e normativo. En concreto, o CSN solicitou a colaboración do ISSGA para a elaboración dunha guía sobre o radon para as pemes.
- F. Colaborar con Extremadura e Castela León e outras CC AA que nolo soliciten proporcionándolles información en materia de radon derivada do coñecemento xa xerado do ISSGA nesta materia.
- G. Facer efectivo en Galicia o “Rexistro de actividades laborais con exposición á radiación natural” impulsando a coordinación necesaria das consellerías con competencia en industria, sanidade e traballo.
- H. Participar na execución da “Estratexia galega reduce radon”, en concreto nas medidas referentes ao ámbito laboral, fundamentalmente actuacións de orientación e asesoramento técnico a empresas e servizos de prevención, promoción da formación específica sobre o radon aos servizos de prevención de riscos laborais, así como campañas de sensibilización e información sobre este gas.
- I. Participación na elaboración dun protocolo de vixilancia sanitaria específica para o radon. Actuación que dá cumprimento a unha das accións recollidas no “Plan nacional contra o radon”.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.



Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.7 e 2.5.8.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de empresas informadas.
- Número de participantes en actividades formativas.
- Implantación do portal web con información específica sobre radon.



3.1.10. SEGURIDADE VIARIA LABORAL

DESCRIPCIÓN

Concienciar e sensibilizar ás persoas traballadoras sobre a incidencia dos accidentes de tráfico laborais, especialmente sobre os accidentes “en misión”, establecendo mecanismos de información axeitados, con motivo do crecente e importante peso dos accidentes de tráfico na sinistralidade laboral en Galicia e especialmente nos accidentes mortais.

ACTUACIÓNS

- A. Difusión dunha campaña de PRL destinada a condutores profesionais que contemple os riscos coñecidos e os riscos novos e emerxentes, con especial atención aos riscos producidos por falta de atención, fatiga e estrés. Realización dunha xornada técnica sobre a prevención da fatiga e somnolencia ao volante no marco do protocolo coa DGT.
- B. Realización dunha campaña de sensibilización para promover o uso seguro do tractor e a seguridade viaria, en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil de Tráfico, de conformidade co establecido no protocolo de colaboración ISSGA-DGT.
- C. Realización de xornadas e foros con asociacións que teñen como obxectivo minimizar o impacto dos accidentes de tráfico sobre a sinistralidade laboral.
- D. Realización de xornadas sobre prevención da fatiga e somnolencia ao volante no marco do protocolo do ISSGA e a DGT na Coruña, Ourense e Pontevedra e en colaboración co Sergas e o Colexio Oficial de Farmacéuticos.
- E. Colaborar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Plan de Seguridade Viaria 2021-2025. Posible colaboración con entidades expertas neste ámbito para análises e estudos de mobilidade das empresas.
- F. Campaña para o colectivo de persoal traballador de reparto que incida tanto en factores de risco motivados pola conducción de vehículos e noutros riscos organizacionais que poidan incidir na accidentabilidade laboral.
- G. Participación e difusión do Plan de acción para minimizar el impacto del accidente de tráfico en la sinistralidade laboral aprobado pola CNSST.
- H. Realización e difusión dun informe sobre seguridade viaria laboral.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais. Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4 e 2.2.5.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de folletos repartidos na campaña de manexo seguro do tractor.



OP 3.2 Riscos derivados da nova realidade laboral

3.2.1. LABORATORIO DE RISCOS PSICOSOCIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS DO ISSGA NO COIDADADO DA SAÚDE MENTAL

DESCRICIÓ

O Laboratorio de riscos psicosociais créase en colaboración co Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á PRL na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.

O obxectivo principal é aumentar o coñecemento e a comprensión dos riscos psicosociais, así como articular medidas para previlos.

Este laboratorio traballará de xeito interdisciplinar coordinado pola área de Psicoloxía Social do dito departamento e liderarase polas área técnica de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada do ISSGA, para lograr un enfoque máis completo na investigación e prevención destes riscos.

ACTUACIÓNS

1. Laboratorio de riscos psicosociais

- A. Difusión e actualización do espazo temático na páxina web do ISSGA.
- B. Campaña para a prevención do estrés laboral, incluíndo o emprego autónomo.
- C. Desenvolvemento de proxectos sobre xestión do estrés laboral e elaboración e difusión de información sobre a intervención no ámbito laboral.
- D. Elaboración e difusión dunha "folla de prevención" sobre burnout.
- E. Promover a realización de proxectos de investigación relacionados cos riscos psicosociais e campañas de información e sensibilización para contribuír á prevención dos riscos psicosociais das persoas traballadoras e á prevención de enfermidades relacionadas con eles.
- F. Elaboración e difusión de procedementos de actuación para a resolución de conflitos no traballo para a prevención da violencia, do acoso e outras condutas inapropiadas.
- G. Elaborar e difundir un documento informativo con indicacións para a reincorporación efectiva de traballadores/as que regresan dunha baixa psicolóxica ou dunha baixa de longa duración.
- H. Fomentar a colaboración coa Universidade de Verán-USC organizando un ciclo de conferencias/talleres monográfico sobre riscos psicosociais.
- I. Vista a complexidade da avaliación e intervención nos riscos psicosociais nos lugares de traballo, ofrecer un módulo informativo e formativo sobre a xestión preventiva deste risco a persoal técnico dos servizos de PRL.
- J. Difusión da Guía Camiñando dende a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo, en colaboración coa USC.
- K. Difusión do manual Claves para exercer un bo liderado nas pequenas empresas e para o colectivo autónomo e elaboración dunha campaña informativa.



- L. Realizar unha diagnose inicial sobre os principais factores psicosociais presentes en sectores feminizados como atención ao público, coidados, limpeza ou hostaleira.

2. Outras actuacións do ISSGA no coidado da saúde mental

- A. Colaborar co INSST na difusión do método para a avaliación e xestión dos factores psicosociais en pequenas empresas.
- B. Realizar accións formativas propias e colaborar con outras entidades, entre outros co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co obxecto de previr os riscos psicosociais.
- C. Visualizar na Escola Galega de Prevención a través dun apartado específico para os nenos e nenas sobre acoso escolar e laboral, tanto no propio espazo físico da escola, como con desprazamentos para charlas en colexios, por parte de técnicos do Instituto.
- D. Participación no grupo técnico de traballo da RISST " Xestión de riscos psicosociais e saúde mental " co obxectivo xeral de impulsar a adecuada xestión preventiva dos riscos psicosociais nas empresas.
- E. Participar no grupo de traballo da CNSST " Riscos psicosociais e saúde mental" e colaborar nas distintas actuacións de información e sensibilización en relación coa influencia dos factores psicosociais na saúde mental do persoal traballador.
- F. Actuacións formativas e de sensibilización en liña coa campaña europea con horizonte 2028 baixo o lema "Xuntos pola saúde mental no traballo".

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo .

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.3.3 , 1.1.8, 2.4.3, 2.4.7, 4.1.7, 4.1.8 5.2.4 e 6.2.2.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de guías repartidas.



3.2.2. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS

DESCRICIÓN

A Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 establece como unha das súas prioridades a de enfrontar os riscos psicosociais que afectan as persoas traballadoras, como o estrés, a violencia ou o desgaste profesional, entre outros, e a de procurar reducir, con carácter xeral, os danos na saúde das persoas, tanto en accidentes laborais como en enfermidades profesionais. Este marco estratéxico pon énfase tanto nos riscos psicosociais tradicionais como nos novos riscos que emerxen neste ámbito, relacionados coa saúde mental.

Os trastornos mentais constitúen xa a segunda causa de incapacidade temporal en España. Aínda que se trata dunha tendencia xeneralizada en todo o país, Galicia é unha das comunidades con maior incidencia dos procesos relacionados co estrés ou a ansiedade.

É necesario integrar de forma rigorosa e mantida no tempo a xestión dos riscos psicosociais, que actúe na orixe e conte coa participación activa das persoas traballadoras. Aínda que a prevención de riscos psicosociais é un tema cada vez máis relevante, a súa aplicación práctica en moitos casos segue sendo deficiente.

Un recente estudo sobre a xestión do risco psicosocial en España e o uso das técnicas cualitativas na empresa publicado polo INSST alcanza unha serie de conclusións que dá idea de diferentes liñas de actuación para a mellora da xestión dos riscos psicosociais nas empresas, onde se inclúe:

- A intervención considérase a gran materia pendente da xestión psicosocial. É necesario sensibilizar e concienciar sobre a obrigación de xestionar os riscos psicosociais como o resto dos riscos laborais.
- O persoal dedicado a riscos psicosociais é escaso en comparanza con outras especialidades, tanto en SPP como en SPA.

ACTUACIÓNS

- A. Seminario do ISSGA sobre o proceso de avaliación e integración preventiva no ámbito da psicosocioloxía aplicada, coas seguintes características:
 - Obxectivo: apoiar a integración real da xestión psicosocial nas empresas e poñer en valor e especializar ao persoal técnico ao que lle corresponde asesorar nesta materia.
 - Dirixido a persoal técnico de PRL dos servizos de PRL da especialidade de ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como ao persoal que preste servizos nos gabinetes das organizacións sindicais e empresarial e asesore ás empresas e ao persoal traballador neste ámbito.
 - Trátase dunha formación teórico práctica de 8h de duración repartida en dúas sesións de 4 horas, na mesma semana, estimando unha asistencia máxima de 20 persoas.
 - A impartición levarase a cabo en todas as provincias.
 - Temario: Metodoloxías, métodos e ferramentas cuantitativas e cualitativas.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación, medicina no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 2.4.3 e 3.2.1.



3.2.3. RISCOS ERGONÓMICOS E PREVENCIÓN DOS TME

DESCRIPCIÓN

No ámbito laboral, os TME son unha das enfermidades máis frecuentes e supoñen un importante problema de saúde, tanto polo custo na calidade de vida das persoas como polo custo económico e social que supón para as organizacións.

Estímase que en Europa uns 40 millóns de traballadores padecen TME causados polo traballo. En Galicia máis dunha terceira parte dos accidentes de traballo en xornada laboral débense a sobreesforzos e ao redor dun 70% das enfermidades profesionais comunicadas son lesións de tipo musculoesquelético.

ACTUACIÓNS

- A. Incrementar a investigación das enfermidades profesionais por TME: analizar os casos investigados de enfermidades profesionais do ombreiro, grupo 2D0101 (patoloxía tendinosa crónica do maguito rotador), e da man, grupo 2D0301 (tendinite e tenosinovite do polgar), e as causas principais detectadas logo da actuación do persoal técnico do ISSGA, en relación aos riscos ergonómicos de posturas forzadas e movementos repetitivos. Esta análise de causas servirá á empresa para a mellora e a identificación das condicións de traballo determinantes da aparición da enfermidade e a implantación de medidas preventivas.
- B. Difusión da prevención do TME no traballo en salóns de peiteado, considerando, ademais dos axentes físicos, a influencia dos factores de risco psicosocial.
- C. Campaña de prevención de TME nos talleres de reparación de vehículos, considerando, ademais dos axentes físicos, a influencia dos factores de risco psicosocial.
- D. Elaboración dun documento para a campaña de prevención de TME no persoal de limpeza.
- E. Execución en Galicia do Plan de actuación para a redución dos TME aprobado na CNSST e a análise sistemática da sinistralidade que deriva dos TME, co fin de detectar actividades prioritarias de intervención en función da sinistralidade e poboación en risco, como no caso das cadeas de montaxe industrial e a industria conserveira.
- F. Sensibilización sobre prevención de TME no sector servizos e tamén no colectivo de traballadores autónomos, considerando, ademais dos axentes físicos, a influencia dos factores de risco psicosocial.
- G. Actuacións dirixidas á prevención dos riscos pola utilización de dispositivos móbiles, e introdución en riscos novos e emerxentes derivados da utilización de novas tecnoloxías, para determinar os riscos na saúde e propoñer medidas preventivas e correctoras.
- H. Difundir o repertorio de métodos de avaliación para a prevención de TME.
- I. Elaborar e difundir o estudo sobre sinistralidade laboral por TME e realizar campaña en función dos resultados do estudo.
- J. Análise sobre o uso de exoesqueletos en determinadas actividades, tanto para o asesoramento a mariscadoras como á autoridade laboral para a súa introdución nas liñas de axuda.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.4.1, 2.4.2, 2.4.3, 2.4.4, 4.1.7 e 4.1.8.



3.2.4. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS ERGONÓMICOS

DESCRICIÓN

A Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 establece como unha das súas prioridades a de avanzar cara a unha protección máis eficaz dos riscos psicosociais e ergonómicos, impulsando campañas para a prevención dos riscos ergonómicos e así evitar a aparición de trastornos musculoesqueléticos (TME), así coma elaborando e difundindo guías e documentos que faciliten ás empresas, especialmente ás pemes, a xestión destes riscos.

Para avanzar cara a unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, a estratexia inclúe o asesoramento e sensibilización ás empresas e ás súas organizacións preventivas mediante campañas de información e formación técnica sobre a avaliación e control dos riscos derivados da dixitalización e das transicións demográfica, ecolóxica e climática, incluíndo os riscos ergonómicos e a prevención dos TME.

ACTUACIÓNS

- A. Seminario do ISSGA sobre o proceso de avaliación e integración preventiva no ámbito da ergonomía, coas seguintes características:
- Obxectivo: apoiar a integración real da xestión dos riscos ergonómicos nas empresas e poñer en valor e especializar ao persoal técnico ao que lle corresponde asesorar nesta materia.
 - Dirixido a persoal técnico de PRL dos servizos de PRL da especialidade de ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como ao persoal que preste servizos nos gabinetes das organizacións sindicais e empresarial e asesore ás empresas e ao persoal traballador neste ámbito.
 - Trátase dunha formación teórico práctica de 8h de duración repartida en dúas sesións de 4 horas, na mesma semana, estimando unha asistencia máxima de 20 persoas.
 - A impartición levarase a cabo en todas as provincias.
 - Temario: Aplicación práctica de Metodoloxías ergonómicas de posturas, manipulación de cargas e movementos repetitivos.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación, medicina no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 2.4.1, 2.4.3 e 3.2.1.



3.2.5. IGUALDADE LABORAL

DESCRIPCIÓN

Todas as empresas están obrigadas por lei a respectar a igualdade de trato e de oportunidades e a adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.

Os riscos laborais non son os mesmos nin afectan de igual maneira a mulleres e homes, existe actualmente un amplo consenso técnico e social con respecto a que as políticas e prácticas de prevención deben incorporar a atención ás diferenzas e desigualdades, entre elas as de sexo e xénero, para consolidar o obxectivo e o dereito á protección fronte aos riscos laborais.

Incorporar a perspectiva de xénero supón un enfoque transversal en toda a política e actividade preventiva da empresa. Neste sentido o plan de igualdade é unha ferramenta clave xa que debe incorporar a PRL no seu diagnóstico, nas súas medidas de acción, e no seu seguimento.

O obxectivo é fomentar unha PRL con perspectiva de xénero a partir da análise da súa integración no plan de igualdade que é obrigatorio pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en todas as empresas con 50 ou máis persoas traballadoras, e cuxo desenvolvemento se establece no Real Decreto 901/2020, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

No caso das empresas que non teñan a obrigación segundo a normativa vixente, a dirección da empresa pode proceder á elaboración e implantación de plans de igualdade, previa consulta ou negociación coa representación legal das persoas traballadoras, séndolles de aplicación o regulado na normativa aplicable.

O plan de igualdade permite xerar sinerxías entre dúas materias transversais, a SST e a igualdade, como unha oportunidade para integrar a perspectiva de xénero en PRL.

ACTUACIÓNS

- A.** Asesoramento, divulgación e difusión de actuacións relacionadas coa necesidade de incluír a PRL no plan de igualdade nas empresas. En concreto, elaboración dun folleto ou infografía eminentemente práctica sobre Integración da PRL nos plans de igualdade. Este traballo terá como base o proxecto do INSST (negociando o plan de igualdade e seguridade, hixiene ergonomía e psicosocioloxía: máis aló do embarazo e lactación).
- B.** Campaña sensibilización con ferramentas e exemplos reais de integración da PRL e igualdade.
- C.** Xornadas e foros de difusión propios do ISSGA ou en colaboración. Especial colaboración e axuda técnica a sectores e actividades altamente feminizadas para a promoción da mellora das súas condicións de seguridade e saúde laboral e benestar no traballo.
- D.** Participación como docentes no campus de igualdade da SXERL que é un espazo dixital dirixido a fomentar, sensibilizar e formar á sociedade na igualdade laboral efectiva entre homes e mulleres, a través de accións formativas, recursos e información de actualidade enmarcadas en diferentes ámbitos como a PRL con enfoque de xénero, a conciliación e a corresponsabilidade, o acoso laboral, o teletraballo, entre moitas outras. En concreto, por parte do ISSGA colaborárase tecnicamente:



- Desenvolvemento de microformacións en liña sobre PRL con perspectiva de xénero, conciliación, teletraballo seguro e acoso laboral.
 - Sesións monográficas sobre integración real PRL–igualdade y metodoloxías de diagnóstico con perspectiva de xénero.
 - Participación en debates virtuais y webinars especializados.
- E.** Participación na difusión da “Guía de indicios para a detección de vítimas de violencia de xénero para a empresa. Como actuar fronte á violencia de xénero no ámbito laboral”, impulsada polas consellerías competentes en materia de igualdade e emprego, cuxo obxectivo xeral é prestar apoio ás empresas e ás persoas traballadoras na prevención e á erradicación da violencia de xénero e as violencias contra as mulleres sendo pioneira na aplicación da Directiva (UE) 2024/1385.
- F.** Participación no grupo da RISST “Integración da perspectiva de xénero na PRL”:
- Elaboración e difusión das NTP sobre a violencia sexual no traballo dende a PRL.
 - Elaboración e difusión do documento de Identificación e avaliación de riscos laborais con perspectiva de xénero.
- Ter en conta a integración destas recomendacións nos documentos do ISSGA.
- G.** Colaboración nas políticas de igualdade laboral da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
- H.** Incorporación sistemática da perspectiva de xénero en toda a documentación técnica do ISSGA, tendo en conta a nova Guía de linguaxe non sexista e inclusiva da Consellería de Política Social e Igualdade.
- I.** Asesoramento técnico para integrar a perspectiva de xénero na xestión preventiva das empresas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Principio informador de carácter transversal 2 perspectiva de xénero e igualdade laboral.



3.2.6. XESTIÓN DA IDADE E DA DIVERSIDADE XERACIONAL

DESCRIPCIÓN

A integración da perspectiva da idade e a diversidade xeracional na xestión da seguridade e saúde no traballo é unha tarefa esencial para protexer a saúde de todos os colectivos.

Os cambios normais relacionados coa idade poden ser tanto positivos como negativos. Moitos atributos, como a sabedoría, o pensamento estratéxico, a percepción holística e a capacidade para deliberar, aumentan ou aparecen por primeira vez ao avanzar a idade. A experiencia laboral e os coñecementos técnicos tamén se acumulan coa idade. Con todo, algunhas capacidades funcionais, sobre todo de carácter físico e sensorial, diminúen como consecuencia do proceso natural de envellecemento. Por todo isto, deberase ter en conta e integrarse tanto na avaliación de riscos como na planificación da actividade preventiva, xa que as condicións organizativas son pezas fundamentais para que sexa posible un desempeño adecuado a calquera idade.

ACTUACIÓNS

- A. Campaña de divulgación e sensibilización co obxectivo de incorporar a importancia da xestión da idade durante toda a vida laboral. Durante a vixencia da estratexia galega iranse realizando campañas específicas para sectores e actividades concretas.
- B. Difusión a través dunha guía ISSGA de recomendacións e boas prácticas sobre a integración da perspectiva da idade e a diversidade xeracional na xestión da seguridade e saúde no traballo.
- C. Promoción de boas prácticas na xestión da idade nas empresas galegas no marco da NTP do INSST.
- D. Participación no subgrupo de traballo de transición demográfica da CNSST.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.8 e 4.1.3.



3.2.7. TRABALLOS SEGUROS E SAUDABLES NA ERA DIXITAL

DESCRIPCIÓN

A dixitalización no mundo do traballo está a provocar cambios importantes e obrigándonos a atopar solucións novas e actualizadas para a saúde e a seguridade laboral. Tecnoloxías como a intelixencia artificial (IA), o big data, os robots colaborativos, o internet das cousas, os algoritmos, as plataformas dixitais de traballo e, ao mesmo tempo, un aumento significativo no número de persoas que traballan a distancia ou teletraballan, ofrecen oportunidades para o persoal traballador e o empresariado, pero tamén novos desafíos e riscos na contorna laboral aos que facer fronte. As medidas de prevención deberán facer fincapé na necesidade de formulacións centradas nas persoas e na prevención desde o deseño para garantir a saúde, seguridade e benestar dos traballadores.

ACTUACIÓNS

- A. Difusión da campaña Chaves sobre dixitalización e persoas maiores, dirixida a facilitar en termos de PRL o cambio a un traballo cun peso moito maior da dixitalización.
- B. Actuacións formativas e de sensibilización en liña coa campaña europea con horizonte 2027.
- C. Difusión de recomendacións e boas prácticas preventivas no teletraballo.
- D. Sensibilizar desta problemática no ámbito laboral e realizar xornadas técnicas en colaboración con outros actores implicados para dar a coñecer as posibles aplicacións e medidas preventivas en relación coa dixitalización.
- E. Difusión da campaña sobre desconexión dixital: fora da xornada laboral do INSST.
- F. Análise e difusión de ferramentas de intelixencia artificial aplicadas á xestión preventiva e á saúde laboral.
- G. Participación no subgrupo de traballo de transición dixital da CNSST.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.8, 2.4.5, 3.2.2 e 5.3.5.



3.2.8. RISCOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN ECOLÓXICA E CLIMÁTICA. PANEIS SOLARES. TEMPERATURAS EXTREMAS E TRABALLO

DESCRICIÓN

As transicións ecolóxica e climática traen consigo riscos novos ou emerxentes que afectan á seguridade e saúde das persoas traballadoras e que necesitan unha adecuada xestión por parte das empresas.

Por unha banda, a maior concienciación polo coidado do medioambiente supón a evolución cara a unha economía sustentable e un maior fomento de enerxías renovables e empregos verdes que necesitarán plans de actuacións específicos para a mellora das condicións de SST.

En concreto, dende o ISSGA existe unha preocupación en relación coas medidas de seguridade para evitar caídas de altura durante a instalación de paneis solares en cubertas, así como coas medidas de protección no seu mantemento (acceso adecuado, proteccións para evitar a caída, etc.), posto que estas instalacións precisan dun mantemento continuo e dun acceso moito máis asiduo ás cubertas, co risco que isto supón. Das conclusións obtidas nas visitas efectuadas denótase que non está recollido na avaliación de riscos laborais, é frecuente que non exista documentación CAE, en máis do 50% non estaba previsto ningún acceso e nun número importante faltaban as proteccións colectiva contra caída ao exterior e case ningunha tiña protección colectiva contra caída no interior cando se presentaba este risco.

Por outra banda, a clara evidencia dos efectos do cambio climático, trae consigo un aumento xeral das temperaturas e fenómenos cada vez máis extremos que se van producir tamén con maior frecuencia. No ámbito laboral as persoas se atopan nunha especial vulnerabilidade e por iso é necesario insistir nas medidas preventivas e de protección para a saúde cando existe risco de estrés térmico por exposición a altas temperaturas durante a xornada laboral, ao tempo que hai que ter en conta as o cumprimento legal segundo o recentemente modificado Real decreto 486/1997, no tocante ás "Condições ambientais no traballo ao aire libre".

ACTUACIÓNS

- A. Realización de actividades de sensibilización sobre a seguridade na instalación e mantemento de paneis solares para a difusión de dous documentos informativos sobre os riscos e as medidas preventivas na instalación e o mantemento de paneis solares en cuberta. Promover o coñecemento desta problemática ante as administracións que promoven ou subvencionan este tipo de traballos.
- B. Visitas a obras de instalación de paneis solares en cuberta, tanto en obras novas como en edificacións en uso, para comprobar as medidas de protección de caídas de altura durante a súa montaxe.
- C. Realización de visitas a empresas que contén con paneis en uso para comprobar como teñen previstos os accesos e as proteccións para evitar caídas de altura tanto ao exterior como ao interior nos labores de mantemento.



- D. Informar e concienciar dos perigos das altas temperaturas durante a xornada laboral, especialmente na época estival cando se activen as alertas.
- E. Participación no protocolo de actuacións da Xunta de Galicia fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde, informando sobre os traballos nos que poder haber risco por calor, os seus efectos e como evitar os seus danos e mesmo da actuación ante un golpe de calor e prestando asesoramento técnico sobre o traballo con altas temperaturas.
- F. Dar información ou xornadas técnicas para a prevención dos novos riscos derivados dos efectos do cambio climático, en colaboración con outras unidades directivas da Xunta de Galicia, en especial Emerxencias e Protección Civil, Meteogalicia, Sanidade, etc. Ter en conta e difundir o protocolo fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos do Consello Galego de Relacións Laborais como cláusula modelo e contido mínimo nos convenios colectivos.
- G. Participar na campaña a nivel nacional sobre Fenómenos meteorolóxicos adversos con información sobre a exposición a calor, radiación UV, inundacións, vento elevado, entre outros e as medidas preventivas a adoptar para evitar danos para a saúde.
- H. Adherirnos a campañas que se deriven dos grupos de traballo a nivel nacional nos que participamos ou de elaboración propia polo ISSGA e en colaboración con outras unidades directivas da Xunta de Galicia.
- I. Realización de actuacións por parte do persoal habilitado en traballos á intemperie en relación á exposición a altas temperaturas e á exposición a radiación solar. Elaboración dun protocolo de actuación tendo en conta a guía de actuación de la ITSS sobre fenómenos meteorolóxicos adversos recentemente publicada.
- J. Participación cando se aprobe a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo e hixiene industrial.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.8 e 3.2.1.



3.2.9. UNIDADES DE REFERENCIA EN PRL: NOVAS FORMAS DE TRABALLO E DE RESPOSTA ANTE POSIBLES CRISES DE SAÚDE FUTURAS

DESCRICIÓN

A disposición adicional 2ª do Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA, contempla a posibilidade de que o ISSGA cree unidades de referencia, de considerarse necesario, nas distintas disciplinas preventivas, co obxecto de optimizar os recursos existentes e debido ás demandas da seguridade e saúde laboral. En virtude desa disposición, no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, modifícanse os estatutos do ISSGA para crear a Unidade de referencia COVID-19.

Rematada a situación de emerxencia sanitaria en Galicia a unidade finaliza a súa vixencia para o fin que foi creada, pero debe reformularse para seguir a liña clave do marco estratéxico da UE relativa á necesaria preparación para futuras pandemias. En consecuencia, é preciso manter e divulgar o coñecemento obtido do traballo da unidade COVID-19 e seguir dentro do Instituto cunha liña de especialización, sobre todo en hixiene industrial e medicina do traballo, para afrontar e servir de axuda aos centros de traballo en futuras posibles crises. O anterior sen descoidar un aspecto clave que serán os riscos psicosociais agravados por mor desta situación.

Tanto o marco europeo como as estratexias española e galega inciden na necesidade de dar resposta dende o eido preventivo ás novas formas de traballo, o que fai necesario traballar de xeito coordinado desde as distintas disciplinas na información e formación neste eido.

ACTUACIÓNS

- A. Analizar a creación dunha unidade de referencia ou similar para a análise da PRL asociada ás novas formas de traballo e atender a posibles crises de saúde futuras no ámbito laboral co fin de dar unha resposta áxil e con rigor técnico ante estes novos escenarios na procura de solucións preventivas.
- B. Ser a canle para os interlocutores sociais en situacións que se poidan dar no centro de traballo ou na contorna laboral, sen prexuízo da debida coordinación coa autoridade sanitaria, mediante a elaboración de documentación técnica, asesoramento técnico especializado, coordinación cos servizos sanitarios e participación con organizacións e atención a consultas.
- C. Abordar as reflexións e mensaxes claves para a PRL recollidas no documento "Conxugar saúde laboral e saúde pública en tempos de pandemia", co obxectivo de prepararse para afrontar no ámbito laboral futuras pandemias, seguindo a liña da unidade COVID-19 que se comportou como unha referencia no ámbito laboral.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e unidade de referencia.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.3.2, 3.1.2, 3.1.3 e 3.1.4.



3.2.10. REDE INTERTERRITORIAL DE SST: GRUPOS DE TRABALO

DESCRICIÓN

A Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST) é un foro que ten como obxecto principal a cooperación e coordinación das actuacións desenvolvidas polo INSST e polos Institutos ou órganos máximos competentes en materia de seguridade e saúde no traballo das Comunidades Autónomas. No 2026 faranse reunións da Rede en Murcia e en Baleares.

O desenvolvemento de proxectos técnicos ou accións conxuntas específicas entre os membros da Rede articularase por medio de grupos de traballo técnicos e subgrupos.

Esta ficha lerase en conxunto cos grupos de traballo que figuran na ficha 1.1.1, onde se detallan os grupos de traballo e os subgrupos creados nos mesmos.

ACTUACIÓNS

- A. Formar parte, mediante a designación de persoal técnico do ISSGA, nos seguintes grupos de traballo técnicos da RISST:
 - Integración da perspectiva de xénero en PRL (subgrupo criterios técnicos homoxéneos para a xestión preventiva con perspectiva de xénero)
 - Xestión de riscos psicosociais
 - Amianto (subgrupos formación e Guía para o seguimento e control da execución do plan de traballo "checklist")
 - Coordinación de actividades formativas e divulgativas
 - Criterios de calidade dos servizos de prevención (subgrupo calidade técnica)
 - Aqueles grupos que existían como anterioridade á creación da Rede no denominado Comité técnico mixto AGE-CCAA.
- B. Fomentar o intercambio de información no ámbito da SST.
- C. Promover a adopción de criterios técnicos homoxéneos no ámbito da SST.
- D. Fomentar a participación conxunta en actividades e proxectos técnicos, mediante unha planificación coordinada.
- E. Difundir os resultados obtidos pola Rede e dar información aos axentes sociais no marco do Consello Reitor.
- F. Atender ás necesidades formativas e divulgativas de maneira organizada e coordinada para dar unha resposta adecuada ás necesidades expostas polo persoal técnico da Rede.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 2.1.1, 2.1.2, 2.6.1, 3.1.6 e 5.3.1.



DURACIÓN

A duración determinada que se estableza na súa creación.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de grupos de traballo.
- Número de reunións.



EIXE 4: PROGRAMAS POR SECTORES E POR COLECTIVOS

Este eixe inclúe actuacións dirixidas a aqueles sectores que polos seus riscos ou pola súa sinistralidade precisen especial atención, ademais de incidir na solución dos riscos e actividades con tradición en Galicia. Para isto atenderase ás novidades técnicas e normativas en constante evolución que afectan ás distintas disciplinas preventivas. Terase en conta que moitos destes sectores están integrados por pemes e micropemes que precisan dunha especial tutela por parte deste órgano técnico.

Recóllense tamén actuacións dirixidas a acompañar e integrar a PRL nos colectivos máis vulnerables, así como a promoción da SST no traballo autónomo.

O deseño e execución das actuacións recollidas nestes programas farase coa participación e colaboración dos interlocutores sociais con representación no órgano colexiado superior de goberno do ISSGA.

Este eixe, que principalmente acada o cumprimento do **OE 4 Atender as necesidades dos colectivos que precisan dunha especial protección pola súa vulnerabilidade, os seus riscos ou a súa sinistralidade**, divídese en **2 obxectivos operativos e 16 fichas de actividade**:

OP 4.1 Actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade

4.1.1. Plan de choque ante os accidentes recorrentes e as situacións de risco que se manteñen no tempo

4.1.2. Construción e afíns

4.1.3. Plan de grandes obras e obra civil

4.1.4. Sector forestal, actividade de silvicultura. Industria madeireira

4.1.5. Sector agrario e gandeiro

4.1.6. Pesca e afíns

4.1.7. Industria

4.1.8. PRL na actividade de xestión de residuos

4.1.9. Servizos

4.1.10. Montaxe e desmontaxe de eventos e coordinación de actividades

OP 4.2 Reforzo da protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles, dos colectivos vulnerables e do emprego autónomo

4.2.1. Persoas traballadoras especialmente sensibles

4.2.2. Sectores e actividades económicas feminizadas ou con alta presenza de mulleres

4.2.3. Asesoramento técnico e colaboración con colectivos de mariscadoras e redeiras para a PRL e PST

4.2.4. Protección da maternidade no ámbito laboral

4.2.5. Persoal coidador de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar

4.2.6. Promoción da PRL nas traballadoras e traballadores autónomos



OP 4.1 Actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade

4.1.1. PLAN DE CHOQUE ANTE OS ACCIDENTES RECORRENTES E AS SITUACIÓNS DE RISCO QUE SE MANTEÑEN NO TEMPO

DESCRIPCIÓN

Das investigacións dos AT realizadas polo persoal técnico do ISSGA, do traballo de campo que se realiza nas diferentes campañas e asesoramentos técnicos, así como da análise da información estatística que provén da tramitación do Delt@, considérase preciso iniciar nas catro provincias un plan de choque contra a sinistralidade laboral máis significativa, que abrangue dous ámbitos:

- AT recorrentes que obedecen ás mesmas ou similares causas e dos que dispoñemos de información porque foron investigados polo ISSGA. Tomaranse como base os AT investigados nos 3 anos anteriores, salvo que a criterio técnico se considere necesario actuar sobre os AT leves, priorizaranse os graves e mortais.
- Situacións de risco que producindo ou podendo producir AT sexa necesario asesorar tecnicamente para incidir nas medidas preventivas referidas sobre todo a actividades que se incrementan ou que tradicionalmente non son adecuadamente xestionadas de xeito preventivo (caída de altura ligadas a actividades tradicionais e a outras que emerxen como risco, por exemplo, debido á instalación e mantemento de paneis solares ou a retirada de cubertas con amianto, atrapamentos con máquinas como por exemplo debido a botar a man por un atasco ou desaliñamento en traballos de conserveiras e panaderías, tropezos ou esvaróns por deficiente orde e limpeza, mal uso e falta de suxeición das escadas de man, atropelos por non delimitación das zonas de tránsito nos talleres ou naves industriais, deficiencias no almacenamento de materiais, entre outros).

O obxectivo é achegarse aos lugares de traballo cun asesoramento técnico específico respecto ás medidas preventivas que se deben adoptar para a non repetición dos sinistros polas mesmas causas ou ben asegurarse da efectividade das medidas preventivas ante situacións de risco detectadas ou posibles.

ACTUACIÓNS

- A. Seleccionar os AT investigados, priorizando mortais e graves, ocorridos nos últimos tres anos e atendendo de xeito especial á recorrencia na mesma actividade.
- B. Analizar situacións de risco sobre as que actuar por mor do coñecemento técnico derivado do traballo de campo e da emerxencia do risco por aumento da actividade ou pola detección da frecuencia vinculado ou non a un sinistro.
- C. Formar un grupo de traballo con persoal técnico específico para a elaboración dun cuestionario e informe harmonizado e todo o necesario para o desenvolvemento das visitas aos lugares de traballo.



- D.** En función da investigación previa e da comprobación na visita, realizarase un asesoramento á empresa na elaboración e implantación de procedementos de traballos seguros, emprego de EPI adecuados para as tarefas que desenvolvan, etc.
- E.** Proporcionar documentación técnica elaborada polo ISSGA: campaña de paneis solares, caída de altura, escadas, amoladoras, etc.
- F.** Promover a integración da prevención nas empresas: dirección, mandos intermedios e persoal traballador.
- G.** No caso de que este asesoramento técnico non sexa atendido ou non de os resultados esperados, darase conta para actuación do persoal técnico habilitado con capacidade de requirimento e de trasladar o informe dos posibles incumprimentos á ITSS.
- H.** Iniciarase no 2026 a elaboración dun informe de conclusións que abranguerá un mínimo de 3 anos cos datos e resultados deste plan de choque, para a súa presentación no Consello Reitor.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Áreas técnicas: seguridade no traballo e persoal técnico habilitado.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.2.1 e 4.2.2.



4.1.2. CONSTRUCCIÓN E AFÍNS

DESCRINCIÓN

Estamos ante unha actividade de alto risco na que se traballa de xeito continuo. Nesta ficha inclúense actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector da construción e afíns, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Actuacións para a mellora de hábitos laborais no sector da construción e afíns e fomentar a selección adecuada e o uso correcto de material, equipos de traballo e equipos de protección individual.
- B.** Actuacións específicas sobre o risco de caída nos traballos en altura, especialmente enfocadas ao traballo en plataformas elevadoras móbiles de persoas, estadas, guindastres, cubertas, cubertas fráxiles e escadas. De xeito singular farase unha campaña informativa e de asesoramento técnico sobre as medidas preventivas para o risco de caída de altura por rotura de pranchas de fibrocemento. Debido á complexidade e para a unificación de criterios procederase a elaborar uns protocolos de actuación únicos elaborados de forma participativa polo persoal técnico de seguridade.
- C.** Alerta ISSGA: traballo seguro en andamios. Darase difusión mediante unha campaña propoñendo medidas preventivas para os riscos propios dese traballo.
- D.** Dar continuidade á colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC), entidade na que están presentes parte dos interlocutores sociais, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a FLC, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o ISSGA denominado Proxecto "Benseguro". Impartición polo ISSGA da formación da TPC recollida no Convenio Colectivo da Construción.
- E.** Campaña de información, asesoramento técnico e formación para o persoal implicado en traballos de construción onde pode haber contacto e manipulación de materiais con amianto. Utilizarase a publicación "Alerta ISSGA, pode haber amianto".
- F.** Campaña informativa dirixida aos administradores de fincas para que teñan toda a información e trasladen as obrigas e medidas preventivas aos propietarios de fincas que realicen obras.
- G.** Abordar os riscos asociados ás novas tendencias do sector da construción, singularmente na información e asesoramento técnico para a identificación de riscos e medidas preventivas asociadas á manipulación de materiais que conteñan nanomateriais.
- H.** Continuar coa difusión do Manual do recurso preventivo elaborado no seo do grupo CANO.
- I.** Participación nos grupos de traballo que atinxen a este sector ou actividades referenciados na ficha 1.1.1.
- J.** No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas en construción: Risco de caídas en traballos en altura (proteccións colectivas e individuais). Estadas. Rehabilitación de cubertas e fachadas; Risco de caídas no uso e correcta colocación da escada; Coordinación de actividades e outros riscos; Montaxe e desmontaxe de escenarios/ eventos.
- K.** Outras actuacións que se decidan en colaboración cos interlocutores sociais.



A estas actuacións deberán unirse, por dirixirse ao sector de construción e afíns, outras accións descritas no apartado de campañas e formación.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.1.3, 2.6.1, 2.6.5, 2.6.6, 4.2.1, 4.2.2 e 5.1.2.



4.1.3. PLAN DE GRANDES OBRAS E OBRA CIVIL

DESCRIPCIÓN

Este plan execútase en conxunto coa ITSS de Galicia.

Consiste no asesoramento e control sobre a PRL nas grandes obras e na obra civil que se realiza na Comunidade Autónoma de Galicia. Polas peculiaridades que presentan dende o punto de vista preventivo (magnitude), implican a numerosos traballadores e traballadoras, habitualmente recorréndose á figura da subcontratación, utilización de técnicas construtivas complexas e novas, etc.

ACTUACIÓNS

- A. Prestar asesoramento técnico á Inspección de Traballo e Seguridade Social nestas obras.
- B. Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de traballo nas obras civís de gran entidade.
- C. Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores/as de seguridade e saúde nestas obras.

Durante o 2026 o ISSGA ten previsto actuar nas seguintes obras, con independencia doutras cuxa execución poida comezar este ano:

A Coruña

- Ampliación do CHUAC
- Conexión vía Ártabra - AP9
- Acceso ferroviario ao Porto Exterior Punta Langosteira
- Área Intermodal de transporte de viaxeiros da Coruña
- Autovía AP54

Lugo

- Autoestrada A54 Lugo – Santiago de Compostela. Tramo: Enlace de Melide (Sur) – Enlace de Palas de Rei
- Renovación da liña de ferrocarril de Covas a Monforte e de Monforte a Lugo
- Construción do novo Túnel de Oural no tramo ferroviario de Monforte a Lugo
- Nova estación ferroviaria de la estación intermodal de Lugo
- Terminal de autobuses de la estación intermodal de Lugo
- Prolongación variante ferroviaria de A Pobra de San Xiao
- Planta de Biotecnoloxía para a explotación, engorde e procesado de fariña de larva. Alternative Fats and Proteins of Galicia. Carretera LU-231 Km 13,5, Palas de Rei . Lugo.
- 146 Vivendas de Promoción Pública en Garabolos. Lugo.
- Ampliación do Hospital da Mariña. Burela, Lugo.

Ourense

- Obras AVE variante exterior, Ourense
- Obras estación AVE Ourense
- Obras no Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense
- Obras primeiro tramo A-56 Ourense - Lugo
- Obras de Circunvalación de O Barco de Valdeorras



Pontevedra

- Autovía AG-59 (Santiago de Compostela – A Estrada), tramo: Pontevea – O Rollo
- Autovía AG-42 (Tui – A Guarda), tramo: enlace Areas – enlace PO-350
- Reforma das gradas do estadio municipal de Balaídos de Vigo
- Celta 360
- Urbanización Barrio do Cura en Vigo

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.2.1 e 4.2.2.



4.1.4. SECTOR FORESTAL, ACTIVIDADE DE SILVICULTURA. INDUSTRIA MADEIREIRA

DESCRICIÓN

Desenvolver accións de asesoramento, información e sensibilización co obxecto de diminuír a sinistralidade laboral no sector forestal, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Estas actuacións desenvolveranse na medida do posible coa Axencia Galega da Industria Forestal e coas organizacións sectoriais representativas do sector forestal e madeireiro.

ACTUACIÓNS

- A. Programa de PRL na actividade forestal a través da colección Os Implanta do ISSGA_Forestal.
- B. Impulso para a mellora da xestión preventiva, sobre todo nas operacións de maior risco e alta sinistralidade, facilitando asesoramento técnico, documentación, etc. aos servizos de prevención de riscos laborais do sector. Impulso da xestión mancomunada da PRL no sector.
- C. Programa de prevención de riscos e redución da sinistralidade na actividade forestal e industria madeireira, nas operacións de maior accidentabilidade no traballo no monte, e investigación causal destes accidentes, incluídos os do persoal autónomo.
- D. Campañas de información e asesoramento técnico sobre puntos claves nesta actividade como son a continua formación en PRL, as medidas preventivas dos sinistros máis recorrentes e a importancia dunha adecuada coordinación de actividades. Elaboración de fichas de investigación de accidentes de traballo para xerar e transmitir coñecementos para evitar sinistros recorrentes a través dunha adecuada seguridade e prevención.
- E. Análise estatístico da accidentabilidade no sector forestal no período 2019-2024.
- F. Achegar información sobre o uso seguro de equipos de traballo, en particular no manexo de maquinaria forestal, mediante cursos de información e formación de carácter práctico.
- G. Dar continuidade ao grupo de traballo do ISSGA con técnicos do sector que vén funcionando dende o ano 2016, para atallar a recorrencia dos accidentes de traballo, en moitos casos graves e mortais, nas operacións de tala nos montes, e para a proposta e asunción de medidas correctoras e preventivas nos traballos forestais. Trasladar dende o ISSGA ao sector os aspectos preventivos que precisan melloras e que xa contan cun consenso técnico.
- H. Participar no subgrupo de traballo de forestal da CNSST.
- I. Difusión dos documentos actualizados e elaborados polo grupo do sector agrario da CNSST sobre enfermidades profesionais.
- J. Continuar coa difusión da documentación técnica en colaboración coas entidades representativas do sector, froito do grupo de traballo do documento da análise das áreas de seguridade no manexo da maquinaria. Continuar coa difusión da ficha de planificación e identificación de riscos do aproveitamento forestal e a ficha de revisión periódica preventiva de maquinaria móbil e sinalización.
- K. Difusión do documento ISSGA Planificación dos traballos de aproveitamento forestal. Zonas perigosas.
- L. Difundir ao sector, mediante as xornadas que se soliciten, a información recollida nas publicacións Alerta ISSGA_Corte de árbores sentados e Alerta ISSGA_Corte de árbores



apoiados, significándose como especialidade a tradución dos documentos ao romanés. Información e formación nas operacións forestais de maior risco e sinistralidade.

- M.** Dar difusión ás publicacións e material audiovisual elaborados polo Instituto sobre PRL en aproveitamentos forestais. Dar difusión ás App do sector.
- N.** Difusión dos documentos sobre as carrachas e sobre os Equipos de Protección Individual (EPI) elaborados polo ISSGA.
- O.** Publicación e difusión dunha colección de fichas de investigación de accidentes de traballo nas que se describan as circunstancias do accidente, as súas causas principais, medidas preventivas e documentación de interese que permitan un análise preventivo de gran utilidade para postos ou tarefas similares e que permitan mellorar a sensibilización no sector.
- P.** Elaboración dun documento técnico do ISSGA sobre a coordinación de actividades empresariais no sector forestal.
- Q.** Campaña de asesoramento respecto da importancia da formación do posto periódica, teórica e práctica, en PRL no sector forestal polo respectivo servizo de prevención.
- R.** Abordar os novos riscos derivados dos traballos de rehabilitación, limpeza e recuperación que se fan no monte queimado (terreo inestable, caída obxectos, maquinaria pesada, visibilidade, inhalación, etc.).
- S.** Participación dos servizos de prevención propios e mancomunados do sector e das distintas asociacións na elaboración do cuestionario de recollida de datos e para a suma de empresas ao proxecto de mapa de risco químico en Galicia nesta actividade.
- T.** Información a empresas importadoras, distribuidoras e usuarias de trituradoras de madeira en relación co acceso das persoas traballadoras a zonas con risco de atrapamento durante operacións de mantemento e desatranco.
- U.** Continuar coa difusión do Manual do recurso preventivo elaborado no seo do grupo CANO.
- V.** No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas de forestal: equipos de traballo, EPI, organización do traballo, medidas de emerxencia e coordinación de actividades.
- W.** Colaboración coa Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e coas entidades representativas do sector nas actuacións que se soliciten para asesorar e velar polo cumprimento da normativa de PRL no sector.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.7, 2.1.3, 2.5.3, 4.2.1, 4.2.2 e 5.1.2.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de exemplares repartidos da campaña.



4.1.5. SECTOR AGRARIO E GANDEIRO

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector agrario e gandeiro, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Estas actuacións desenvolveranse na medida do posible en colaboración coa Consellería do Medio Rural e coas organizacións sectoriais representativas do sector.

ACTUACIÓNS

- A. Realizar campañas de sensibilización sobre o manexo seguro de maquinaria agrícola, especialmente en relación co manexo seguro do tractor e a seguridade viaria.
- B. Dar continuidade ás campañas de PRL en explotación de gando vacún e a de veterinarios, de existir demanda polo sector ou pola Consellería de Medio Rural.
- C. Actualización técnica dos documentos elaborados polo ISSGA durante os últimos anos: granxas avícolas, uso de grandes máquinas agropecuarias, procesos de maior risco, fitosanitarios, granxas de porcino, etc.
- D. Actualización técnica do material elaborado polo Instituto sobre PRL neste sector, en particular nas actividades relacionadas coa viticultura, nas tarefas de vendima, tratamentos dos viñedos e nos traballos nas adegas.
- E. Participación no subgrupo de vixilancia da saúde no sector agrario da CNSST para a actualización da guía de vixilancia da saúde no sector agrario.
- F. Difusión dos documentos actualizados e elaborados polo grupo do sector agrario da CNSST sobre enfermidades profesionais.
- G. Colaboración coa Consellería do Medio Rural nas campañas previstas para o sector e nas actividades que se soliciten.
- H. Colaborar nos cursos que se demanden pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a formación en PRL dos asesores para o medio rural (vacún de leite, vacún de carne, apicultura, viticultura, etc.).
- I. No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas do agro: Lugares de traballo, caídas de altura e silos; Tractor e outra maquinaria.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4 e 4.2.1.



4.1.6. PESCA E AFÍNS

DESCRIPCIÓN

Realizar, en colaboración coa Consellería do Mar e coas organizacións sectoriais representativas do sector, actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector pesqueiro, continuando co desenvolvemento do programa Vixía e a colaboración e asistencia técnica á ITSS nos programas que desenvolvan neste sector. Debido ao cambio normativo recente revisárase que as empresas cumpran coa cobertura da vixilancia da saúde.

ACTUACIÓNS

- A. Presentación ao sector da colección Lembra do ISSGA adicada á PRL na pesca e afíns.
- B. Promover a mellora dos hábitos de traballo e fomentar o uso correcto de material, equipos de traballo e equipos de protección individual; e fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva.
- C. Difusión e promoción nas confrarías de pescadores, así como nos servizos de prevención mancomunados do sector, do documento Lembra_Uso de dispositivos de salvamento e supervivencia no sector da pesca.
- D. Realización dunha campaña para fomentar o uso do chaleco salvavidas a bordo dos buques pesqueiros, así como un programa de comprobación da existencia de dispositivos de salvamento e supervivencia nas embarcacións de pesca.
- E. Realización de visitas a buques pesqueiros ao abeiro do programa Vixía e solicitar o concerto da vixilancia da saúde nos termos recollidos no art. 22 da LPRL e no art. 37.3 do RD 39/1997 debido á modificación operada polo Real decreto 505/2024, relativo aos recoñecementos médicos de aptitude e a protección da saúde das persoas trabadoras do sector marítimo-pesqueiro embarcadas.
- F. Realización de visitas a buques pesqueiros como asesores técnicos da ITSS durante a realización de recoñecementos para a emisión de certificados de traballo na pesca, en virtude do disposto no Convenio sobre o Traballo na Pesca 2007 (Convenio 188 OIT).
- G. Campaña de difusión das guías de enfermidades profesionais de mariscadoras a pé e redeiras en colaboración con ANMUPESCA e outras asociacións do sector e un foro de encontro que resuma as actividades feitas nos últimos anos no ámbito de patoloxías do traballo das mariscadoras, redeiras e outros traballadores do mar.
- H. Difundir como asesoramento técnico a guía de vixilancia da saúde para este sector elaborada polos institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.
- I. Participación na identificación de medidas preventivas e recomendacións prácticas en PRL para a integración da perspectiva de xénero nos buques pesqueiros de Galicia.
- J. Ampliar as fichas de investigación de accidentes de traballo cos últimos accidentes ocorridos no sector formulando as propostas preventivas e de protección que o podían haber evitado ou minimizado.
- K. Difusión de documentación técnica especialmente elaborada e deseñada para os sectores de bateas, piscifactorías e extracción de recursos específicos.
- L. Participación no grupo de traballo do sector marítimo pesqueiro da CNSST e tamén no subgrupo de traballo para a análise das EP creado para:



- Mellorar a formación e información dos profesionais sanitarios dos servizos de prevención, da atención primaria e especializada dos servizos públicos de saúde e das entidades xestoras e colaboradoras do sistema da Seguridade Social en relación cos riscos profesionais no sector e as enfermidades profesionais no sector da pesca.
 - Realizar campañas informativas dirixidas ao persoal traballador sobre a vixilancia da saúde e os seus beneficios e as enfermidades profesionais.
- M.** Difusión dos documentos actualizados e elaborados polo subgrupo de enfermidades profesionais no sector da pesca da CNSST sobre enfermidades profesionais.
- N.** Difundir a memoria de execución do Plan Nacional de Sensibilización en SST para o Sector Pesqueiro, acordado no grupo de traballo do sector marítimo pesqueiro da CNSST do que forma parte o ISSGA.
- O.** No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas de pesca: EPI, medios de salvamento e de primeiros auxilios; Instalacións contra incendios e recorridos de evacuación. Sinalización; Condicións de seguridade dos equipos de traballo de cuberta, parque de pesca e sala de máquinas; Risco de caída ó mar nas embarcacións de litoral e baixura das flotas de cerco, auxiliares de acuicultura, artes menores de enmalle e marisqueo a flote.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 1.1.7, 2.1.3, 4.2.1 e 4.2.2.

DURACIÓN

Esta actividade ten carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de exemplares repartidos da campaña.



4.1.7. INDUSTRIA

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector da industria, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A. Incorporar a investigación e o estudo sobre riscos novos e emerxentes nas distintas actividades e procesos do sector industrial, en colaboración con entidades representativas do sector en foros de debate en PRL e a súa afectación pola seguridade industrial.
- B. Asesorar para a mellora das condicións de traballo no sector da industria e fomentar o uso correcto do material, equipos de traballo e equipos de protección individual.
- C. Difusión da campaña "Non te amoles" sobre PRL na utilización de máquinas de corte, fresa e lixado manual: amoladoras.
- D. Continuar coa difusión do Manual do recurso preventivo elaborado no seo do grupo CANO.
- E. Elaboración e difusión dunha guía sobre PRL para a prevención e xestión dos riscos ergonómicos, psicosociais e a PST na industria conserveira. Esta guía realízase tendo en conta a información recollida nas visitas de asesoramento técnico e seguimento do cumprimento da normativa de PRL realizadas no 2025. Os traballos desenvólvense en colaboración con ANFACO-CECOPECA.
- F. Participación na elaboración do cuestionario de recollida de datos e para a suma de empresas do sector siderometalúrxico ao proxecto de mapa de risco químico en Galicia
- G. Industria naval: Prevención de accidentes laborais, en particular na actividade de reparación de buques pesqueiros e de construción naval no seu conxunto e no relativo á coordinación de actividades, así como aquelas actuacións que se deriven da Comisión técnica de PRL no sector.
- H. Lousa e granito: fomentar a PRL nos traballos nas canteiras, co reparto e difusión do material elaborado polo ISSGA.
- I. No 2026 o persoal técnico habilitado actuará nos seguintes programas de industria: Equipos de traballo (condicións de seguridade das serras de cinta, amoladoras, etc.); Risco de caídas no uso e correcta colocación da escada; Risco por atrapamentos ou atropelos.
- J. Participación no Consello Galego de Seguridade Industrial, liderado pola Consellería de Economía e Industria, creado para o impulso e a coordinación de criterios e actuacións nesta materia.
- K. Participación na execución dos Plans directores 2025-2027 de automoción e construción naval impulsados pola Consellería de Economía e Industria, así como os de alimentación, loxística, TIC e forestal, unha vez que se poñan en marcha.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.2, 1.1.4, 2.1.3, 2.5.3, 4.2.1, 4.2.2 e 4.2.3.



4.1.8. PRL NA ACTIVIDADE DE XESTIÓN DE RESIDUOS

DESCRIPCIÓN

Ante o crecente problema que supón xestionar os residuos de forma adecuada e co obxectivo de dar resposta ás inquietudes do sector en relación coa PRL, en particular avaliar a situación actual na xestión de residuos industriais en Galicia, prestarase asesoramento técnico para a mellora de xestión da PRL e con iso propiciar a redución dos riscos do sector, os accidentes e as enfermidades profesionais.

O sector conta cuns 4500 traballadores que desenvolven as súas funcións nas 403 empresas repartidas por todo territorio galego, segundo os datos facilitados pola Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia (APROEMA).

No 2025 mantivéronse varias reunións nas que se definiron os obxectivos a cumprir dentro do proxecto e coordináronse as visitas ás empresas colaboradoras. En concreto, realizáronse visitas ás plantas de xestión de residuos non perigosos (plásticos, cartóns, vidros,...), perigosos (aceites, pinturas, disolventes,...) así como, a outras actividades de recente actualidade e crecente importancia, como a reciclaxe de equipos informáticos e aparellos dixitais, paneis solares, etc. No 2026 finalizarase a elaboración da documentación técnica e farase a súa difusión mediante xornadas e visitas de asesoramento ás empresas polo persoal técnico do ISSGA.

ACTUACIÓNS

- A. Elaboración dun documento sinxelo de boas prácticas para a identificación dos riscos e a proposta de recomendacións nas actividades de xestión de residuos industriais, dende a súa xeración ata o seu tratamento final.
- B. Realización de visitas de asesoramento ás empresas colaboradoras e xornadas formativas e informativas para dar a coñecer o documento elaborado polo ISSGA, en colaboración con APROEMA.
- C. Participación na elaboración do cuestionario de recollida de datos e para a suma de empresas ao proxecto de mapa de risco químico en Galicia nesta actividade.
- A. Outras actuacións derivadas da colaboración coas empresas do sector, través de APROEMA.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo e hixiene industrial.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.2, 1.1.4, 2.5.3, 4.2.1 e 4.2.3.



4.1.9. SERVIZOS

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector servizos, especialmente nas actividades de supermercados, limpeza, transporte e cosmética.

ACTUACIÓNS

- A. Campaña de prevención dos riscos no sector da alimentación: peixarías, carnicerías e charcuterías. Tendo como destinatarios dende os pequenos postos de prazas de abastos e comercio local ata supermercados e grandes superficies.
- B. Dar continuidade ao programa de salóns de peiteado e cosmética, incluíndo as actividades de FP.
- C. Difusión de campañas e documentos do INSST e de elaboración sobre os riscos que afecten ao sector nas distintas disciplinas.
- D. Colaborar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Plan de Seguridade Viaria 2021-2025. En concreto, na análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico, na sensibilización cos nenos e nenas na Escola Galega de Prevención, na realización de campañas de difusión e xornadas técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral.
- E. Fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva. Engadindo unha visión de promoción da saúde nas empresas do sector do transporte, dado o importante peso dos accidentes por patoloxías non traumáticas.
- F. Realización dunha campaña de PRL no colectivo de condutores profesionais e xornadas técnicas sobre a prevención da fatiga e somnolencia ao volante no marco do protocolo do ISSGA e a DGT.
- G. Estudo inicial para unha proposta de campaña informativa para mellorar a PRL no persoal traballador de asistencia en estradas e mantemento das vías.
- H. Elaboración dun documento sobre os riscos e medidas preventivas no uso, asistencia na estrada, emerxencia e reparación de vehículos eléctricos.
- I. Difusión da documentación técnica sobre a PRL no sector de transporte de mercadorías perigosas.
- J. No 2026 o persoal técnico habilitado actuará na comprobación da adopción de medidas preventivas preferentemente trala comunicación de enfermidades profesionais nas actividades de limpeza e supermercados e na medidas para axentes químicos no sector de limpeza.

Para este sector incluíranse campañas específicas e accións en seguridade viaria e mobilidade sostible.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.1.3, 2.4.1, 4.2.1 e 4.2.2.



4.1.10. MONTAXE E DESMONTAXE DE EVENTOS E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

DESCRICIÓN

Tras a publicación do criterio técnico para a xestión de montaxes de espectáculos públicos e da Folla de prevención de riscos laborais na montaxe e desmontaxe de escenarios, realizaranse actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para o sector, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Actuacións centradas nos riscos máis importantes como o de caída de altura na montaxe e desmontaxe, así como na coordinación de actividades empresariais en eventos .

ACTUACIÓNS

- A. Dar difusión ao criterio técnico establecido polas comunidades autónomas e o INSST para a xestión de montaxes de espectáculos públicos e da Folla de prevención de riscos laborais na montaxe e desmontaxe de escenarios elaborada polo ISSGA.
- B. Promover a mellora da seguridade na montaxe e desmontaxe de escenarios. Unificación dos criterios e actuacións cun protocolo único participado polo persoal técnico do ISSGA que desenvolva este programa.
- C. Impulsar la sensibilización, información e asesoramento técnico ás distintas administracións competentes na realización de eventos.
- D. Realización de revisións documentais para observar como teñen organizada a coordinación de actividades empresariais na montaxe de eventos.
- E. Asesoramento ás empresas en materia de cumprimento das obrigas relacionadas coa prevención de riscos laborais no sector.
- F. Continuar a colaboración técnica coas distintas asociacións do sector para dar apoio na mellora da xestión preventiva e redución da sinistralidade nesta actividade e elaboración de forma conxunta dunha guía de boas prácticas.
- G. Actuacións polo persoal técnico do ISSGA.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.2.1 e 4.2.2.



OP 4.2 Reforzo da protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles, dos colectivos vulnerables e do emprego autónomo

4.2.1. PERSOAS TRABALLADORAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

DESCRIPCIÓN

Promover a SST de colectivos específicos como traballadores menores de idade, traballadores de idade avanzada, mulleres embarazadas, en período de lactación ou en situación de parto recente, persoas que poidan estar expostas a riscos para a reprodución, persoas con discapacidade, traballadores con pouca experiencia laboral, traballadores temporais, etc., así como con outros traballadores que teñan a condición de especialmente sensibles.

ACTUACIÓNS

- A.** Difundir o documento informativo sobre a sensibilidade química múltiple no ámbito laboral.
- B.** Difundir material divulgativo elaborado polo ISSGA orientado a fomentar a PRL en mulleres traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación.
- C.** Asesoramento ás empresas en materia de cumprimento das obrigas relacionadas cos postos de traballo das mulleres durante os períodos de embarazo e lactación.
- D.** Desenvolver accións informativas para que as empresas incorporen a perspectiva de idade como unha variable a integrar na xestión preventiva e empresarial.
- E.** Realizar colaboracións que se demanden ao ISSGA por asociacións de persoas con discapacidade para facilitar a súa participación nas accións formativas deste Instituto.
- F.** Participación no deseño e execución dun Plan de actuación dirixido a mellorar a SST de colectivos de traballadores específicos, como xente moza, temporais, traballadores de máis idade e mulleres.
- G.** Realización de campañas específicas en PRL dirixidas aos centros especiais de emprego dependentes de asociacións sen ánimo de lucro, en función da súa actividade en concreto: xardinería, recollida de papel, artes gráficas, xestión de residuos, etc. Tendo en conta que, como mínimo o 70% do seu cadro de persoal, estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se compute para estes efectos o persoal dedicado á prestación dos servizos de axuste persoal e social.
- H.** Accións de sensibilización ao tecido empresarial galego respecto ao retorno ao traballo de traballadoras que sufriran cancro de mama.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.1.4, 4.1.5 e 4.1.6.



4.2.2. SECTORES E ACTIVIDADES ECONÓMICAS FEMINIZADOS OU CON ALTA PRESENZA DE MULLERES

DESCRIPCIÓN

En Galicia hai sectores e actividades económicas que teñen a característica de estar feminizadas ou contar cunha alta presenza de mulleres.

Estes sectores e actividades económicas requiren da promoción e desenvolvemento de actuacións específicas para a integración da PRL.

ACTUACIÓNS

- A.** Contribuír, na medida do posible, á integración da igualdade nas políticas de prevención e na xestión dos centros de traballo dos sectores e actividades económicas feminizados ou con alta presenza de mulleres.
- B.** Realización de escolas de saúde laboral para redeiras, mariscadoras e percebeiras, e outras traballadoras do mar. Revisión dos protocolos a utilizar para cada actividade, realización dos recoñecementos médicos individuais. Se é posible obter unha mostra suficiente, facer un estudo colectivo e impartir formación e información a través dunha escola de boas prácticas que de resposta ás necesidades detectadas e promover, ademais da prevención de riscos laborais, a saúde integral e o seu benestar, converténdose en promotores de saúde.
- C.** Participación no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade entre mulleres e homes 2021-2027.
- D.** Documento informativo sobre o Real decreto 893/2024, do 10 de setembro, polo que se regula a protección da seguridade e a saúde no ámbito do servizo do fogar familiar. Participación co INSST no achegamento ao colectivo do servizo do fogar familiar das seguintes ferramentas preventivas:
 - Protocolo de actuación fronte a situacións de violencia e acoso no servizo do fogar familiar.
 - Avaliación de riscos e adopción de medidas preventivas no emprego doméstico.
 - Guía técnica para a prevención dos riscos laborais no servizo do fogar familiar.
- E.** Dar continuidade a estudos de saúde laboral realizados en anos anteriores e que precisan, para xerar coñecemento, ser realizados cunha determinada periodicidade.
- F.** Programa de prevención do risco químico e TME en salóns de peiteado, coas seguintes actuacións:
 - Difundir no sector o material da campaña sobre risco químico en salóns de peiteado.
 - Fomentar as prácticas de traballo seguras, especialmente no relativo á identificación e prevención do risco químico e de TME.
 - Nesta campaña buscarase a colaboración das asociacións e entidades representativas do sector.
- G.** Elaboración dun documento para campaña de prevención do risco químico e TME no persoal de limpeza.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.3.4, 2.3.12, 4.3.1 e 6.1.8.



4.2.3. ASESORAMENTO TÉCNICO E COLABORACIÓN CON COLECTIVOS DE MARISCADORAS E REDEIRAS PARA A PRL E PST

DESCRIPCIÓN

Estes colectivos son de actuación preferente para o ISSGA, que ven desenvolvendo distintos proxectos para a mellora das condicións de SST a través de estudos de saúde laboral, observando e propoñendo medidas preventivas para os seus riscos no traballo.

Como complemento á campaña para a mellora da identificación e comunicación de EP neste colectivo e xa no ámbito de PST estanse a incluír actuacións que promovan e asesoren sobre alimentación saudable, a práctica de exercicio físico e outros aspectos que incidan no seu benestar laboral.

Todo iso faise xunto coas asociacións do sector e tendo moi en conta a perspectiva de xénero e de idade, por tratarse de colectivos feminizados e nos que se constata un envellecemento do persoal sen haber unha remuda do colectivo.

ACTUACIÓNS

- A. Encontro para explicar o que nos últimos anos se fixo desde o ISSGA para estes colectivos no ámbito de enfermidades profesionais e en formación, información e colaboracións a demanda do sector.
- B. Campaña de difusión dos resultados e conclusións dos estudos de saúde laboral nos que se incluían cuestionarios sobre alimentación saudable, práctica de exercicio físico e cuestionarios relacionados coa saúde mental e emocional.
- C. Desenvolver accións para o impulso de programas de estilos de vida saudables nestes colectivos (xestión do estrés, alimentación saudable, prevención de eventos cardio e cerebrovasculares,...).
- D. Análise da posibilidade de incorporar os exoesqueletos que se están comercializando á actividade das mariscadoras.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.2, 2.3.4, 3.1.5, 6.1.7 e 6.1.8.



4.2.4. PROTECCIÓN DA MATERNIDADE NO ÁMBITO LABORAL

DESCRICIÓN

O artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, refírese á protección da maternidade no ámbito laboral.

ACTUACIÓNS

- A. Campaña informativa sobre a protección da maternidade no ámbito laboral. Nela recordarase ás empresas as súas obrigas ao respecto: avaliación de riscos laborais inicial e avaliacións adicionais, planificación da actividade preventiva, listado de postos exentos de riscos, adaptación do posto de traballo, cambio de posto, suspensión do contrato, etc.). A campaña realizarase en soporte papel (coa distribución nas empresas galegas dun tríptico informativo), páxina web e redes sociais. Nas visitas usarase o cuestionario de protección da maternidade elaborado polo ISSGA. No 2026 unha das actividades ás que se achega esta campaña é en ximnasios e instalacións deportivas.
- B. Campaña de asesoramento técnico, con visitas a empresas para comprobar posibles incumprimentos do disposto na lei de PRL respecto á protección da reprodución (artigo 25) e da maternidade (artigo 26).
- C. Ao finalizar a campaña elaborárase un informe onde se expoñan as conclusións da mesma.
- D. Campaña de sensibilización da protección da maternidade no sector de axuda a domicilio co fin de que se cumpra o artigo 26 da lei de PRL e as traballadoras contén cunha información suficiente para os dereitos recoñecidos na protección de maternidade.
- E. Contemplar en todos os documentos técnicos elaborados polo ISSGA as situacións de embarazo, parto recente e lactación.
- F. Asesoramento técnico e seguimento sobre o cumprimento do artigo 26 da lei de PRL.
- G. Actuacións no marco da Comisión para a Integración da Igualdade en Políticas de PRL, segundo o indicado na ficha correspondente deste plan.
- H. Colaboración con organizacións sindicais en informar a traballadoras de ámbitos feminizados, como coidadoras, dos dereitos en materia preventiva e de prestacións no período de embarazo e lactación.
- I. Transversalmente a figura do persoal habilitado coidará, nas súas actuacións de control e seguimento, do cumprimento das obrigas nesta materia nos centros de traballo das empresas galegas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.1.1 e 4.1.2.



4.2.5. PERSOAL COIDADOR DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR

DESCRIPCIÓN

O colectivo de persoas traballadoras de atención directa a persoas con dependencia presenta unha serie de peculiaridades que fai preciso establecer un programa específico de PRL para o mesmo, especialmente no referido á prevención de trastornos musculoesqueléticos (TME).

A actividade de axuda no fogar a persoas dependentes ten unha serie de características, como desenvolverse principalmente por mulleres e realizarse no domicilio particular da propia persoa a coidar. Cómpre aplicar actuacións específicas co fin de promover, fomentar e mellorar as condicións de seguridade e saúde laboral destas traballadoras.

ACTUACIÓNS

- A. Elaboración e distribución de documentación técnica coas principais medidas preventivas para evitar accidentes de traballo e enfermidades profesionais producidas por TME neste colectivo.
- B. Realización, con distribución de cartelaría, dunha campaña de sensibilización para a prevención de TME no colectivo, incidindo entre outros nos riscos por manipulación manual de cargas e posturas forzadas, e información sobre as axudas técnicas existentes.
- C. Campaña de información e sensibilización sobre os riscos biolóxicos e riscos psicosociais (burnout e estrés, incorporando a abordaxe da violencia no traballo) que poden afectar a este colectivo.
- D. Elaboración dunha proposta de protocolo para a prevención e actuación ante situacións de violencia externa no servizo de axuda no fogar (SAF) en coordinación con Política Social para a súa presentación e explicación na Mesa organizada pola FEGAMP.
- E. Campaña de sensibilización da protección da maternidade no sector de axuda a domicilio.
- F. Actividades para a promoción dunha formación en PRL axeitada a estes postos de traballo.
- G. Campañas e actividades de información e divulgación a traballadoras e traballadores de atención a persoas dependentes no seu fogar.
- H. Co obxecto da detección precoz das patoloxías de orixe laboral, e en especial as relacionadas cos TME, impulsar a realización dun estudo epidemiolóxico sempre que se atope unha mostra suficiente e axeitada para este estudo de saúde.
- I. Fomentar o asesoramento técnico, as boas prácticas e a implantación de medidas preventivas eficaces para facer prevención e evitar danos para a saúde.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 4.1.7 e 5.1.2.



4.2.6. PROMOCIÓN DA PRL NAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS

DESCRIPCIÓN

Na economía de Galicia, algúns sectores de tradición e peso, como a actividade agrícola, a pesca e o pequeno comercio, susténtanse fundamentalmente na actividade de traballadores autónomos. En moitos casos, este colectivo está claramente feminizado.

A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo, dedica o seu artigo 8 á PRL, recalcando o papel activo que as Administracións Públicas competentes deben de asumir en relación coa PRL destes traballadores.

En consonancia, o ISSGA ven desenvolvendo actuacións específicas de mellora da integración da PRL nos traballadores autónomos, fundamentalmente con accións de formación nos sectores arriba citados.

Asemade, esta actividade de formación e sensibilización complementase coa oferta da realización da vixilancia da saúde a este colectivo, cando exista mostra suficiente para un estudo de saúde laboral.

ACTUACIÓNS

- A. Presenza do ISSGA na Mesa do Autónomo en Galicia, que está presidida pola Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais e na que están presentes as principais asociacións deste colectivo.
- B. Dar a coñecer as funcións que desenvolve o ISSGA e o presente plan de actuación, ás asociacións presentes na Mesa do Autónomo en Galicia.
- C. Desenvolver durante o ano 2026 as actuacións propostas polas asociacións presentes na Mesa do Autónomo en Galicia e acordadas no seu seo, en función da priorización e disposición de medios do Instituto, especialmente dirixidas ao servizo público Prevención 10, á incorporación dun curso en liña que habilite para as funcións de nivel básico en PRL dirixido ao colectivo de traballadores autónomos, axuda e asesoramento técnico respecto á posición dos traballadores autónomos na normativa de PRL; e prestar asesoramento técnico, participación, formación e información cando se demande a presenza do ISSGA.
- D. Elaboración e publicación de estudos epidemiolóxicos, cando a mostra sexa suficientemente relevante.
- E. Desenvolvemento, utilizando como canle para chegar aos traballadores autónomos as asociacións presentes na Mesa do Autónomo de Galicia, de campañas en determinadas actividades ou por riscos específicos, e para colectivos de traballadores sensibles.
- F. Actuacións de asesoramento técnico e realización de xornadas técnicas específicas.
- G. Participación en congresos, feiras e exposicións específicas de traballadores autónomos, ou de sectores e actividades empresariais con alto índice de autónomos, cunha caseta informativa onde se distribúe documentación técnica elaborada polo instituto e se imparten obradoiros específicos.
- H. Fomento, entre os traballadores autónomos, do servizo público Prevención.10 e da ferramenta para os autónomos Autopreven-t.
- I. Participación do ISSGA no Grupo de Traballo de Autónomos da Comisión Nacional de SST.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.4, 2.3.4, 2.4.1, 2.6.5, 3.1.5, 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.3.4, 4.3.5, 4.3.6, 4.3.7, 5.1.9, 6.1.7 e 6.1.8.



EIXE 5: FORMACIÓN, INFORMACIÓN TÉCNICA E SENSIBILIZACIÓN EN PRL

Este eixe inclúe as **campañas de promoción da prevención e de redución da sinistralidade**, tanto de carácter xeral como as dirixidas a actividades concretas, riscos específicos ou colectivos determinados. Ademais, recóllense campañas dirixidas ás pemes e micropemes, á promoción da PRL no emprego autónomo e, en xeral, á promoción da cultura preventiva na sociedade galega.

A **formación e información** tamén constitúe unha actividade permanente do ISSGA que ten acadado un nivel recoñecido de calidade técnica e científica que cómpre manter e impulsar, entre as que cabe destacar as xornadas técnicas, a formación dos cursos que habilitan para o exercicio das funcións de nivel básico en PRL e os obradoiros e cursos eminentemente prácticos en SST que se ofertan a diferentes perfiles de persoal traballador, por actividades, por riscos e por sinistralidade, insistindo na integración da PRL no seu traballo diario.

Outro aspecto importante deste eixe é a **elaboración e difusión das publicacións** das distintas áreas técnicas para os diferentes colectivos, implicándoos como protagonistas deste material a prol da sensibilización, e tendo moi en conta a calidade técnica e a función de promoción da PRL.

Finaliza este eixe coas **actuacións dirixidas á poboación en idade escolar** con espazos como a Escola Galega de Prevención e a Aula de Prevención do Risco Eléctrico. Asemade, destacan as actuacións de sensibilización e para a aprendizaxe na formación profesional, así como a relación coas universidades e a participación institucional.

Este eixe, que principalmente acada o cumprimento do **OE 5 xerar e compartir coñecemento especializado en PRL a través da sensibilización, o asesoramento técnico e a formación**, divídese en **3 obxectivos operativos e 12 fichas de actividade**:

OP 5.1 Campañas para a difusión do coñecemento técnico

5.1.1. Campañas de promoción da prevención e de redución da sinistralidade

OP 5.2 Fortalecer a información, a formación e o asesoramento técnico

5.2.1. Oferta formativa baseada no coñecemento e na continua actualización

5.2.2. Cursos por concellos con visión eminentemente práctica en actividades

5.2.3. Cursos específicos para a prevención das EP: coidado da voz e outros a demanda

5.2.4. Alertas ISSGA, estudos e publicacións

5.2.5. Resposta técnica ás demandas que se formulen en PRL e PST

OP 5.3 Concienciación e sensibilización da sociedade galega en SST. Creación de rede de alianzas

5.3.1. Escola Galega de Prevención e Espazo das disciplinas preventivas

5.3.2. Aula de Prevención do Risco Eléctrico

5.3.3. Sensibilización e aprendizaxe na formación profesional

5.3.4. Colaboración con universidades. Rotación MIR e EIR e prácticas académicas externas dos mestrados de PRL

5.3.5. Programa de sensibilización e información en PRL nos Obradoiros de emprego

5.3.6. Xeración de conciencia preventiva. Participación institucional



OP 5.1 Campañas para a difusión do coñecemento técnico

5.1.1. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN E DE REDUCCIÓN DA SINISTRALIDADE

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións principais do ISSGA consiste en promover, en todos os ámbitos, a prevención dos riscos laborais e para isto destaca, como instrumento máis eficaz, a elaboración e difusión de campañas destinadas a actividades concretas para combater determinados riscos e, en xeral, promover a conciencia preventiva no tecido empresarial galego (entendido como empresariado e persoal traballador), mesmo chegando a toda a sociedade galega.

A execución destas campañas permítenos establecer liñas de colaboración con interlocutores sociais, entidades científico técnicas nesta materia e, en xeral, cos colectivos aos que van dirixidas. No seu desenvolvemento poden darse unha serie de pasos como, por exemplo, a elaboración da documentación e dos seus soportes, a súa presentación, difusión, xornadas e/ou foros para a promoción e o debate, etc.

Todas estas campañas están elaboradas por persoal técnico de PRL sendo este seu principal destinatario, ben para utilízalas nas súas tarefas informativas e formativas, ben por ser instrumentos de axuda no seu traballo como especialista.

Neste apartado recóllense tanto campañas que foron deseñadas e traballadas tecnicamente con anterioridade como campañas novas que se executarán no 2026.

ACTUACIÓNS

A. CAMPAÑAS NOVAS OU INICIADAS E PENDENTES DE PRESENTACIÓN

1. Difusión do Plan de actuación do ISSGA 2026. Nova

Obxectivo: a posta en valor do órgano técnico encargado da xestión e a coordinación das políticas públicas en materia de SST da Xunta de Galicia, coa participación activa dos interlocutores sociais, dando a coñecer a súa actividade anual.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Colaboradores: unidades directivas da Xunta de Galicia e interlocutores sociais presentes no Consello Reitor do ISSGA.

2. Alerta ISSGA: traballo seguro en andamios. Nova

Obxectivo: reducir a sinistralidade laboral no uso e montaxe de andamios. Asesorar sobre a elección, uso e traballos sobre andamios. Aclarar dúbidas na aplicación da lexislación. Lograr que se retiren das obras os andamios que non cumpren os requisitos normativos.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).



Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: asociacións de actividades que utilicen andamios e fabricantes.

3. Prevención de riscos nos postos de traballo en carnicerías e charcuterías . Nova

Obxectivo: protexer a saúde das persoas que traballan en carnicerías e charcuterías, identificando os principais riscos presentes no seu día a día e ofrecendo medidas preventivas prácticas para cada tarefa. Traballar con seguridade é tan importante como ofrecer un produto de calidade.

Destinatarios: prazas de abastos, tendas de alimentación, supermercados e grandes superficies.

Soportes: materiais técnicos e divulgativos en diferentes formatos (folha de prevención, tríptico e cartel) para facilitar a súa difusión e aplicación.

Colaboradores: Dirección xeral de Comercio e Consumo.

4. Prevención de riscos nos postos de traballo en peixarías. Nova

Obxectivo: protexer a saúde das persoas que traballan en peixarías, identificando os principais riscos presentes no seu día a día e ofrecendo medidas preventivas prácticas para cada tarefa. Traballar con seguridade é tan importante como ofrecer un produto de calidade.

Destinatarios: prazas de abastos, tendas de alimentación, supermercados e grandes superficies.

Soportes: materiais técnicos e divulgativos en diferentes formatos (folha de prevención, tríptico e cartel) para facilitar a súa difusión e aplicación.

Colaboradores: Dirección xeral de Comercio e Consumo.

5. Prevención dos riscos biolóxicos, ergonómicos e psicosociais no servizo de axuda no fogar (SAF). Nova

Obxectivo: promover a cultura preventiva, reducir a sinistralidade laboral e previr patoloxías como os TME, ademais de abordar outros riscos biolóxicos e psicosociais asociados a esta actividade profesional feminizada. Ofrecer pautas para a prevención e actuación ante situacións de violencia externa.

Destinatarios: persoal traballador e empresas que realizan esta actividade de coidado e atención domiciliaria.

Soportes: documentos divulgativos en varios soportes para a súa difusión.

6. Prevención de exposicións pasivas a amianto nos lugares de traballo. Nova

Obxectivo: informar ás empresas de que no caso de que existan materiais con amianto ou presuntos materiais con amianto nos seus centros de traballo teñen a obriga de identificalos e avaliar o seu risco potencial para decidir cales son as actuacións preventivas máis adecuadas co fin de evitar as exposicións pasivas.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta aliea e propia e empresas) e persoal dos SPRL.

Soportes: documento técnico específico.

7. Identificación e xestión dos materiais con amianto instalados. Nova

Obxectivo: informar sobre a necesidade de inventariar o amianto e as metodoloxías de identificación, diagnóstico e valoración do risco dos materiais con amianto instalados.



Destinatarios: concellos, profesionais da construción e edificación, persoal de SPRL e empresas.

Soportes: documentos informativos.

8. Alerta en PRL: exposición a combustibles subministrados nas estacións de servizo. Nova

Obxectivo: alertar sobre os riscos derivados da exposición a combustibles subministrados nas estacións de servizo, especialmente tras a súa consideración como axentes canceríxenos.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas) e persoal dos SPRL.

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: asociacións de empresarios de estacións de servizo.

9. Prevención do risco químico e TME no persoal de limpeza. Nova

Obxectivo: fomentar prácticas de traballo seguras, especialmente no relativo á identificación e prevención do risco químico e de TME.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas) e persoal dos SPRL.

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: asociacións e entidades representativas do sector.

10. Alerta: prevención da exposición a axentes reprotóxicos. Nova

Obxectivo: dar pautas para a identificación destes axentes e a adopción das medidas preventivas no marco do R.D. 665/1995.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas) e persoal dos SPRL.

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

11. O radon no ámbito laboral: obrigas preventivas. Nova

Obxectivo: asesorar sobre as obrigas dos titulares da actividade laboral en relación a radon no ámbito laboral.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).
Servizos de prevención.

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

Colaboradores: Consellería de Sanidade, Laboratorio de radon de Galicia, CSN e outras entidades técnicas interesadas.

12. Beneficios das pausas activas na prevención de TME, a mellora da concentración e a redución da fatiga laboral. Nova

Obxectivo: fomentar de maneira activa a integración de pausas activas regulares durante a xornada laboral.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos con directrices claras e sinxelas sobre como realizar pausas activas efectivas, incluíndo exemplos de exercicios e recomendacións sobre a frecuencia e duración das mesmas.



Colaboradores: Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF).

13. Promoción da saúde no traballo: pautas para unha alimentación saudable. Nova

Obxectivo: fomentar hábitos para unha alimentación saudable a través de pautas sobre almorzos e merendas saudables, así como consellos para organizar a fiambreira e planificar a cesta da compra.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: infografías.

Colaboradores: Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL).

14. IMPLANTA a PRL na actividade forestal. Nova

Obxectivo: promover o coñecemento dos riscos e as medidas para un traballo seguro e para diminuír a sinistralidade laboral no sector forestal.

Destinatarios: traballadores e empresas deste sector.

Soportes: material informativo e accións de formación prácticas.

15. LEMBRA PESCA. Nova

Obxectivo: prevención na pesca. Presentación dos documentos Lembra pesca e as fichas de investigación de accidentes na pesca e fichas de investigación de enfermidades profesionais.

Destinatarios: traballadores e empresas deste sector.

Soportes: material informativo.

16. Campaña de prevención da fatiga e somnolencia ao volante. Nova

Obxectivo: atallar unha das preocupacións máis recorrentes e en moitos casos por unha non adecuada organización do traballo que causan accidentes para persoal traballador e para a poboación xeral nos seus desprazamentos.

Destinatarios: empresas e persoal traballador, chegando mesmo á poboación xeral.

Soportes: documentos técnico e informativo.

Colaboracións: DGT, Sergas e Colexio Oficial de Farmacéuticos.

17. Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans. Nova

Obxectivo: reducir a sinistralidade que motiva esmagamentos e cortes con maquinaria en distintas actividades.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: material informativo e banner en web.

18. Promoción dunha xestión eficaz da PRL nos talleres de reparación de vehículos. Iniciada

Obxectivo: asesorar tecnicamente sobre os riscos laborais nesta actividade asociados á carga física e psicosocial.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas), persoal dos SP e centros de FP da familia da automoción.

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.



19. Alerta en PRL: exposición a emisións de motores diésel e aceites usados. Iniciada

Obxectivo: alertar sobre os riscos derivados da exposición aos fumes dos motores diésel e aceites usados, especialmente tras a súa consideración como axentes canceríxenos, nos talleres de reparación de vehículos.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas), persoal dos SP e centros de FP da familia da automoción.

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: asociacións de talleres de reparación de automóviles, centros de FP e asociacións de persoal autónomo.

20. Identificación de riscos nas empresas de xestión de residuos. Iniciada

Obxectivo: campaña de asesoramento técnico sobre os riscos na xestión de residuos.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: Asociación Profesional de Empresas Medioambientais.

21. Campaña sobre os riscos ergonómicos na actividade da conserva. Iniciada

Obxectivo: campaña de asesoramento técnico sobre os riscos ergonómicos na actividade da conserva.

Destinatarios: tecido empresarial da actividade (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos técnicos en varios soportes para a súa difusión.

Colaboradores: ANFACO-CECOPECA.

22. Apoio ás pemes para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión da PRL. Iniciada

Obxectivo: dar cumprimento ao principio informador da ESSTG27 de promover a inclusión da perspectiva de xénero na xestión preventiva nas empresas.

Destinatarios: pemes e persoal autónomo. Este contido incorporárase tamén como temática nas actuacións destinadas aos distintos niveis educativos.

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

23. Apoio ás pemes para a xestión da idade e diversidade xeracional. Iniciada

Obxectivo: incorporar a importancia da xestión da idade durante toda a vida laboral. Poñer en valor ás persoas de máis idade nos centros de traballo. Difusión da nota técnica de prevención do INSST.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

Colaboradores: INSST

24. Identificación do risco químico nas empresas. Iniciada

Obxectivo: sensibilizar sobre os riscos derivados da manipulación dos produtos químicos, incidindo especialmente na identificación e nas medidas preventivas fronte a este risco.



Destinatarios: poboación traballadora e empresas con exposición a este risco.

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

25. Alerta sobre as obrigas na retirada de amianto. Iniciada

Obxectivo: informar e asesorar sobre as obrigas na retirada de amianto nos edificios.

Destinatarios: empresas, comunidades de propietarios, concellos, etc.

Soportes: documentos informativos.

26. PRL nos traballos con nanomateriais. Iniciada

Obxectivo: dar pautas para afrontar os riscos derivados da exposición potencial a nanomateriais en diferentes sectores, oficios e actividades, como construción, automoción, pintura, etc.

Destinatarios: persoal traballador e empresas nas que se manipulen produtos con nanomateriais.

Soportes: documentos técnicos e divulgativos, guías sectoriais e vídeos.

27. Campaña de sensibilización para a prevención de accidentes non traumáticos durante a xornada laboral. Iniciada

Obxectivo: debido ao peso que está a ter nos últimos anos este tipo de sinistros procede a realización dunha campaña de sensibilización no tecido empresarial galego á que se sumen outras accións técnicas para reducir esta accidentabilidade.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

28. Campaña para poñer en valor ao persoal técnico de PRL e PST no ámbito público e privado. Iniciada

Obxectivo: posta en valor do traballo do persoal técnico nas distintas disciplinas preventivas e do persoal especialista en medicina e enfermería do traballo.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: material divulgativo.

Sumaranse a todas elas todas as campañas que se deseñen no marco do Plan de acción 2025-2027 da EESST 23-27.

B. CAMPAÑAS DE CONTINUIDADE

29. Chaves sobre dixitalización e persoas maiores

Obxectivo: facilitar en termos de PRL o cambio a un traballo cun peso moito maior da dixitalización. Frear a resistencia ao cambio e buscar colaboradores para o éxito.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos divulgativos e banner en web.

30. ODS e SST

Obxectivo: análise da vinculación da SST aos obxectivos de desenvolvemento sostibles.



Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documento, cartel e banner en web.

31. Apoio ás pemes para iniciar proxectos de promoción da saúde no traballo

Obxectivo: atraer ás pemes e acompañalas tecnicamente para que poidan desenvolver programas de boas prácticas e incluso certificarse como empresa saudable.

Destinatarios: persoal traballador e empresas.

Soportes: guía e folleto.

32. Campaña da importancia do coidado do sono para un traballo seguro

Obxectivo: abordar a repercusión do sono e o descanso para a saúde e o benestar das persoas traballadoras e aportar medidas preventivas, con perspectiva de xénero.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documento divulgativo.

33. Campaña en construción e afíns para a redución dos accidentes por caída de altura

Obxectivo: insistir no elevado número de sinistros evitables cunha adecuada xestión preventiva e a utilización de medios de protección de xeito especial nas medianas e pequenas obras e nos traballos sobre superficies fráxiles, en tellados, etc.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documentos técnicos.

34. Medidas dende o ámbito da PRL e da PST para incidir na redución do absentismo laboral

Obxectivo: promover entornos de traballo eficaces contra os riscos psicosociais que favorezan, entre outras medidas, a promoción dunha adecuada xestión dos riscos psicosociais, a xeración de medidas que propicien un bo clima laboral e a promoción de proxectos de retorno ao traballo tras unha baixa prolongada. Esta campaña centrarase tamén na promoción da PST con proxectos de promoción da saúde integral e hábitos saudables.

Destinatarios: empresas e persoal traballador.

Soportes: documentos técnico e informativo.

35. Campaña explicativa da Axenda nacional para a prevención do cancro de orixe profesional

Obxectivo: difundir a Axenda, na que participou tecnicamente o ISSGA, e que é necesario que se coñeza para no futuro asumir as distintas actuacións que implica o seu desenvolvemento.

Destinatarios: persoal técnico de prevención, axentes sociais, poboación traballadora, empresas e asociacións.

Soportes: material informativo.

36. Uso dos EPI no posto de traballo no sector forestal

Obxectivo: o asesoramento técnico ao persoal traballador e empresas nun sector de elevada sinistralidade para fomentar a concienciación sobre a necesidade dun uso correcto e as características dos EPI necesarios asociadas a cada posto de traballo que interveñen nos aproveitamentos forestais.

Destinatarios: persoal traballador e empresas adicadas ao aproveitamento forestal.



Soportes: documento técnico.

37. Difusión ante diferentes colectivos da Guía Camiñando dende a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo

Obxectivo: elaborar unha guía para abordar os novos desafíos psicosociais para a saúde e o benestar das persoas traballadoras e aportar medidas preventivas.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas).

Soportes: documento técnico.

Colaboradores: USC

38. Alerta nos danos das traballadoras e traballadores nas actividades de colocación de uñas permanentes e pestanas postizas

Obxectivo: poñer de manifesto o risco asociado á manipulación de produtos perigosos e a actual problemática na saúde das traballadoras pola xeneralización destas prácticas.

Destinatarios: traballadoras e empresas desta actividade.

Soportes: tríptico, cartel e banner en web.

39. Corta o risco químico, peitea con seguridade

Obxectivo: concienciación e integración da prevención do risco químico en salóns de peiteado e tratamentos de beleza polo uso continuo e cotiá de tinguaduras e outros produtos perigosos.

Destinatarios: persoas traballadoras e salóns de peiteado, alumnos dos ciclos de FP cun futuro nesta actividade.

Soportes: documento informativo, carteis, material promocional e banner.

40. Campaña de PRL nos traballos de montaxe e desmontaxe de escenarios

Obxectivo: aportar información sobre as medidas de seguridade nesta actividade a través do asesoramento técnico e comprobacións nos traballos de montaxe e desmontaxe de escenarios.

Destinatarios: persoal traballador e empresas do sector.

Soportes: documentos técnicos.

41. Alerta paneis solares en cuberta

Obxectivo: alertar sobre o risco de caída en altura na instalación e mantemento de paneis solares en cubertas e aportar recomendacións preventivas fronte a este risco.

Destinatarios: persoal traballador, empresas e instaladores que teñan que realizar estas tarefas.

Soportes: documentos técnicos e banner.

42. Prevención de riscos no manexo do tractor

Obxectivo: fomentar o uso seguro do tractor e o aumento do número de tractores con estrutura de protección en caso de envorco e do cinto de seguridade.

Destinatarios: agricultores tanto por conta propia como allea, cooperativas agrarias, técnicos e alumnado das Escolas de Capacitación Agraria. Poboación rural en xeral.

Soportes: documento técnico e divulgativo e banner.



Colaboradores: Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil de Tráfico.

43. Prevención da exposición a SCR en talleres e obras

Obxectivo: concienciar e sensibilizar ao sector sobre os riscos da exposición a SCR e as medidas de prevención e protección coas que necesariamente se deben desenvolver os traballos.

Destinatarios: persoal traballador e empresas que traballen a pedra natural e os aglomerados de cuarzo, tanto en taller como en obra.

Soportes: documento técnico informativo e banner.

44. Prevención de enfermidades da voz no ámbito laboral

Obxectivo: facilitar información e formación teórico-práctica en relación cos riscos derivados do uso continuado e sostido da voz que poden dar lugar a patoloxías vocais, os signos de alerta e as medidas de prevención.

Destinatarios: profesionais da voz.

Soportes: manual do alumnado, guía de boas prácticas e carteis.

45. Medidas preventivas no teletraballo, no uso de dispositivos móbiles e novas formas de traballo

Obxectivo: facilitar recomendacións de boas prácticas preventivas no emprego de dispositivos electrónicos portátiles para evitar o riscos ergonómicos, como os derivados da exposición a posturas forzadas e a movementos repetitivos ou a fatiga visual. Difusión da nota técnica de prevención do INSST.

Destinatarios: poboación traballadora galega por conta allea e propia.

Soportes: tríptico, cartel e banner en web.

46. NON TE CORTES

Obxectivo: reducir a sinistralidade que motiva cortes con maquinaria en carpinterías.

Destinatarios: traballadores e empresas desta actividade.

Soportes: material informativo e banner en web.

47. Prevención de riscos na escada

Obxectivo: aportar información sobre as medidas de seguridade a ter en conta antes e durante o uso da escada e para a correcta colocación da mesma.

Destinatarios: traballadores e empresas.

Soportes: Documentos técnicos e divulgativos e banner en web.

48. Traballos en cubertas: o importante é baixar con vida

Obxectivo: sensibilizar sobre o risco de caída en altura, principalmente no sector da construción, tanto aos que executan os traballos sobre cubertas, como aos promotores titulares dos edificios, e facilitar os criterios técnicos que se deben seguir para que estas tarefas se realicen de maneira segura.

Destinatarios: traballadores por conta propia e allea, empresas e titulares de edificios. Soportes: documento divulgativo, trípticos, carteis e vídeo.

Colaboradores: INSST.



49. Os Actúa do ISSGA. En viñas e en adegas

Obxectivo: difusión das medidas preventivas para evitar e minimizar os principais riscos en viñas e adegas.

Destinatarios: traballadores e empresas destas actividades.

Soportes: actualización do documento técnico.

50. Os Cóidate do ISSGA. PRL en augas minerais e termais

Obxectivo: difusión das medidas preventivas para evitar e minimizar os principais riscos en augas minerais e termais.

Destinatarios: traballadores e empresas destas actividades.

Soportes: actualización do documento técnico.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as áreas técnicas.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.2, 2.2.2, 2.3.7, 2.4.1, 2.4.6, 2.5.1, 2.5.5, 2.6.5, 3.2.1, 4.1.4, 4.1.8, 4.2.1, 4.3.1, 4.3.6, 6.1.3 e 6.2.2.

DURACIÓN

A realización de campañas ten carácter continuo, variando as temáticas a tratar.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de campañas e documentos técnicos e divulgativos.



OP 5.2 Fortalecer a información, a formación e o asesoramento técnico

5.2.1. OFERTA FORMATIVA

DESCRIPCIÓN

Anualmente realízase un traballo para facer unha oferta formativa que se adecúe tanto á perspectiva técnica como ás demandas e as necesidades que se observan no tecido empresarial galego no eido da seguridade e saúde nos centros de traballo.

ACTUACIÓNS

A. Xornadas técnicas:

- Son accións de información e formación que teñen acadado un nivel de calidade técnica e científica que cómpre manter e impulsar.
- O seu obxectivo é dar resposta ás novidades técnicas e normativas, aos avances e innovación nos procedementos de traballo e maquinaria, sectores produtivos e riscos específicos e transmitir a actualidade ao tecido técnico e empresarial galego.
- A previsión mínima do número de xornadas do ISSGA será de 20 e adaptándose cada vez máis ao modelo presencial e híbrido.

B. Seminarios técnicos:

- Son accións que impulsan a aclaración e establecemento de criterios comúns para unha mellora da xestión preventiva.
- No ano 2026 impartirase formación teórico-práctica destinada preferentemente ao persoal dos servizos de PRL sobre prevención de TME e de riscos psicosociais, tal e como se recolle nas fichas 3.2.2 e 3.2.4.

C. Cursos que habilitan para o desempeño das funcións de nivel básico de PRL:

- Realízanse na modalidade en liña.
- Priorízase o acceso aos delegados/as de prevención, persoal traballador designado e empresariado que asume persoalmente a prevención na súa empresa.
- Ofértase un curso específico para o emprego autónomo e outro para actividades de tempo libre.

D. Formación específica eminentemente práctica en PRL:

- Dirixida a aquelas actividades ou sectores con especial incidencia na sinistralidade, e/ou con escasa estrutura preventiva, multiplicidade de riscos, tanto tradicionais como emerxentes, ou ben por colectivos que precisen dunha especial tutela por parte do ISSGA para acadar melloras das súas condicións de traballo e integración das técnicas preventivas.
- Principalmente para pemes, micropemes e persoal por conta propia.

E. En colaboración:

- Organización conxunta de foros técnicos especializados en SST e actividades informativas.
- Participación do persoal técnico do Instituto en accións formativas organizadas por outras administracións, entidades, etc.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 1.3.2, 1.3.3, 2.1.4, 2.1.5, 2.3.7, 2.6.4, 2.6.5, 3.2.5, 4.1.5, 4.1.7, 4.1.8, 4.3.1, 4.3.7, 5.1.1, 5.1.2, 5.1.4, 5.1.7, 5.1.8, 5.1.9, 5.3.5, 6.1.3 e 6.2.2

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Xornadas: número e asistentes.
- Cursos básicos: número de alumnos.
- Talleres específicos: número de temas abordados e de alumnos.



5.2.2. CURSOS POR CONCELLOS CON VISIÓN EMINENTEMENTE PRÁCTICA EN ACTIVIDADES

DESCRIPCIÓN

Formación práctica impartida nos distintos concellos e dirixida a diferentes perfís de persoas traballadoras e actividades, insistindo na integración da prevención de riscos no traballo diario. Terase en conta as actividades ou sectores con especial incidencia na sinistralidade, e/ou na escasa estrutura preventiva, multiplicidade de riscos, tanto tradicionais como emerxentes, ou ben os colectivos que precisen dunha especial tutela por parte do ISSGA.

Esta formación diríxese principalmente a pemes, micropemes e persoal por conta propia. Especial relevancia adquirirán sectores con peso en Galicia como son actividades no sector forestal e na silvicultura, pesca e actividades afíns, asemade priorizaranse sectores altamente feminizados e sectores considerados pola normativa de PRL como de alto risco.

ACTUACIÓNS

A. Planificación, xestión, coordinación, impartición e seguimento dos seguintes cursos:

- Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral.
- Traballos onde se pode atopar amianto de forma ocasional.
- Prevención do risco químico no traballo en salóns de peiteado.
- PRL en tarefas de atención a domicilio.
- Técnicas e sistemas de seguridade aplicables aos traballos en altura.
- Medidas preventivas para espazos confinados.
- Seguridade en escaleiras manuais.
- PRL no ámbito forestal. Manexo de motoserra e rozadoira.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 2.3.7, 2.6.5, 4.1.7, 4.1.8, 4.3.1, 4.3.7, 5.1.2, 5.1.4, 5.1.7 e 5.1.9.



5.2.3. CURSOS ESPECÍFICOS PARA A PREVENCIÓN DAS EP: COIDADO DA VOZ E OUTROS A DEMANDA

DESCRIPCIÓN

Estímase que unha terceira parte da poboación laboral está conformada por profesionais da voz, é dicir, persoas que utilizan a voz como principal ferramenta de traballo, sen a cal non poderían desenvolver as súas tarefas con normalidade.

Teleoperadores/as, docentes, locutores/as de radio e televisión e actrices, actores e cantantes levan a cabo unha actividade laboral na que existe risco para a voz polo que, na avaliación de riscos destes postos deberían considerarse as condicións materiais e ambientais dos espazos de traballo, as condicións persoais do traballador e as condicións organizativas nas que desenvolve o seu traballo que poidan incidir neste risco e adoptar medidas para a súa prevención.

Ademais, é necesario facilitar a estes profesionais acceso a unha información e formación teórico-práctica en relación cos riscos derivados do uso continuado e sostido da voz que poden dar lugar a patoloxías vocais, os signos de alerta e as medidas de prevención, técnica e a hixiene vocal.

ACTUACIÓNS

- A. Formación teórico-práctica, impartida por persoal técnico da área de medicina do traballo do ISSGA e por logopedas, que permitirá ao alumnado coñecer os trastornos da voz, identificar os factores de risco relacionados coa súa actividade e adquirir técnicas para mellorar o uso da voz, con prácticas específicas sobre xesto corporal, xesto vocal e exercicios de quecemento vocal.
- B. Difusión dun manual cos contidos da formación para que o alumnado poida poñer en práctica as medidas, as pautas e as técnicas aprendidas nos cursos.
- C. Difusión dunha Guía de boas prácticas para a prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral e de carteis informativos con pautas para evitar as patoloxías vocais.
- D. Difusión da campaña para a mellora da SST nos centros de atención a chamadas co obxectivo de dar a coñecer os riscos característicos da actividade xunto con propostas preventivas para evitar ou minimizar danos para a saúde.
- E. Segundo a demanda ou vista a necesidade dalgunha actividades neste eido farase o estudo de sinistralidade e programa formativo e impartición dos cursos preventivos para outros colectivos.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 1.3.2, 2.3.7 e 5.1.2.



5.2.4. ALERTAS ISSGA, ESTUDOS E PUBLICACIÓNS

DESCRIPCIÓN

Elaborar, publicar e divulgar novas publicacións e documentos técnicos elaborados polo Instituto, así como difundir as publicacións e documentos realizados en anos anteriores. Entre estas publicacións e documentos distínguense: follas de prevención, trípticos, carteis, manuais formativos, fichas, guías de boas prácticas, audiovisuais, etc.

Utilización das TICs para alertar e poñer en valor determinados riscos ou situacións.

ACTUACIÓNS

- A.** Publicación de alertas na páxina web e nas redes sociais (traballo seguro en andamios, traballos en altura, cubertas fráxiles, traballo con calor, alertas climatolóxicas, presenza da avespa velutina, etc.). Incluír na web e nas redes sociais do ISSGA as alertas sobre o uso de produtos, máquinas ou equipos de traballo das que se teña coñecemento.
- B.** Incorporar a gamificación na formación e información en PRL, entre outros mediante a súa utilización nas App para achegar a prevención a persoal non especializado e colectivos máis vulnerables.
- C.** Elaboración, publicación e difusión de novas publicacións e documentos técnicos en materia de PRL, entre elas as do Observatorio Galego de Condicións de Traballo. Revisión e actualización de publicacións realizadas en anos anteriores. Constante actualización das anteriormente publicadas.
- D.** Crear un banco de fotografías de PRL por temáticas, sectores, etc. que sirvan para as nosas publicacións e calquera documentación ou asesoramento técnico.
- E.** Facilitar a difusión da información e dos contidos técnicos de prevención a persoal non especializado e aos colectivos máis vulnerables.
- F.** Actualización permanente dos contidos da páxina web do Instituto incorporando información institucional, novas de actualidade, avisos, información sobre a actividade do Instituto, publicando os documentos técnicos e de divulgación elaborados polo Instituto, así como a nova normativa existente na materia.
- G.** Difusión dos contidos nas redes sociais.
- H.** Elaborar fichas ou documentos de aqueles aspectos fundamentais do recurso preventivo e continuar coa difusión do Manual do recurso preventivo elaborado no seo do grupo CANO.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.2, 2.3.7, 2.4.3, 2.4.6, 4.1.1, 4.1.4, 4.3.5, 5.1.5 e 6.1.4.



5.2.5. RESPOTA TÉCNICA ÁS DEMANDAS QUE SE FORMULEN EN PRL E PST

DESCRIPCIÓN

Correspóndelle ao ISSGA prestar asesoramento e asistencia técnica ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Neste contexto o ISSGA tamén atende ás consultas técnicas que recibe, tanto de persoas como de entidades, sobre temas relacionados coa PRL e a PST.

ACTUACIÓNS

- A. Asesoramento técnico a demanda ao empresariado, persoas traballadoras e axentes sociais, para a mellora das condicións de SST e o cumprimento normativo, así como para o desenvolvemento de programas de PST nos centros de traballo.
- B. Resposta especializada ás consultas técnicas formuladas polos diferentes axentes e institucións.
- C. Actualización continua do persoal técnico nas disciplinas preventivas para unha resposta de calidade.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 1.2.5, 2.1.4 e 2.2.2.

DURACIÓN

Esta actividade ten un carácter continuo.

INDICADORES/RESULTADOS ESPERADOS

- Número de asesoramentos técnicos.
- Número de consultas.



OP 5.3 Concienciación e sensibilización da sociedade galega en SST. Creación de rede de alianzas

5.3.1. ESCOLA GALEGA DE PREVENCIÓN E ESPAZO DAS DISCIPLINAS PREVENTIVAS

DESCRIPCIÓN

A Escola Galega de Prevención do ISSGA ten como obxectivo que os nenos e as nenas integren o concepto de prevención, de xeito transversal e fronte aos riscos que lles son propios, dende os primeiros anos da súa formación e ata a súa incorporación ao mercado laboral, introducindo a cultura preventiva dun xeito didáctico, ameno e adecuado á súa idade.

A Escola adecúase aos riscos que se identifican máis prominentes nas primeiras etapas escolares. Así, visualízanse riscos no fogar, na rúa e na escola, fomentando que o alumnado adquira conciencia da seguridade nas actividades que desenvolve a diario, e tamén co fin de que actúe como motor de cambio nas actividades que realizan os seus proxenitores e na súa contorna.

Por outra banda, no centro ISSGA da Coruña dispónse dun espazo para visitas nas que explicar a PRL dende as diferentes modalidades preventivas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía no traballo e medicina do traballo.

ACTUACIÓNS

- A. Escola Galega de Prevención no centro do ISSGA en Pontevedra: programación de visitas cos centros educativos.
- B. Espazo das disciplinas preventivas no centro do ISSGA en Coruña: programación de visitas cos centros educativos, asociacións e calquera persoa con interese en coñecer o noso traballo.
- C. Visitas do persoal do ISSGA aos centros educativos.
- D. Elaboración de material para actividades contra o acoso escolar, o fomento da igualdade de xénero, boas prácticas ergonómicas (pesos na mochila, posturas na mesa de estudo, uso de pantallas), o fomento de xogos seguros durante o recreo, hábitos de vida saudables e práctica do deporte.
- E. Campaña de visualización da Escola de Rande e o Espazo da Coruña.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros do ISSGA da Coruña e Pontevedra.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 3.2.3, 5.2.1 e 5.2.2.



5.3.2. AULA DE PREVENCIÓN DE RISCO ELÉCTRICO

DESCRIPCIÓN

A Aula de Prevención de Risco Eléctrico ten por obxecto fundamental mellorar a formación e habilidades prácticas sobre risco eléctrico. Creouse para poñer a disposición de empresarios e traballadores, que realizan ou poden realizar actividades con risco eléctrico e que apostan decididamente pola formación práctica como ferramenta para reducir os accidentes laborais neste ámbito. A aula tamén está a disposición dos centros educativos que impartan ciclos formativos da familia profesional de electricidade e electrónica.

A dotación de equipos e medios auxiliares da aula permiten a realización práctica dos traballos máis habituais relacionados co risco eléctrico. A configuración da Aula simula a arquitectura dunha rede eléctrica de media tensión e a súa posterior transformación e distribución en baixa tensión.

O coñecemento e a aplicación correcta e sistematizada dos métodos de traballo en instalacións eléctricas é a principal vía para garantir que os traballos se realizan en óptimas condicións de seguridade.

ACTUACIÓNS

- A. Dar a coñecer a aula de prevención de risco eléctrico, difundindo os diversos traballos que se poden practicar na aula e a dotación de equipos e medios auxiliares.
- B. Contactar cos centros educativos para ofertar as instalacións nas que realizar as prácticas.
- C. Organizar as actividades e visitas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centro do ISSGA de Pontevedra.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 5.2.1 e 5.2.3.



5.3.3. SENSIBILIZACIÓN E APRENDIZAXE NA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRIPCIÓN

Dentro do sistema educativo, a formación profesional abrangue o conxunto de accións formativas estreitamente relacionadas coas ocupacións, as profesións e o mercado de traballo.

Cómpre desenvolver actuacións que introduzan ao profesorado e alumnado de formación profesional na aprendizaxe do traballo seguro, consubstancial á aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da respectiva rama profesional. Se un alumno aprende a traballar seguro incorporará este coñecemento no seu futuro profesional, evitando a adquisición de malos hábitos profesionais.

ACTUACIÓNS

- A. Oferta de obradoiros en materia de SST específicos para a respectiva rama profesional do alumnado de FP, a destacar os máis relevantes para a incorporación de postos de traballo con especial risco e sinistralidade. No 2026 realizaranse cursos de traballos en altura, risco químico, etc.
- B. Realizar visitas aos centros de FP de Galicia para fomentar e concienciar ao alumnado sobre a importancia da SST. Visitaranse centros das familias de actividades físicas e deportivas, administración e xestión, agraria, artes gráficas, comercio e mercadotecnia, edificación e obra civil, electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, hostalaría e turismo, imaxe e son, imaxe persoal, industrias alimentarias, informática e comunicacións, instalacións e mantemento; madeira, moble e cortiza; marítimo-pesqueira, química, sanidade, seguridade e medio ambiente, servizos socioculturais e á comunidade; téxtil, confección e pel; e transporte e mantemento de vehículos.
- C. Levar a cabo accións de concienciación sobre risco químico en salóns de peiteado e outros tratamentos de beleza. Alertar sobre os danos nas actividades de colocación de uñas permanentes e pestanas postizas.
- D. Difundir, en colaboración co INSST, material didáctico sobre SST relacionado coas ocupacións e as profesións das distintas ramas de formación profesional, destinado ao profesorado e alumnado desta etapa educativa.
- E. Promover visitas do alumnado e profesorado de formación profesional ao ISSGA, co fin de coñecer o seu funcionamento nas distintas disciplinas preventivas. Concurso de ideas entre os alumnos de FP para o fomento da prevención e os hábitos saudables.
- F. Aproveitar as novas tecnoloxías co fin de difundir a importancia da PRL, e de dar a coñecer as nosas actividades ás persoas que o poidan considerar de interese e difundir Alertas_ISSGA sobre determinados riscos dos que se teña constancia que poden provocar accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 3.2.3, 5.2.1 e 5.2.3.



5.3.4. COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES. ROTACIÓN MIR E EIR E PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS MESTRADOS DE PRL

DESCRICIÓN

O carácter técnico científico do ISSGA fai que manteña unha constante e continua relación co ámbito universitario, especialmente coas universidades públicas galegas. Destacar a rotación MIR e EIR e prácticas académicas externas dos mestrados de PRL.

ACTUACIÓNS

A. Colaboración coas universidades:

- Participación tanto en xornadas técnicas nas facultades e escolas universitarias como impartidos relatorios o persoal técnico co fin de facilitar información e documentación sobre PRL ao estudiantado e profesorado.
- Visitas do alumnado universitario aos centros territoriais do Instituto co fin de coñecer o seu funcionamento nas distintas especialidades preventivas.
- Proxectos de investigación sobre SST, así como en actuacións tendentes á redución da sinistralidade laboral en Galicia, colaborando no desenvolvemento de actividades académicas, científicas ou doutra índole en materia de PRL.
- Promover a importancia da PRL, que ten carácter transversal, naqueles graos universitarios cuxos profesionais asumen, pola natureza do grao, competencias propias en materia de PRL.

B. Formación teórico-práctica de MIR e EIR:

- Colaboración coa Escola Nacional de Medicina do Traballo (ENMT) na formación teórica de residentes da especialidade de MT e ET.
- O ISSGA participa na formación práctica do persoal médico interno residente (MIR) R4 da especialidade en MT do Sergas, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre o ISSGA, a Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en Galicia. Realízanse nas áreas de MT durante un mes segundo o programa oficial desta especialidade.
- No ISSGA realízanse períodos de estancia nas especialidades de enfermaría do traballo (EIR) durante dous meses.
- Colaboración con outras unidades docentes na formación de especialistas en medicina e enfermería do traballo doutras CCAA.
- Colaboración con Quironprevención para a rotación de MIR e EIR nos centros territoriais do ISSGA.

C. Formación práctica de alumnado dos mestrados universitarios en PRL

- Participación na formación práctica do alumnado dos mestrados universitarios en PRL das universidades galegas, a través dos convenios de cooperación educativa asinados con estas universidades para a realización de prácticas académicas externas nos centros territoriais do Instituto. Establecemento de criterios comúns na formación nos distintos centros do ISSGA.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7, 1.3.3 e 5.2.4.



5.3.5. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN EN PRL NOS OBRADOIROS DE EMPREGO

DESCRIPCIÓN

A través da colaboración entre os concellos de Galicia e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pónense en marcha os denominados obradoiros de emprego. Para o ISSGA preséntase como un escenario idóneo para incorporar a PRL na formación para unha actividade específica.

O obxectivo é integrar a PRL na etapa formativa e concretala nos riscos e medidas preventivas da actividade na que se están a formar.

ACTUACIÓNS

- A. Elaborar e difundir a documentación técnica específica para cada unha das actividades ás que se dirixen os módulos formativos dos obradoiros de emprego:
 - Campaña de promoción da prevención dirixida ao alumnado do módulo de atención sociosanitaria.
 - Campaña de promoción da prevención dirixida ao alumnado do módulo de xardinería.
 - Campaña de promoción da prevención dirixida ao alumnado do módulo de albanelaría.
 - Formación en primeiros auxilios para dar resposta a situacións que poidan darse no ámbito laboral.
 - Campaña de promoción da prevención dirixida ao alumnado doutros módulos.
- B. Preparar un documento de primeiros auxilios tras a revisión de la *European Resuscitation Council* (ERC) 2025 para entregar cando se realice a formación.
- C. Seleccionar determinados obradoiros para impartir xornadas polo persoal técnico do ISSGA.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.7 e 4.1.7.



5.3.6. XERACIÓN DE CONCIENCIA PREVENTIVA. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

DESCRIPCIÓN

Participar institucionalmente en actividades relacionadas coa seguridade e saúde laboral.

Contribuír á concienciación das persoas traballadoras da importancia da PRL mediante a participación en diferentes actividades, así como a xeración de cultura preventiva na sociedade galega en xeral.

ACTUACIÓNS

1. Participación institucional:

- A. Participar institucionalmente en congresos, feiras, xornadas e outras actividades relacionadas coa PRL e a seguridade e saúde laboral, tanto de ámbito autonómico como nacional ou internacional, difundindo as actividades e traballos realizados polo Instituto.
- B. Desenvolvemento de campañas e outras actividades de difusión e sensibilización con motivo do Día Mundial da SST (28 de abril).
- C. Realizar accións no marco da Semana Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo que se celebra no mes de outubro (semana 43 do calendario).
- D. Desenvolvemento de campañas e outras actividades de difusión e sensibilización con motivo da declaración do ano 2026 como ano da seguridade e saúde no traballo.
- E. Presenza institucional en foros e eventos de SST e colaboración técnica con entidades do sector da PRL ou concordantes, nas actividades que organicen. Sen carácter exhaustivo e por ser de ámbito galego e específicas de SST, menciónanse as colaboracións coa SGPRL, Aprosál, Sogametra e AETGA, así como aquelas outras asociacións profesionais ou interlocutores sociais que precisen da nosa colaboración.
- F. Encontro dos catro institutos, baixo o grupo CANO, co colectivo de mariscadoras, redeira e outros colectivos afíns no que se de a coñecer o traballo realizado polo ISSGA, IAPRL, ICASST e OSALAN para a prevención de riscos e xerar proxectos de PST. Farase un especial fincapé na identificación e comunicación de EP destas actividades, na declaración de sospeita e no impulso realizado na vixilancia da saúde. Servirá tamén para recoller as demandas para o futuro do sector en PRL e PST tendo en conta a perspectiva de xénero e a conxuntura actual das traballadoras deste sector.

2. Xeración de conciencia preventiva:

- A. Desenvolver campañas informativas de difusión, sensibilización e concienciación en temas relacionados co ámbito de competencia do Instituto, tanto propias como en colaboración con outras entidades, e tanto para as persoas traballadoras como para a sociedade en xeral.
- B. Difundir a importancia da promoción da saúde no traballo e as accións neste campo do INSST e da Rede Europea para a Promoción da Saúde no Traballo, promovendo a adhesión de empresas galegas a este proxecto.
- C. Difundir mensaxes sobre seguridade e saúde laboral nos foros de encontro entre o empresariado.



UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais. Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.1, 1.1.7, 1.3.3, 2.1.6, 2.4.5, 3.1.6, 3.2.3, 3.2.5, 5.1.3, 5.2.1, 5.3.2, 5.3.3, 5.3.4 e 5.3.5.



EIXE 6: PST E BENESTAR LABORAL

A xestión da saúde no traballo vai máis aló do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, traballar dende a empresa para a mellora da saúde e benestar do seu persoal, así como promover a cultura da saúde, dá resposta dun xeito integral á saúde das persoas, contribúe á produtividade das empresas e á súa sustentación e constitúe un dos piares da responsabilidade social empresarial dada a súa repercusión na saúde da poboación en xeral. Prevención e promoción da saúde son dous conceptos que deben ir da man e que sen dúbida comparten principios e metas a acadar, de aí a aposta da ESSTG27 e do propio ISSGA, que ven xa desenvolvendo actuacións nestes últimos anos neste eido, sen esquecer nunca o necesario cumprimento da lexislación.

Este eixe dá cumprimento ao **OE 6: potenciar accións para a promoción da saúde no traballo e a consecución do benestar laboral**. Intégranse nel **un obxectivo operativo e 5 fichas de actividade**:

OP 6.1. Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde integral das persoas nos lugares de traballo

- 6.1.1. Proxectos de PST: guía claves ISSGA saúde integral e benestar laboral na peme
- 6.1.2. Participación no Comité nacional de verificación de empresas saudables
- 6.1.3. Actuacións para o impulso da Rede Española de Empresas Saudables (REES)
- 6.1.4. Benestar emocional
- 6.1.5. Participación nas estratexias de Sanidade: Plan Inspira Saúde e Plan Obesidade Zero e outras accións en colaboración.



OP 6.1. Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde integral das persoas nos lugares de traballo

6.1.1. PROXECTOS DE PST: GUÍA CLAVES ISSGA SAÚDE INTEGRAL E BENESTAR LABORAL NA PEME

DESCRIPCIÓN

As empresas que fomentan a saúde e o benestar dos seus traballadores e traballadoras máis alá do cumprimento das súas obrigas en PRL son empresas cuxo éxito e sostibilidade é maior. A acreditación como empresa segura, saudable e sostible está intimamente relacionada co modelo de promoción da saúde definido pola Rede Europea de Promoción da Saúde no Traballo (ENWHP) e plasmado na Declaración de Luxemburgo que define a PST como “xuntar os esforzos dos empresarios, os traballadores e a sociedade para mellorar a saúde e o benestar das persoas no lugar de traballo”.

Os beneficios da xestión integral da saúde das persoas traballadoras, mais alá dos requisitos legais, pódense reflectir tanto a nivel individual (persoas que traballan) como a nivel organizativo (a empresa), ou mesmo en beneficio da sociedade no seu conxunto. Por outra banda, temos o reto da volta ou reincorporación ao traballo das persoas con baixas por enfermidade medias ou prolongadas, sobre todo nas de máis idade.

Detéctase unha dificultade para a adhesión a estes programas nas pemes e micropemes e, por outra banda, estase a reflectir un aumento dos accidentes por causas non traumáticas. Por estes motivos, o ISSGA elaborará unha guía que servirá de orientación para o desenvolvemento de programas e accións para potenciar a saúde integral e o benestar laboral na empresa.

ACTUACIÓNS

- A. Difundir a guía claves ISSGA saúde integral e benestar laboral na peme.
- B. Campaña que impulse nas pemes o desenvolvemento de proxectos de PST.
- C. Acercar os programas de PST ás asociación de polígonos industriais e ao tecido empresarial de Galicia e informar dos beneficios dunha xestión integral da saúde dos traballadores, máis aló dos requirimentos legais, e que pódense ver reflectidos tanto a nivel individual (o propio traballador) como a nivel da organización (na empresa), e en beneficio da sociedade no seu conxunto.
- D. Asesoramento técnico cara a cumprir os criterios de calidade dos programas de PST e que poidan solicitar o recoñecemento de boa práctica en PST.
- E. Informar e asesorar sobre hábitos de vida saudables, con especial atención a colectivos que presenten maiores índices por accidentes non traumáticos.
- F. Deseño de formación específica para persoal técnico de PRL como axentes do cambio para unha protección da saúde no traballo.
- G. Actualización do portal temático do ISSGA de PST.



- H. Elaboración e difusión de infografías sobre alimentación saudable dirixidas ás persoas traballadoras, en colaboración con el Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL).
- I. Elaboración e difusión de documentación sobre pausas activas no traballo, en colaboración co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF).
- J. Continuar na busca de novas alianzas coas sociedades científicas para desenvolver accións de PST dirixidas ás pemes.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.2, 4.1.5, 6.1.2, 6.1.3, 6.1.4, 6.1.6, 6.2.3, 6.2.4 e 6.2.5.



6.1.2. PARTICIPACIÓN NO COMITÉ NACIONAL DE VERIFICACIÓN DE EMPRESAS SAUDABLES

DESCRIPCIÓN

O ISSGA participa no Comité Técnico de Verificación que analiza e valora os programas das empresas que solicitan o recoñecemento de Boas Prácticas en PST e Empresa Saudable e Sustentable, así como as accións presentadas para o premio á Mellor Acción en PST (cardiovascular, saúde mental ou traballos inclusivos) e que está composto por varios representantes das administracións públicas españolas, promovido polo INSST para a acreditación como “Empresa Segura, Saudable e Sustentable”. Todo o proceso, desde o inicio, é voluntario e totalmente gratuíto para a empresa.

Ademais o integran :

- O Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST).
- O Ministerio de Sanidade.
- O Consello Superior de Deportes - Subdirección Xeral de Ciencias do Deporte.
- OS institutos de seguridade e saúde no traballo: Aragón (ISSLA), Principado de Asturias (IAPRL), Illas Baleares (IBASSAL), Canarias (ICASEL), Cantabria (ICASST), Galicia (ISSGA), Comunidade de Madrid (IRSST), País Vasco (OSALAN) e Comunidade Valenciana (INVASSAT).
- Os órganos técnicos de seguridade e saúde no traballo: Castela- A Mancha, Junta de Castela e León, Junta de Extremadura e A Rioxa.

ACTUACIÓNS

- A. Revisión dos expedientes das empresas que solicitan o recoñecemento de Boas Prácticas considerando as oito dimensións que son avaliadas polo Comité: concepto de PST, liderado, comunicación, programa multicompoñente e integrado, planificación, relevancia e xustificación, participación e motivación e colaboración e coordinación.
- B. Determinar que programas ou proxectos dos presentados son considerados unha boa práctica. Emitir un certificado de boa práctica co nome da empresa e o título do proxecto.
- C. Revisión dos expedientes das empresas que solicitan o recoñecemento de boas prácticas como empresa saudable e sustentable que conta con oito dimensións que se avalían polo Comité: solvencia, institucionalización, resiliencia difusión e replicación, beneficios, sensibilización, motivación e participación e equipo de traballo cara ao futuro.
- D. Determinar que programas ou proxectos presentados son considerados sustentables e emitir un certificado de recoñecemento como Empresa Saudable e Sustentable en PST co nome da empresa e o título do proxecto.
- E. Análise e valoración polo Comité e por un organismo/institución especialista no tema das mellores accións en PST sobre un tema concreto (saúde cardiovascular, saúde mental e traballos inclusivos). Contarase coa colaboración da Fundación Española do Corazón (FEC) e a Fundación Española de Psiquiatría e Saúde Mental (FEPSM) e coa Fundación ONCE.
- F. Seleccionar unha empresa gañadora da mellor acción e dous accésits en función da conformidade cos aspectos solicitados no formulario.



- G.** Participar na organización do Encontro Anual Aberto da Rede Española de Empresas Saudables (REES), organizado conxuntamente entre o INSST e un Instituto de Seguridade e Saúde Laboral. O do próximo ano terá como tema central “Liderado comprometido coa SST” aliñándose cos obxectivos da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 e a Estratexia de Seguridade e Saúde laboral de Galicia: Horizonte 2027. Entregarase o Recoñecemento de “Boas Prácticas en Promoción da Saúde”, o de “Empresa Saudable e Sustentable en Promoción da Saúde no Traballo”, e un Recoñecemento á “Mellor Acción en Promoción da Saúde no Traballo”, ademais concederase un premio e dous accésits ás mellores accións nas categorías de Saúde Cardiovascular, Saúde Mental e Traballos inclusivos.
- H.** Difundir os novos modelos de memorias tipo para as empresas que queren participar no recoñecemento das boas practicas en PST.
- I.** Informar sobre os criterios relacionados coas boas prácticas do programa de PST que ten en consideración o Comité.
- J.** Difusión das guías de boas prácticas en saúde mental e en nutrición saudable elaboradas no grupo de traballo.
- K.** Curso de promoción da saúde no traballo que se esta a desenvolver polo INSST dentro con Comité.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 5.3.3, 5.3.4, 6.1.1 e 6.2.1.



6.1.3. ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA REDE ESPAÑOLA DE EMPRESAS SAUDABLES

DESCRICIÓN

A Rede Española de Empresas Saudables (REES) é unha iniciativa do INSST inspirada no modelo elaborado e defendido pola ENWHP, co obxectivo de recoñecer o traballo das empresas no ámbito da mellora da saúde e benestar dos seus traballadores e traballadoras, así como promover a cultura da saúde e o intercambio de experiencias empresariais.

Unha empresa saudable significa:

- O cumprimento legal en PRL.
- Xestionar a saúde do persoal traballador desde un enfoque integral onde as accións responden a un concepto de saúde global biopsicosocial e están articuladas a distintos niveis (individual, colectivo, sobre a organización, as condicións de traballo, de vida,..) e desde un enfoque integrado dos programas de PST no sistema xeral de xestión da empresa.
- Considerar a saúde en todas as políticas da empresa.
- O compromiso da dirección e a participación activa de todos os actores implicados.

O XI Encontro Aberto de Empresas Saudables de 2026, realizarase no Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Aragón (ISSLA), sendo o tema principal o “Liderado comprometido coa SST”. Tamén terá un formato mixto de modalidade presencial e en liña, realizándose no mes de maio ou xuño.

ACTUACIÓNS

- A. Consegui que as pemes incorporen estes programas, que aportan un valor estratéxico para o seu negocio e o benestar do seu persoal, e se traducirán nunha vantaxe competitiva no mundo empresarial.
- B. Fortalecer a REES incorporando novas empresas galegas acudindo ás que están adheridas ao programa Responsabilízate da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- C. Participar e difundir as accións e actividades desenvolvidas pola REES, en resposta ao interese de xerar sinerxias co INSST e o resto de Comunidades Autónomas, para o recoñecemento do traballo das empresas no ámbito da mellora da saúde e benestar da súa poboación traballadora, así como promover a cultura da saúde e o intercambio de experiencias empresariais.
- D. Difundir entre as asociacións profesionais a REES e os programas ou intervencións de PST que poden ser do seu interese. A PST aborda, entre outros, aspectos os relativos a: alimentación saudable, exercicio físico, redución do sedentarismo, prevención de adiccións, conciliación da vida, apoio psicolóxico laboral e social e emocional, programas de retorno ao traballo logo dunha enfermidade crónica o unha baixa prolongada, compromiso social e medioambiental con a comunidade.
- E. Buscar alianzas coas sociedades científicas para desenvolver accións dirixidas as pemes.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.8, 1.3.2, 1.3.3, 5.3.4, 6.1.1 e 6.2.1.



6.1.4. BENESTAR EMOCIONAL

DESCRIPCIÓN

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), o benestar emocional é un estado de ánimo no cal a persoa dáse de conta das súas propias aptitudes, pode afrontar as presións normais da vida, traballar produtivamente e contribuír á comunidade.

A vida e as circunstancias cambian continuamente, por tanto o noso carácter, pensamentos e sentimentos tamén flutúan. Pero estes tipos de sentimentos convértense en problema cando empezan a obstaculizar a vida diaria por un prolongado de tempo.

O benestar emocional é un dos piares da saúde integral das persoas e o ámbito laboral é moi axeitado para desenvolver accións de promoción da saúde a través dun enfoque integral.

Para lograr o Benestar Emocional necesitamos atopar un balance en todos os aspectos da nosa vida: física, mental, emocional e espiritual. É a habilidade de poder gozar a vida e á vez de afrontar os problemas diarios que nos van xurdindo, xa sexa tomando decisións, lidando e adaptándose a situacións difíciles ou dialogando acerca das nosas necesidades e desexos.

A ESSTG27 contemplará actuacións dirixidas a xerar organizacións saudables e sostibles, introducindo e consolidando progresivamente do benestar laboral e impulsando programas e proxectos para o coidado da saúde mental e o benestar emocional nos lugares de traballo, que redundará na saúde das persoas traballadoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Sensibilizar ás pemes sobre a importancia de promover o benestar emocional para un ambiente laboral saudable e produtivo.
- B.** Realizar accións de sensibilización para empresas, en colaboración con sociedades científicas, colexios profesionais e universidades, dirixidas a mellorar o benestar emocional e a prevención de enfermidades mentais no persoal traballador.
- C.** Impulsar escolas de saúde laboral dirixidas a colectivos de actividades feminizadas co fin de formar e informar sobre boas prácticas e programas de promoción da saúde e do benestar integral no traballo.
- D.** Incorporar contidos na nosa páxina web sobre o benestar emocional.
- E.** Accións de sensibilización para o apoio emocional ás mulleres traballadoras tras un diagnóstico de cancro de mama en sectores feminizados e para promover un retorno ao traballo con enfoque biopsicosocial.
- F.** Sensibilizar ás empresas sobre a necesidade de elaborar procedementos de retorno ao traballo tras unha enfermidade.
- G.** Sensibilizar sobre a prevención das adicións ás novas tecnoloxías.
- H.** Difusión da guía de boas prácticas en saúde mental elaborada polo INSST e o Comité de Verificación de Empresa Saudables.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.3.2, 2.4.7, 4.1.8, 6.2.3.



6.1.5. PARTICIPACIÓN NAS ESTRATEXIAS DE SANIDADE: PLAN INSPIRA SAÚDE E PLAN OBESIDADE ZERO E OUTRAS ACCIÓNS EN COLABORACIÓN

DESCRICIÓN

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade ten activado un Plan galego de actuación multidisciplinar en tabaquismo chamado Plan Inspira Saúde 2023-2027 e un Plan Obesidade Zero en Galicia, que dá resposta ás directrices marcadas na Conferencia Mundial de Promoción da Saúde, que tivo lugar en Helsinqui no ano 2013, que insta aos gobernos a fixar como prioridade política a equidade en saúde e á participación de comunidades, movementos sociais e sociedade civil co fin de acadar a capacitación da poboación no auto-coidado e a xestión da súa saúde.

Estes plans constitúen ferramentas en marcha para a promoción da saúde da poboación que debemos utilizar para súa implantación e seguimento no ámbito do traballo e de aí a importancia da participación e colaboración do ISSGA, tal como se recolle neles.

Faise necesario reducir o impacto do ictus na nosa contorna a través das empresas e os seu persoal por iso informarlles e formarlles é fundamental na loita pola prevención desta enfermidade. Evitar os factores de risco é un elemento cruce á hora de poder reaccionar a tempo ante os sinais de alarma.

ACTUACIÓNS

- A. Colaborar na constitución da "Rede galega de empresas sen fume" contemplada no Plan Inspira Saúde 2023-2027: desenvolvemento dun programa específico de cesación do hábito do tabaco que se adapte posteriormente ás peculiaridades de cada empresa interesada e priorizando aos colectivos profesionais con maior prevalencia de tabaquismo.
- B. Colaboración no Plan obesidade Zero mediante a participación na consecución do Eixe 1: "Potenciar as contornas promotoras de saúde", en concreto no Obxectivo 3: promover os hábitos de vida saudables no ámbito laboral fundamentalmente a través do fomento da inclusión das empresas galegas na Rede española de empresas saudables prestando asesoramento e apoio de maneira prioritaria ás pemes.
- C. Concienciar ás empresas galegas sobre a importancia da PST cara a diminuír a sinistralidade por patoloxías non traumáticas, como infartos, derrames e outras patoloxías cardiovasculares, para que se impulsen programas consensuados de hábitos saudables. Colaborar co Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública nunha análise estatística retrospectiva sobre os accidentes de traballo non traumáticos.
- D. Sensibilizar sobre a prevención do ictus no ámbito laboral: xornadas técnicas en colaboración coa Consellería de Sanidade e outros actores; difundir o proxecto "espacio cerebroprotegido" da Fundación freo ao ictus. Formar ao persoal técnico do ISSGA e dos gabinetes de SST das organizacións empresarias e sindicais sobre como actuar ante un posible ictus.

UNIDADE/S RESPONSABLE/S

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.



VINCULACIÓN COA ESSTG27

Medidas 1.1.6, 1.3.4 e 6.1.3.



ANEXO I: PREVISIÓN DE RECURSOS MATERIAIS, HUMANOS E ECONÓMICOS QUE SE EMPREGARÁN NAS DISTINTAS ACTIVIDADES

EIXE 1: ÓRGANO TÉCNICO EN PRL E PST E PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS

OP 1. 1 Consolidar o papel do ISSGA como órgano técnico de referencia en PRL e PST

1.1.1. ÓRGANO TÉCNICO: ESTADO DA CIENCIA, ASESORAMENTO NA NORMATIVA, PARTICIPACIÓN NOUTRAS ESTRATEXIAS, EXECUCIÓN EN GALICIA DO PLAN DE ACCIÓN 2025-2027 DA EESST E CONSECUCIÓN DOS ODS

1.1.2. TRANSPARENCIA, XESTIÓN ADMINISTRATIVA, ECONÓMICO-ORZAMENTARIA E DE PERSOAL

1.1.3. INSTRUCCIÓN INTERNAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN. SISTEMA INTEGRAL DAS ACTUACIÓN TÉCNICAS (SESAL). IDENTIDADE CORPORATIVA

1.1.4. FORMACIÓN INTERNA PARA ACTUALIZACIÓN TÉCNICA E NORMATIVA

1.1.5. LABORATORIO DE REFERENCIA DE HIXIENE ANALÍTICA

Recursos destinados a GRUPOS DE TRABAJO, LABORATORIO E UNIDADES DE REFERENCIA:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral.

Porcentaxe da xornada laboral: 16,6% da xornada laboral de 50 técnicos/as. No laboratorio o 80% das xornadas de 2 técnicos/as e na unidade de referencia o 33% das xornadas de 5 técnicos/as.

- Económicos:

28.000€

Recursos destinados a FORMACIÓN INTERNA:

- Humanos:

Tipo de persoal: búscanse entidades ou administracións públicas con capacidade para dar a formación, co deseño e coordinación por parte do Issga.

- Económicos:

2.000€

OP. 1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo

1.2.1. OBRIGAS RELACIONADAS CO CONSELLO REITOR

1.2.2. PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS E RESPONSA ÁS SÚAS DEMANDAS TÉCNICAS

1.2.3. COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NAS POLÍTICAS DE PRL

1.2.4. COMISIÓN TÉCNICA DE PRL NO SECTOR NAVAL



Recursos destinados ao CONSELLO REITOR:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 25% da xornada de 5 técnicos/as.

- Económicos:

Non existen recursos económicos específicos.

Recursos destinados ao COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NAS POLÍTICAS DE PRL:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 10% das xornadas de 5 técnicos/as.

- Económicos:

Non existen recursos económicos específicos debido a que o custo das campañas inclúese noutra ficha.

EIXE 2: OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABAJO, INVESTIGACIÓN E ACTUACIONES DE COLABORACIÓN

OP 2.1 Observatorio

2.1.1. OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABAJO

2.1.2. OGCT: TRAMITACIÓN DOS PARTES DE AT E SEGUIMIENTO DAS COMUNICACIÓN DE EP E DAS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABAJO

2.1.3. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE OS ACCIDENTES DE TRABAJO

2.1.4. OGCT: ANÁLISE, TRATAMENTO ESTATÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE AS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E AS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABAJO

Recursos destinados ao OBSERVATORIO:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, tanto pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral, como persoal administrativo. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 80% da xornada de 1 técnico, o 10% da xornada de 4 xefes de centro, o 80% da xornada de 10 administrativos/as e o 20% da xornada de 1 técnico.

- Económicos:

31.070€



OP 2.2 Investigación da sinistralidade laboral

2.2.1. INVESTIGACIÓN DE AT

2.1.2. INVESTIGACIÓN DE ATNT POR CAUSA CARDIOVASCULAR OU CEREBROVASCULAR

2.2.3. INVESTIGACIÓN DE EP E DE ENFERMIDADES CAUSADAS OU AGRAVADAS POLO TRABALLO

Recursos destinados á investigación da SINISTRALIDADE LABORAL:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €, dos que 103.132€ destínanse ao pagamento de gardas fóra do horario da xornada laboral todos os días do ano.

Porcentaxe da xornada laboral: o 60% da xornada de todo o persoal técnico dos centros territoriais, pode haber algún axuste porque determinados técnicos/as se dediquen a determinadas cuestións específicas.

- Económicos:

126.836€

OP 2.3 Actuacións comprobatorias e de asistencia técnica

2.3.1. ACTUACIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO HABILITADO

2.3.2. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE LABORAL E Á ORGANISMOS DA SEGURIDADE SOCIAL

2.3.3. ASISTENCIA TÉCNICA Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL (ITSS)

2.3.4. ASISTENCIA TÉCNICA Á AUTORIDADE SANITARIA

2.3.5. ACTUACIÓNS PARA A AUTORIDADE XUDICIAL E FISCALÍA

2.3.6. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (SPRL)

Recursos relativos ao PERSOAL TÉCNICO HABILITADO:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte persoal técnico habilitado para o exercicio de comprobacións materiais de seguridade e saúde no traballo. Importe total Capítulo I: 6.417.011 € dos que se destinan ao pago da habilitación a través dun plus do complemento específico un total de 47.855 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 50% da xornada de 12 técnicos habilitados e o 8% da xornadas de 2 técnicos que realizan a coordinación.

- Económicos:

4.200€

EIXE 3: PROGRAMAS POR RISCOS ESPECÍFICOS E NOVOS ESCENARIOS

OP 3.1 Protección eficaz fronte a riscos específicos



- 3.1.1. PROTECCIÓN EFICAZ NO CAMIÑO CARA A UN FUTURO SEN AMIANTO. IDENTIFICACIÓN E XESTIÓN DOS MCA NOS LUGARES DE TRABALLO. ASESORAMENTO A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
- 3.1.2. XESTIÓN E COMPROBACIÓN DOS TRABALLOS CON RISCO POR AMIANTO
- 3.1.3. ASESORAMENTO PARA MELLORAR A IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN ESPECÍFICA DO RISCO QUÍMICO NAS EMPRESAS
- 3.1.4. MAPA DE RISCO QUÍMICO
- 3.1.5. MANIPULACIÓN SEGURA DE PRODUTOS COSMÉTICOS
- 3.1.6. PORTAL DO ISSGA: TRABALLO SEGURO CON NANOMATERIAIS
- 3.1.7. PARTICIPACIÓN NA AXENDA NACIONAL PARA A PREVENCIÓN DO CÁNCER DE ORIXE PROFESIONAL E DEMAIS ACTUACIÓNS FRONTE A AXENTES CANCERÍXENOS, MUTÁXENOS E REPROTÓXICOS
- 3.1.8. ANÁLISE DA XESTIÓN E CARACTERIZACIÓN DO RISCO DE EXPOSICIÓN Á SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE
- 3.1.9. RADON NO ÁMBITO LABORAL
- 3.1.10. SEGURIDADE VIARIA LABORAL

OP 3.2 Riscos derivados da nova realidade laboral

- 3.2.1. LABORATORIO DE RISCOS PSICOSOCIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS DO ISSGA NO COIDADO DA SAÚDE MENTAL
- 3.2.2. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS
- 3.2.3. RISCOS ERGONÓMICOS E PREVENCIÓN DOS TME
- 3.2.4. FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAL TÉCNICO DE PRL SOBRE XESTIÓN DE RISCOS ERGONÓMICOS
- 3.2.5. IGUALDADE LABORAL
- 3.2.6. XESTIÓN DA IDADE E DA DIVERSIDADE XERACIONAL
- 3.2.7. TRABALLOS SEGUROS E SAUDABLES NA ERA DIXITAL
- 3.2.8. RISCOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN ECOLÓXICA E CLIMÁTICA. PANEIS SOLARES. TEMPERATURAS EXTREMAS E TRABALLO
- 3.2.9. UNIDADES DE REFERENCIA EN PRL: NOVAS FORMAS DE TRABALLO E DE RESPOSTA ANTE POSIBLES CRISES DE SAÚDE FUTURAS
- 3.2.10. REDE INTERTERRITORIAL DE SST: GRUPOS DE TRABALLO

EIXE 4: PROGRAMAS POR SECTORES E POR COLECTIVOS

OP 4.1 Actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade

- 4.1.1. PLAN DE CHOQUE ANTE OS ACCIDENTES RECORRENTES E AS SITUACIÓNS DE RISCO QUE SE MANTENÉN NO TEMPO
- 4.1.2. CONSTRUCCIÓN E AFÍNS
- 4.1.3. PLAN DE GRANDES OBRAS E OBRA CIVIL
- 4.1.4. SECTOR FORESTAL, ACTIVIDADE DE SILVICULTURA. INDUSTRIA MADEIREIRA
- 4.1.5. SECTOR AGRARIO E GANDEIRO



4.1.6. PESCA E AFÍNS

4.1.7. INDUSTRIA

4.1.8. PRL NA ACTIVIDADE DE XESTIÓN DE RESIDUOS

4.1.9. SERVIZOS

4.1.10. MONTAXE E DESMONTAXE DE EVENTOS E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

OP 4.2 Reforzo da protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles, dos colectivos vulnerables e do emprego autónomo

4.2.1. PERSOAS TRABALLADORAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

4.2.2. SECTORES E ACTIVIDADES ECONÓMICAS FEMINIZADOS OU CON ALTA PRESENZA DE MULLERES

4.2.3. ASESORAMENTO TÉCNICO E COLABORACIÓN CON COLECTIVOS DE MARISCADORAS E REDEIRAS PARA A PRL E PST

4.2.4. PROTECCIÓN DA MATERNIDADE NO ÁMBITO LABORAL

4.2.5. PERSOAL COIDADOR DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR

4.2.6. PROMOCIÓN DA PRL NAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS

EIXE 5: FORMACIÓN, INFORMACIÓN TÉCNICA E SENSIBILIZACIÓN EN PRL

OP 5.1 Campañas para a difusión do coñecemento técnico

5.1.1. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN E DE REDUCIÓN DA SINISTRALIDADE

Recursos destinados a PROGRAMAS POR RISCOS, SECTORES OU COLECTIVOS E CAMPAÑAS:

• Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 50% da xornada dos técnicos/as de seguridade, hixiene industrial, ergonomía e medicina do traballo.

• Económicos:

159.295€

Enténdese tamén incluído o eixe 6.

OP 5.2 Fortalecer a información, a formación e o asesoramento técnico

5.2.1. OFERTA FORMATIVA

5.2.2. CURSOS POR CONCELLOS CON VISIÓN EMINENTEMENTE PRÁCTICA EN ACTIVIDADES

5.2.3. CURSOS ESPECÍFICOS PARA A PREVENCIÓN DAS EP E O COIDADO DA VOZ

5.2.4. ALERTAS ISSGA, ESTUDOS E PUBLICACIÓNS

5.2.5. RESPONSA TÉCNICA ÁS DEMANDAS QUE SE FORMULEN EN PRL E PST

OP 5.3 Concienciación e sensibilización da sociedade galega en SST. Creación de rede de alianzas

5.3.1. ESCOLA GALEGA DE PREVENCIÓN E ESPAZO DAS DISCIPLINAS PREVENTIVAS



5.3.2. AULA DE PREVENCIÓN DE RISCO ELÉCTRICO

5.3.3. SENSIBILIZACIÓN E APRENDIZAXE NA FORMACIÓN PROFESIONAL

5.3.4. COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES. ROTACIÓN MIR E EIR E PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS MESTRADOS DE PRL

5.3.5. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN EN PRL NOS OBRADOIROS DE EMPREGO

5.3.6. XERACIÓN DE CONCIENCIA PREVENTIVA. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

Recursos destinados á FORMACIÓN:

- Humanos:

Tipo de persoal: persoal funcionario Xunta de Galicia, na súa maior parte pertencentes á Escala de seguridade e saúde laboral e á Escala de saúde laboral. Importe total Capítulo I: 6.417.011 €.

Porcentaxe da xornada laboral: o 30% da xornada do persoal da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, o 30% da xornada de catro técnicos e o 50% de 1 técnico da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e o 30% da xornada de 2 técnicos do centro do ISSGA de Ourense.

- Económicos:

173.775€

EIXE 6: PST E BENESTAR LABORAL

OP 6.1. Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde integral das persoas nos lugares de traballo

6.1.1. PROXECTOS DE PST: GUÍA CLAVES ISSGA SAÚDE INTEGRAL E BENESTAR LABORAL NA PEME

6.1.2. PARTICIPACIÓN NO COMITÉ NACIONAL DE VERIFICACIÓN DE EMPRESAS SAUDABLES

6.1.3. ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO DA REDE ESPAÑOLA DE EMPRESAS SAUDABLES

6.1.4. BENESTAR EMOCIONAL

6.1.5. PARTICIPACIÓN NAS ESTRATEXIAS DE SANIDADE: PLAN INSPIRA SAÚDE E PLAN OBESIDADE ZERO E OUTRAS ACCIÓNS EN COLABORACIÓN

Entendese incluída no mencionado anteriormente nos recursos de programas e campañas.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Plan de actuación

ISSGA · 2026

issga.xunta.gal